Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
LICENCIAS DE USO e DOMINIO PÚBLICO Venta ambulante	C	Cambios de titularidade e outros	12
		Xestión do mercado de San Agustín	25
		Xestión do mercadillo de A Sardiñeira	160
		Convocatoria venta ambulante carnaval	7
		Convocatoria venta ambulante fiestas religiosas	13
		Convocatoria venta ambulante verano	4
		Convocatoria feria de artesanía	1
		Convocatoria carrusel	1
		Convocatoria venta ambulante San Juan	5
		Convocatoria de otoño venta ambulante castañas	4
		Convocatoria de venta ambulante de navidades	4
LICENCIAS DE USO e DOMINIO PÚBLICO Aparcadoiros Subterráneos	P	Liquidación canon aparcadoiros subterráneos	28
LICENCIAS DE USO e DOMINIO PÚBLICO Concesións demaniales de rampas	P	Nº expedientes tramitados	3
MULTAS	C	Nº expedientes tramitados	138.454
		Notificacións enviadas ó domicilio	127.199
		Notificacións practicadas no domicilio	79.811
		Notificacións practicadas na man	2.187
		Notificacións enviadas ó BOE	12.822
		Sancións ORA	68.887
		Sancións ZPR	35.693
		Sancións PDA	6.773
		Sancións manuais	27.101
		Expedientes cobrados en período voluntario	66.087
		Importe cobrado en período voluntario	3.580.586

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Alegacións presentadas	2.490
		Alegacións resoltas	460
		Expedientes con pase a informe de axente o controlador	1.587
		Recursos de reposicion interpostos	24
		Recursos de reposicion resoltos	0
		Recurso extraordinario de revisión	4
		Recurso extraordinario de revisión resuelto	0
		Expedientes informados/copia Recaudación	355
		Expedientes informados/copia TEAM	114
OUTROS	C	INSTALACIÓN BANDEROLAS nº expedientes	25
		INSTALACIÓN BUZONES CORREOS Nº expedientes	2
		INSTALACIÓN CABINAS TELEFÓNICAS Nº expedientes	0
		MUGASA Nº expedientes	11
		PUBLICIDADE Nº expedientes	3
		VALEDOR DO POBO Nº expedientes	2
		MONOPOSTES Nº expedientes	0
		VALLAS PUBLICITARIAS Nº expedientes	1
		EXPEDIENTES VARIOS Nº expedientes	17
		INFORMES VALEDOR DO POBO/DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADE DE POLICIA	5

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Execución do orzamento (%)	93,42	97,11	85,62
% contratos Mobilidade sobre total cap. II orz. mpal.	0	5,73	5,55
% subvencións cap. IV Mobilidade sobre total cap. IV presup. mpal.	0	10,42	32,2

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
Viaxes realizados con tarxetas millenium perfil xeral (%)	0	65,46	62,15
Viaxes realizados con tarxetas millenium perfiles sociais	0	23,25	27,85
Viaxes realizados con tarxetas millenium perfil universitario	0	0,92	1,64
Viaxes de enlace gratuito	0	7,2	7,38
Viaxes de enlaces abonados	0	3,17	0,99
% viaxes realizados con tarxeta millenium en relación aos viaxes totais	0	81,44	66,14
% bultos facturados en relación co total de saidas	0	2,5	1,59
% bultos recibidos en relación co total de chegadas	0	1,71	1,46
% Bultos consignados en relación col total viaxes	0	4,85	3,33
Media rexistro entrada diario	0,00	55,2	69,28
Media expedición tarxetas millenium diario	0	87,21	74,98
% Expedientes de Multas con alegacións	0	0,63	1,8
% Expedientes de Multas con recurso de reposición	0	0,2	0,02
% expedientes de Multas con alegacións resoltas	0	80	0
% Expedientes de Multas con recuros de reposición resoltos	0	60,82	0

CONCLUSIÓNS

O Servizo desenvolveu as súas funcións con normalidade durante o exercicio, abordando novos proxectos e culminado as súas tarefas anuais con eficacia. Os indicadores da xestión revelan un incremento da actividade tanto no número de solicitudes dirixidas ao Servizo, como no número de expedientes e de usuarios interesados, así como no orzamento executado. Nos últimos anos non se cubriron as vacantes por xubilación nin as baixas de longa duración (xubilacións que tamén se producirán ao longo do 2018), o que repercurte no funcionamento do Servizo, especialmente naqueles que se prestan directamente ao público.

Durante o exercicio 2017 empezouse a traballar co expediente electrónico, quedando pendentes de definir aínda parte dos procedementos, tanto por parte do Servizo como por parte do Servizo de Informática.

Ademais comezouse a traballar en Estima, que tamén estaba pendente de definir.

Todo isto supuxo unha gran carga de traballo engadida á xa existente, e en moitos casos un atraso na tramitación dos expedientes.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizo de Edificación

Responsable: Vázquez Aguilar, Alberto M.
Dirección: Praza de María Pita 1, 3ª planta
Teléfono: Ext.33101

MISIÓN

Prestar apoio técnico ao resto de Áreas municipais para a redacción de todo tipo de documentos técnicos (proxectos, memorias, informes), dirección e supervisión de obras, e dirección técnica ou supervisión de contratos de conservación e mantemento, en relación cos edificios e dependencias municipais de carácter demanial ou patrimonial, excepto vivendas e locais comerciais.

FUNCIÓNS

Procesos regulares:

- Mantemento do inventario municipal de edificios e dependencias municipais.
- Elaboración de estudos previos e de campo.
- Redacción de informes técnicos.
- Redacción de anteproxectos, proxectos básicos e proxectos construtivos.
- Supervisión e dirección de proxectos e obras.
- Redacción de pregos técnicos para a licitación de contratos de mantemento.
- Supervisión da execución técnica de contratos de mantemento.
- Elaboración de Pregos de Bases para a convocatoria de concursos de ideas.
- Valoración de ofertas técnicas (sobre B) en procedementos de licitación de servizos, obras, etc.

Proxectos singulares:

- Impulsar os aspectos técnicos vinculados á licitación da reforma das cubertas do Estadio de Riazor, mediante a elaboración en primeira instancia (mediante contrato de servizo) do anteproxecto necesario para a posterior licitación conxunta do proxecto e obra, elaboración do PPTP de esta licitación, e valoración de ofertas técnicas.
- Apoio técnico á organización da regata Tall Ships Race, na organización dos espazos de asistencia do público.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Elaborar os documentos técnicos necesarios para a contratación de obras dentro dos prazos adecuados en función da planificación realizada pola área que as promova (para inclusión en orzamentos, execución nun período determinado…)
- Conseguir a finalización das obras supervisadas ou dirixidas polo servizo sen incremento do orzamento ou prazo respecto do de adxudicación.
- Corrección das incidencias comunicadas polas empresas de mantemento ou os seus servizos responsables.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Licitar un novo contrato de servizo de Asistencia técnica para intervencións e control técnico en dependencias municipais, que deberá iniciarse antes da finalización do vixente o 31.12.2017
- Finalización do inventario de edificios e dependencias para a implantación dun sistema de información xeográfica integrado no das infraestruturas municipais, que facilite a identificación e o acceso á información sobre o propio edificio ou dependencia, e as intervencións que sobre el realizáronse.
- Mellorar a planificación das actuacións nos edificios municipais, a partir das conclusións dos plans de intervención, en coordinación cos servizos responsables da súa xestión.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	0,00	354.503,91	347.846,89
Gastos Correntes	Imputación Directa	0,00	0,00	0,00
	Imputación Indirecta	0,00	49.141,90	44.739,83
	TOTAL GASTOS	0,00	403.645,81	392.586,72

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Redacción de Estudios Previos ou Anteproxectos	P	Cantidade	2
Redacción de Plans Directores ou figuras equivalentes	P	Cantidade	2
Redacción de proxectos técnicos (LOE/CTE)	P	Cantidade	48
		Presupuesto de licitación, acumulado	7.198.180,5
Redacción de informes ou memorias para obras menores	P	Cantidade	54
Supervisión técnica de proxectos e memorias	P	Cantidade	69
Dirección de obras segun proxecto (LOE/CTE)	P	Cantidade	33
		Presupuesto de licitación, acumulado	1.262.110,88
Dirección de obras ejecutadas según memoria	P	Cantidade	18
Supervisión técnica de obras	P	Cantidade	84
Elaboración o actualización de levantamiento de edificios municipais	P	Cantidade	73

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE			
Actividade	**Clas.**	**Cuantificador**	**Resultado %**
Elaboración de informes sobre aspectos particulares de una edificación oo dependencia	P	Cantidade	12
Redacción de Plans de Intervención en edificios municipais	P	Cantidade	69
Redacción de PPTP para contratación de servizos de mantemento	P	Cantidade	16
Elaboración de informes de valoración de ofertas técnicas o economicas en licitaciónes de proxectos u obras	P	Cantidade	17

INDICADORES

CONCLUSIÓNS

- En xullo de 2017 finalizouse a preparación do novo contrato de servizo de Intervencións e control técnico en dependencias municipais, publicándose a súa licitación o 21.11.2017 (DOG 221).
- En colaboración co Servizo de Participación disponse xa dunha relación exhaustiva dos edificios e dependencias de titularidade municipal.
- No novo contrato que agora se licita inclúese unha prestación concreta para a implantación do sistema de información xeográfica, dentro da plataforma dixital municipal, para a xestión da información técnica dos inmobles (intervencións e mantementos), e a posta a disposición de módulos específicos para cada servizo responsable da súa xestión

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Urbanismo

Responsable: Pérez Novo, Hipólito José
Dirección: C/Parque, s/n
Teléfono: Ext. 59011

MISIÓN

O modelo urbanístico imperante nas últimas décadas ten producido consecuencias negativas para a cidade: degradación do casco e dos barrios históricos, privatización e perda de calidade dos espazos públicos, especulación inmobiliaria, anulación de licenzas mal concedidas, responsabilidade patrimonial pola mala xestión urbanística municipal, degradación da paisaxe, conxestión do tráfico, a perda de control público da actividade de transformación urbanística, etc.

Cómpre un cambio do modelo urbanístico centrado na rexeneración urbana, na preservación do patrimonio natural e cultural, na rehabilitación e reutilización do patrimonio construido, na mellora da calidade dos espazos públicos, na reordenación dos espazos portuarios evitando a súa privatización con fins especulativos. En definitiva, a ordenación racional dos usos do solo para conseguir un alto nivel de habitabilidade e calidade urbana ao servizo de todas as persoas e o acceso a vivenda digna e adecuada.

FUNCIÓNS

1. Formular, tramitar e aprobar os instrumentos de planeamento urbanístico.
2. Dirixir e controlar a xestión e a execución do planeamento urbanístico.
3. Intervir no exercicio das facultades relativas ao uso do solo e a edificación para garantir a súa adecuación á ordenación urbanística.
4. Xestionar o patrimonio municipal de solo.
5. Intervir na apertura de establecementos e exercicio de actividades económicas velando polo cumprimento da normativa aplicable.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

- Modificar a ordenación urbanística para dar cumprimento ás sentenzas xudiciais sobre o PXOM, preservar o patrimonio natural e cultural da cidade, mellorar a calidade dos espazos públicos e dar resposta ás novas demandas e necesidades.
- Continuar coa xestión e urbanización do solo urbanizable do Ofimático e outros ámbitos de actuación en solo urbano non consolidado.
- Axilizar a tramitación dos títulos habilitantes para a execución de obras e a apertura de establecementos para actividades económicas.
- Fomentar a rehabilitación das edificacións existentes.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	2.602.581,24	2.716.479,81	2.728.449,09
Gastos Correntes	Imputación Directa	467.691,35	357.828,09	776.584,74
	Imputación Indirecta	512.344,57	456.317,62	428.224,07
	TOTAL GASTOS	3.582.617,16	3.530.625,52	3.933.257,90

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Instrumentos de planeamento urbanístico	P	Estudos de detalle	15
		Modificacións do plan xeral de ordenación municipal	14
		Plans parciais e plans especiais	8
Xestión urbanística	P	Proxectos de equidistribución	8
		Expropiacións	7
		Proxectos de urbanización	5
		Xuntas de compensación	3
		Obtención de sistemas xerais (m2)	4.854,99
		Obtención de sistemas locais (m2)	254,45
Disciplina urbanística	P	Reposición da legalidade por infracción da Lei de emprendemento	68
		Resolucións recaídas en expedientes de reposición da legalidade urbanística	143
Títulos habilitantes	P	Licencias de obras	830
		Comunicacións de inicio de execución de obras	1.947
		Comunicacions de apertura de establecementos	1.512
Xestión do patrimonio	P	Concesións demaniais	1
		Informes sobre titularidade	210
		Expedientes de investigación	0
Rexistro	P	Número de asentos de rexistro de entrada de documentos	10.785

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
Instrumentos de planeamento	21	21	37
Títulos habilitantes para apertura de establecementos	1.524	1.411	1.512
Títulos habilitantes de execución de obras	2.391	2.487	2.777
Obtención de solo para sistemas xerais	0	7.805,81	0
Asentos rexistro de entrada de documentos	9.532	9.744	0

CONCLUSIÓNS

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Vivenda e Rehabilitación

Responsable: Codesal Barral, Natalia
Dirección: Puerto, Oficina de Rehabilitacion
Teléfono: Ext. 44157

MISIÓN

O Servizo de Vivenda e Rehabilitación e a súa Oficina Municipal de Rehabilitación atópase no ano 2017 nun local do centro comercial Los Cantones Village, na avenida do Porto. Despois da suba da renda do local arrendado por parte da concesionaria, decidiuse o seu traslado a outras dependencias, de titularidade municipal, na Estación de Autobuses, no antigo local da cafetería. As obras de reforma comezaron no mes de outubro e nos días finais de decembro fíxose o traslado da oficina.

Este Servizo municipal está formado na data de peche do ano 2017 por 18 funcionarios de carreira, un menos que no ano 2016; tamén hai que engadir ao Equipo Hábitat, integrado por 9 funcionarias interinas de programa contratadas por un período de tres anos para poñer en marcha e desenvolver o proceso de acceso a un hábitat digno das persoas residentes nos asentamentos precarios da cidade.

As principais misións do Servizo son as seguintes:

- **Fomentar a rehabilitación e a conservación do patrimonio construído**, da rexeneración dos espazos urbanos e melloras na calidade da habitabilidade das vivendas, coa dobre finalidade de conseguir elevar o nivel da calidade de vida da cidadanía e pór en valor o patrimonio cultural. As dúas competencias fundamentais para acadar estes fins son un sistema de axudas e subvencións á rehabilitación dos inmobles, e a inspección técnica dos edificios, sempre coas finalidades de conservación e de rehabilitación da vivenda.

- **Xestionar o parque de vivenda municipal**, tanto na súa finalidade de alugueiro social como de rehabilitación e de conservación do patrimonio.

- **Implementar axudas e liñas de actuacións en materia de vivenda** coa finalidade de garantir o acceso da cidadanía ao dereito á unha vivenda digna, ben con axudas concretas ao alugueiro, á compra ou outros sistemas de acceso, ben con actuacións de compra ou de adquisición de vivenda para poñela no mercado de alugueiro, tentando cumprir con obxectivos de xustiza social.

  Dentro desta misión xenérica atópase a liña de implementar e desenvolver un **proceso de acceso a un hábitat digno das persoas residentes nos asentamentos precarios da cidade**, que pretende garantir o acceso ao hábitat digno en condicións seguras, axeitadas e sostibles, traballando para eliminar a situación do chabolismo na cidade da Coruña dun xeito equitativo.

- **Velar polo cumprimento do deber de conservación e mantemento** que teñen os propietarios dos edificios e construcións, a través dos procedementos de emenda de deficiencias utilizando os mecanismos legais, ordes de execución, e

os medios de execución forzosa, así como tramitar e resolver as declaracións de ruína dos inmobles para a súa posterior construción ou rehabilitación.

FUNCIÓNS

Dentro do ámbito funcional do Servizo, ten encomendadas como principais as funcións seguintes:

SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN: tramitación das diferentes subvencións establecidas na Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles, desde preparar as convocatorias, recoller as solicitudes coa consecuente atención ao público e asesoramento, tramitación dos expedientes, resolución destes, ata preparar os pagamentos e comprobar a xustificación da subvención. As tarefas principais son as seguintes:

- Difundir os programas de axudas existentes para conservar e rehabilitar edificios no termo municipal.
- Realizar as convocatorias das axudas con apertura do prazo de solicitude.
- Recibir, rexistrar e informar as solicitudes de axudas á rehabilitación.
- Prestar todo tipo de asesoramento a entidades e particulares e beneficiarios das axudas.
- Realizar as visitas técnicas iniciais, de seguimento e finais das obras de rehabilitación subvencionadas.
- Tramitar e resolver as solicitudes no campo administrativo e xurídico.
- Xestionar os pagamentos anticipados, parciais e finais das axudas así como as súas cesións.
- Comprobar a xustificación das axudas.

Unha mención especial merécea o suposto de axudas nas Áreas de Rehabilitación Integral, en diante ARIS, actualmente Áreas de Renovación e Rexeneración Urbanas (ARRUS), que forman parte do Plan de vivenda 2013-2016, reguladas no Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, prorrogado por un ano ata 2017 polo Real Decreto 637/2016, do 9 de decembre. Neste caso, a Oficina Municipal de Rehabilitación funciona como un portelo único de información e de xestión do Plan de vivenda.

Por isto, ademais das tarefas xerais anteriores, é necesario realizar outras actuacións específicas como son as seguintes:

- Realizar estudos e diagnósticos das necesidades que existen no municipio, e elaborar propostas para aprobar as novas áreas.
- Subscribir os correspondentes convenios coa Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e co Ministerio de Fomento de adhesión ao plan cos respectivos acordos de financiamento.
- Facilitar a información e difusión destes acordos de financiamento das áreas.
- Xustificar a concesión destas axudas ante a consellaría correspondente da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, segundo establecen os convenios;
- Coordinar as actuación de rehabilitación coas de urbanización nas áreas co Servizo de Infraestruturas do Concello.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (ITE). Trátase dun instrumento xurídico coa función de garantir que se cumpran os deberes de conservación que pesan sobre o propietario, cunha dobre finalidade:

a. Evitar os fenómenos especulativos.
b. Conseguir a revitalización de zonas urbanas que presenten síntomas de degradación.

Trátase de inspeccionar os edificios que teñen unha antigüidade superior a 50 anos, aínda que, segundo a Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles, este límite temporal se establece en 40 anos, ademais dos catalogados, polo que podería inspeccionarse os edificios cunha antigüidade de máis de 40 anos, se ben debería modificarse o texto regulamentario e adaptalo á lexislación actual. Ademais da antigüidade, é necesario que non sufrisen unha rehabilitación integral.

Debe indicarse que tras a sentenza de 14.12.2017 ditada polo Tribunal Constitucional que declarou inconstitucional a normativa básica estatal en materia de inspección técnica de edificios e informe de avaliación, este Servizo está á espera de que a Xunta de Galicia aprobe a lexislación autonómica en materia de rehabilitación para modificar a ordenanza municipal e adaptala ás disposicións legais.

A finalidade é conseguir que os propietarios executen as obras necesarias de conservación e de rehabilitación, mesmo ordenando a execución destas se for necesario.

Dentro das competencias para desenvolver nestes expedientes está o mantemento do Libro de rexistro de edificios da ITE, cuxos datos son públicos, con efectos estatísticos e informativos, de conformidade coa normativa de protección de datos e do procedemento administrativo común.

XESTIÓN DE VIVENDAS MUNICIPAIS, onde se inclúen todas as actuacións que se desenvolven coas máis de 400 vivendas municipais en réxime de alugueiro, desde xestión das adxudicacións das vivendas, formalización de contratos, emisión de recibos mensuais comprensivos da renda e outros gastos de comunidade e subministracións, prórrogas e subrogacións, actualizacións e revisións de renda, etc., ata calquera cuestión relacionada coa execución ou coa modificación dos contratos de arrendamento. Tamén se levan a cabo todas as tarefas administrativas e técnicas que se desenvolven para o mantemento destas vivendas e a súa rehabilitación se fose necesaria (cómpre lembrar que o Concello ten un parque de vivendas localizadas en moitos casos en edificios de máis de 40 ou 50 anos de antigüidade).

DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIVENDA, no que se inclúen diversas funcións novas no Servizo:

- Posta en marcha da xestión do proceso de implementación e de desenvolvemento do Plan de acceso ao hábitat digno das persoas habitantes dos asentamentos precarios.
- Encomenda de xestión a EMVSA para a posta en funcionamento dun banco de vivendas en réxime de aluguer con destino a colectivos con dificultades de acceso á vivenda, complementada con diversas medidas de corte social.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Convocatoria pública para a adquisición de vivendas e edificios con destino ao aumento do patrimonio municipal de solo, integración social e finalidade de intervención no urbanismo, cunha idea de tentar a transformación do urbanismo da cidade e achegar á veciñanza a satisfacción do seu dereito a unha vivenda digna.

PROCEDEMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS NAS EDIFICIACIÓNS E DECLARACIÓNS DE RUÍNA, xa que, desde o mes de marzo do ano 2017, primeiro por resolución do 24.03.2017 do Tenente de Alcalde responsable da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible, e despois coa entrada en vigor da nova Relación de Postos de Traballo, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.08.2017 (BOP núm. 165 do 31.08.2017), creouse a Sección de Conservación da Edificación e Ruínas dentro do Servizo de Rehabilitación e Vivenda, á que se encomendou a xestión destes procedementos de corrección de deficiencias e declaracións de ruína de todo tipo de edificacións, construcións e terreos, dentro do termo municipal.

Trátase de facer cumprir aos propietarios dos inmobles o seu deber de conservación e rehabilitación, intervindo a través de ordes de execución que obriguen ao cumprimento deste deber. É necesario incoar procedementos ante diversos motivos, como partes da Policía Local ou Servizo de Bombeiros, denuncias particulares, inspeccións de oficio, ITES desfavorables, etc.. Tramítase todo o procedemento ata conseguir acadar a emenda ou corrección das deficiencias detectadas. O punto máis conflitivo é lograr a notificación aos interesados, pois en moitas ocasións non se coñecen e resulta necesario facer unha labor de indagación da identificación e do enderezo moi complexa. Hai un uso habitual de medidas coercitivas como as multas, e en ocasións, é necesaria a execución subsidiaria polo concello das obras, sobre todo nos casos de medidas urxentes.

Tamén se instrúen e tramitan as declaracións de ruína de inmobles, de oficio ou a instancia de parte, a través de un expediente contraditorio, onde se analiza toda a documentación do inmoble e a súa realidade física, para emitir un ditame pericial, de contido técnico, no que se conclúa a posible situación ou non de ruína, a súa clasificación e as medidas de seguridade necesarias, de ser o caso. Incluso, no caso de determinar que non hai situación de ruína, é necesario incluír as obras que se deben realizar para a rehabilitación do inmoble. É necesario seguir o procedemento fixado na ordenanza, co trámite de audiencia antes de ditar a resolución e determinar e valorar as obras necesarias para a rehabilitación, no caso de que se determine esta obriga. Son procedementos que teñen moitas incidencias na súa tramitación, xa que existen diferentes intereses contrapostas no mesmo inmoble.

XESTIÓN DO SERVIZO

Neste apartado analizaranse as funcións desde os tres seguintes aspectos: técnico, xurídico-administrativo e económico-orzamentario.

I. XESTIÓN TÉCNICA: que inclúe as diferentes tarefas que desenvolve o persoal técnico do servizo, entre as que as máis significativas son as seguintes:

- Redacción de proxectos de obras.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Redacción de pregos de prescricións técnicas para contratar anteproxectos, proxectos, obras, asistencias técnicas, etc.
- Redacción de informes e documentos técnicos.
- Emisión de informes en expedientes administrativos de inspeccións técnicas de edificios, emenda de deficiencias nas edificacións e declaracións de ruína de inmobles, e solicitudes de subvencións.
- Direccións de obras.
- Visitas de inspección e comprobación, sobre todo de fin de obra.

II. XESTIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA: na que se levan a cabo diferentes funcións en diversas áreas de xestión:

A. CONVENIOS subscritos con outras administracións ou entidades para executar actividades subvencionadas en relación coa vivenda ou rehabilitación de inmobles, desenvolvendo as tarefas necesarias de verificación da documentación, aprobación do texto e sinatura, así como comprobar a xustificación da subvención outorgada. Inclúense tamén os pagamentos anticipados e a xestión dos pagamentos a conta e finais.

B. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DE OBRAS, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS, que abarca todas as tarefas de tipo administrativo, desde a súa preparación, adxudicación e notificación, ata a execución e pagamento. Os contratos teñen por obxecto executar as obras de conservación ou de mantemento e de rehabilitación de vivendas municipais, asistencias técnicas necesarias para realizar as devanditas obras, ou procurar solucións a problemas técnicos concretos en instalacións que existen nas devanditas vivendas, así como contratos de subministracións.

Dentro deste apartado débense diferenciar as seguintes categorías:

1.- Contratos menores, nos que todos os trámites se realizan no Servizo.

2.- Procedementos negociados, distinguindo con e sen publicidade, e realizando no primeiro caso todas as tarefas e documentos administrativos necesarios para a súa preparación e envío ao Servizo de Contratación, para a súa licitación e adxudicación. Unha vez que comeza a execución do contrato, o Servizo encárgase de todas as incidencias que poidan xurdir nel, resolvendo todas as cuestións ou dúbidas xurídicas e/ou técnicas que xurdan tanto desde o ámbito municipal como por parte do contratista.

No caso de negociados sen publicidade, realízanse as funcións anteriores se a súa licitación e adxudicación se vai tramitar no citado Servizo de Contratación, pero se se decidiu que se tramiten no propio Servizo de Vivenda e Rehabilitación, lévanse a cabo nel todos os labores administrativos necesarias para iniciar o expediente de contratación, redactando os pregos e abrindo a fase de licitación coa valoración das ofertas presentadas, chegando a realizar a adxudicación e ocupándose de todas as dilixencias de apertura da documentación administrativa e técnica, corrección e mesmo valoración das ofertas incursas en baixa temeraria. Posteriormente, desenvólvese a fase de adxudicación, co requirimento de garantía e a documentación necesaria legalmente, ata a formalización do contrato.

3.- Procedementos abertos nos que, do mesmo xeito que nos procedementos negociados con publicidade, realízanse as tarefas e os documentos administrativos necesarios para

preparalos e envialos ao Servizo de Contratación, para que se liciten e adxudiquen. Unha vez comeza a execución do contrato, o Servizo encárgase de todas as incidencias que poidan xurdir, resolvendo todas as cuestións ou dúbidas xurídicas que xurdan tanto desde o ámbito municipal como por parte do contratista.

En todos os tipos de procedementos, o persoal técnico do Servizo redacta os proxectos técnicos necesarios para executar as obras, así como os pregos técnicos dos contratos de servizos e de subministracións con contido específico relacionado coas materias técnicas.

C. REXISTRO E INFORMACIÓN: na que desenvolve tarefas propias dunha oficina de información e de atención ao público:

- Información e asesoramento presencial no mostrador da oficina.
- Xestión da páxina web de vivenda e portelo de transparencia.
- Rexistro de entrada e saída de documentos.
- Emisión de certificacións e copias de documentos.

D. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES, en diversas materias como incidencias de contratos, onde se inclúen desde prórrogas, revisións de prezos, devolucións de garantías, ata calquera cuestión relacionada coa execución ou modificación do contrato; tramitación das diversas fases dos procedementos de ITE, emenda de deficiencias nos edificios a través de ordes de execución, declaración de ruína de inmobles, e subvencións, con requirimentos de documentación e corrección de solicitudes, trámites de audiencia, resolución inicial, resolución definitiva, ordes de execución, imposición de multas coercitivas, execucións subsidiarias, pagamentos e xustificacións de subvencións, solicitudes de subvencións a outras administracións, execucións de sentenzas e calquera outra relacionadas cos diferentes expedientes que se tramitan no Servizo.

III.- XESTIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO GASTO, tendo en conta todas as fases de autorización, compromiso e recoñecemento de cada pagamento que se tramita en relación ao orzamento de gasto do Servizo. Ademais, realízanse tarefas de elaboración das fichas do orzamento, xeracións de crédito, tramitación de anticipos de caixa fixa, tramitación das operacións contables, control e seguimento dos pagamentos realizados en concepto de subvencións e axudas á rehabilitación, e xustificación de subvencións e convenios.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

Fundamentalmente serían as 3 seguintes:

1. SUBVENCIÓNS

Este campo é o máis importante do servizo, por ser o que se dirixe a máis cidadáns, e o que ten a maior reserva orzamentaria.

Nos datos de resultado das actividades realizadas pódese ver o esforzo económico que o Concello ven de realizar nos últimos tres anos para dotar con fondos propios o sistema de axudas á rehabilitación en edificios e vivendas. Ademais vense executando na súa

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

totalidade nos últimos anos, aínda que a maioría das subvencións non se paguen no ano ao que se imputan orzamentariamente ao ser necesario obter licenza para comezar as obras, e a súa execución e finalización para o pagamento da axuda. Con todo, en ocasións realízanse pagamentos parciais a conta do gasto total que permiten ir pagando a obra a medida que se vai executando.

Realízase unha pequena comparación con datos de achega municipal con fondos propios a este sistema de subvencións nos últimos catro anos, segundo o orzamento inicial:

TIPO SUBVENCIÓN	ANO	IMPORTE ORZAMENTADO
Elementos comúns e habitabilidade	2017	1.200.000 €
	2016	771.604,55 €
	2015	800.000 €
	2014	800.000 €
Instalación ascensores – accesibilidade	2017	1.450.000 €
	2016	1.200.000 €
	2015	1.150.000 €
	2014	1.000.000 €
Áreas de rehabilitación integral – achega municipal	2017	0 €*
	2016	1.451.520,45 €
	2015	0€
	2014	450.000,00 €*
Mellora imaxe urbana e cartelería ámbito PEPRI	2017	0 €
	2016	80.000 €
	2015	80.000 €
	2014	250.000 €
Soterramento de cableado exterior	2014	50.000,00.- €
TOTAL ACHEGA MUNICIPAL SUBVENCIÓNS REHAB.	2017	2.650.000 €
	2016	3.503.125 €
	2015	2.030.000 €
	2014	2.550.000 €

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

*No ano 2017 non se convocaron ata recibir o convenio da prórroga en decembro; xestionaranse no 2018. No 2014 de xeito excepcional dedicáronse fondos municipais para completar actuacións xa que non chegara o financiamento externo para todas as solicitudes.

Para poder facer a comparación entre estes datos, é necesario restar a achega municipal nas áreas de rehabilitación integral no ano 2016, pois no ano 2017 non se produce a convocatoria das subvencións na prórroga do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016 ata o mes de decembro do 2017 no que se recibiron os convenios asinados co Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia. Por tanto, a cifra a comparar no ano 2016 é de 2.051.604,55 €.

Resulta así un incremento orzamentario no ano 2017 respecto do 2016 dun 28%, despois do incremento no 2016 dun 75% a respecto do ano anterior e de case un 50% en comparación ao ano 2014.

2. INSPECCIÓN DE EDIFICIOS

É un dos procedementos máis complicados de cantos se realizan no Servizo de Rehabilitación e Vivenda, xunto cos procedementos de corrección de deficiencias e declaracións de ruína dos inmobles. Estes procedementos tentan acadar o cumprimento por parte da propiedade da súa obriga de rehabilitación e de conservación dun inmoble; na súa tramitación aparecen problemas debido a intereses diferentes entre copropietarios, dificultades económicas, anhelos especulatorios, arrendamentos de renda antiga, locais comerciais que dificultan as obras, etc.

Aínda así, no 2016 logrouse iniciar máis de 150 expedientes con requirimentos novos para presentar a ITE e así acabar con todas as edificacións do ámbito PEPRI. Neste ano 2017 están en tramitación como consecuencia dos requirimentos do ano pasado 495 expedientes, logo de ter que esperar o prazo dun ano para que os propietarios presenten o informe de inspección ou de avaliación de edificios.

A dificultade realmente estriba en conseguir tanto a presentación deste acta como acadar o cumprimento da obriga de executar as obras, se é que a ITE non é favorable. Ademais, con bastante asiduidade, existen problemas de localización dos propietarios para notificalos, así como desavinzas entre copropietarios que dificultan enormemente a consecución do obxectivo final: a rehabilitación do edificio.

Co ánimo de fomentar esta rehabilitación, implantouse xa hai máis de dez anos todo o sistema de subvencións ás obras de rehabilitación tanto con financiamento integramente municipal como compartida con outras administracións.

Por último, neste ámbito tamén se realizan tarefas para toda a gravación informatizada do Libro Rexistro de Edificios da ITE e das subvencións á rehabilitación de edificios nun sistema de información xeográfico (XIS) que permita organizar, almacenar, manipular e analizar unha cantidade inmensa de datos procedentes da realidade vinculada a unha referencia espacial.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

3. XESTIÓN DE SISTEMAS DE ACCESO Á VIVENDA

As liñas de actuación en materia de vivenda para garantir o dereito constitucional ao acceso a unha vivenda digna deben constituír un dos principais desvelos do servizo, pois entendemos que, ademais da xestión de alugueiros das vivendas municipais que se veñen realizando desde hai anos, poden implantarse novos recursos que permitan garantir a vivenda e o seu acceso a toda a veciñanza.

Considérase que poden implantarse medidas económicas ademais das axudas á rehabilitación, como subvencións ao alugueiro no mercado libre para determinados colectivos especialmente sensibles, ou mesmo procesos de realoxo de habitantes de asentamentos precarios, en colaboración coa área municipal de xustiza social e coidados.

No ano 2017 destacan tres actuacións fundamentais, ademais dunha encomenda xeral que se realizou a EMVSA no mes de setembro para a realización dun estudo global do parque inmobiliario da cidade e demandas cidadás en materia de vivenda, logo de dar os primeiros pasos no ano 2016 con outro tema de especial transcendencia no eido da vivenda e da rehabilitación edificatoria: un catálogo de edificios abandonados, en ruína e solares sen edificar na cidade.

As tres actuacións fundamentais son as seguintes:

1.POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE ACCESO A UN HÁBITAT DIGNO: neste ámbito, no 2016 déronse os primeiros pasos para levar a cabo un proceso de implantación do Plan de acceso a un hábitat digno de persoas habitantes dos asentamentos precarios na cidade, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 17 de xuño de 2016.

Este proceso pretende garantir o acceso ao hábitat digno en condicións seguras, axeitadas e sostibles, traballando para eliminar a situación do chabolismo na cidade da Coruña dun xeito equitativo. Todas as persoas habitantes dos asentamentos están nunha situación de precariedade habitacional. Este feito relaciónase no ámbito físico coa carencia de vivenda e dun entorno en condicións mínimas de habitabilidade e salubridade; no ámbito xurídico, coa carencia duns dereitos recoñecidos sobre a súa vivenda; e no ámbito social coa situación de desigualdade e exclusión xerada como consecuencia desta condición de precariedade residencial mantida ao longo do tempo. No plano xurídico, o concello tenta modificar a situación de precariedade habitacional das persoas que habitan os asentamentos garantindo o dereito a condicións de vida dignas.

No mes de marzo de 2017 empezou a traballar o equipo completo de persoal dedicado a este proceso que ten como finalidade a inclusión social, habitacional e laboral dos residentes nos tres asentamentos existentes na cidade: A Pasaxe, O Portiño e As Rañas.

O primeiro paso para tentar buscar alternativas habitacionais, deuse coa aprobación da "*Instrución para establecer o procedemento de asignación de vivendas municipais no marco do proceso de acceso a un hábitat digno das persoas habitantes dos asentamentos precarios na Coruña"*, por resolución ditada o 20 de febreiro de 2017 polo Tenente de Alcalde responsable da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á

Vivenda e Mobilidade Sostible, por delegación da Xunta de Goberno Local, e publicada no BOP núm. 43 do 03.03.2017.

Esta aprobación supuxo un paso importante para os primeiros realoxos no asentamento de A Pasaxe, que ademais estaba ameazado pola inminente execución da Sentenza do 18/06/2015 (recurso de apelación 4148/2015) ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que obrigou ao concello ao realoxo dos afectados no asentamento polo derrubo da antiga nave industrial de A Toxa. Isto supuxo que o equipo hábitat tivera que actuar con celeridade nos seus primeiros realoxos, que se produciron en vivendas municipais, tras a aprobación da citada Instrución.

O plan de acceso aprobado ten carácter integral e dirixe as súas accións para restaurar as tres áreas fundamentais que se encontran vulneradas nas persoas residentes de asentamentos precarios. Estas áreas son: a habitacional, a social e a laboral. Para afrontar todas elas considérase esencial garantir o acceso igualitario a un hábitat digno das persoas residentes nos asentamentos precarios da Coruña. Cómpre destacar a complexidade que envolve aos colectivos en grave risco de exclusión social e, en concreto, de etnia xitana debendo favorecer o traballo en rede con todos os axentes involucrados co colectivo.

Ao longo desta anualidade o Equipo comeza a traballar realizando un diagnóstico pormenorizado de cada asentamento, concluíndo na realización dun ámbito e un grupo de intervención prioritarias para o 2017. Considerouse que debido ás desfavorables condicións de salubridade e habitabilidade do asentamento da Pasaxe, e a situación de grande inseguridadee xurídica e económica destas familias, o Equipo debía centrar a súa intervención de carácter habitacional neste asentamento. Con todo, deixouse aberta a opción de traballar a nivel residencial con familias doutros asentamentos, ou beneficiarias dalgún plan de similar natureza, se circunstancias excepcionais ou de emerxencia así o requirisen.

Nos outros planos considerouse axeitado traballar nos tres asentamentos. A nivel de inserción laboral decídese traballar nos tres asentamentos, seleccionando os posibles beneficiarios de intervención da orientación laboral segundo o nivel de formación e/ou nivel laboral. Realizáronse, dentro do grupo de persoas en idade e condicións de traballar, deseños de itinerarios individualizados, como a selección do colectivo destinatario de actividades e formación de carácter prelaboral.

No plano sociocomunitario, ademais dos tres asentamentos, abordouse o colectivo residente en Orillamar, mediante un traballo continuado nos edificios de propiedade municipal. Os traballos centraranse na mellora da convivencia veciñal e do cumprimento das obrigas dos residentes en relación aos pagos das rendas no marco dunha mediación social.

A partir de xuño de 2017 o Equipo comeza paulatinamente a realizar labores de seguimento de familias beneficiarias do *Programa de erradicación do chabolismo* conveniado con Afundación. Neste programa estaban adheridas 24 familias procedentes do erradicado asentamento de Penamoa. O convenio esta entidade finalizou con data do 31 de decembro sendo substituído pola encomenda de xestión a Emvsa, S.A.U., para a posta en funcionamento dun banco de vivendas de alugueiro con destino a colectivos con dificultades de acceso á vivenda. Ademais, por primeira vez fixose realidade o feito

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

de que tanto os cesionarios das vivendas deste programa como os arrendatarios das vivendas municipais, aboasen as cotas pola cesión ou as rendas polos arrendamentos, iniciándose por primeira vez a corresponsabilidade de obrigas por parte das familias realoxadas, que ata o de agora non aboaran ningunha cantidade pola cesión. Con todo isto téntase dar os primeiros paseos para un camiño de normalización do acceso a unha vivenda digna.

Como último aspecto cómpre destacar as relacións de coordinación establecidas cos diferentes servizos doutros concellos implicados, no pasado e no presente, con exresidentes dos asentamentos precarios da Coruña.

2. ENCOMENDA DE XESTIÓN A EMVSA PARA UN BANCO DE VIVENDAS EN RÉXIME DE ALUGUER CON DESTINO A COLECTIVOS CON DIFICULTADES DE ACCESO: o Concello trata de paliar a dificultade de acceso a unha vivenda que teñen diversos colectivos na cidade, e no 2017 deu os primeiros pasos para poñen en funcionamento unha bolsa de aluguer de vivendas con renda reducida, tanto de vivendas municipais como de vivendas no mercado libre, a través de convocatorias públicas que garanten os principios de publicidade, transparencia e igualdade de oportunidades.

O mecanismo que mellor se adaptou a esta liña de actuación foi a encomenda de xestión a EMVSA, que entre as súas finalidades e obxectivos, segundo os seus estatutos, está promover o estudo, a promoción, a xestión ou a execución de calquera tipo de actividade urbanística, así como de promoción de vivenda, dentro do termo municipal da Coruña; así, a Xunta de Goberno Local aprobou a encomenda de xestión á devandita entidade no acordo adoptado na súa sesión de data 26 de outubro de 2017 publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 214 do 10/11/2017.

Esta encomenda supón articular un sistema de aluguer entre os propietarios das vivendas e EMVSA, e a posterior cesión das vivendas en réxime de cesión de uso ás unidades de convivencia por parte da empresa municipal. Este é un proceso de acceso gradual ás vivendas polos colectivos con dificultades que lles permitise nun primeiro momento acceder á vivenda cunha renda reducida e outras posibles medidas temporais, e de xeito paulatino ir aboando a totalidade da renda no caso de que cambiaren as súas circunstancias económicas e de inserción social, de ser o caso.

Na súa posta en marcha, EMVSA de xeito inicial asumiu os 24 alugueiros que a Fundación Obra Social Caixa Galicia, na actualidade AFundación, tiña no seu programa de erradicación do chabolismo, para o que subscribira un convenio nominativo co concello desde o ano 2014, e que rematou no mes de decembro do 2017, tras comunicar a súa intención de finalizalo no ano 2016.

Este programa espera poñelo en marcha o concello coa encomenda a EMVSA ao longo do ano 2018, no que se prevé aprobar as bases reguladoras da bolsa de aluguer, abrir as convocatorias tanto para captar vivenda como para a participación das unidades de convivencia, e que EMVSA asine os primeiros contratos de arrendamento cos propietarios para poder despois asignar as primeiras vivendas en réxime de cesión ás unidades de convivencia, logo da súa puntuación e valoración segundo as devanditas bases.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

3. AUMENTO DO PARQUE MUNICIPAL DE VIVENDA CON DESTINO A ALUGUER SOCIAL: a corporación municipal abriu unha nova liña en materia de vivenda, tentando aumentar o parque municipal de vivenda con destino a aluguer social, xa que desde os anos 2010 e 2011 non se incorporou ningunha vivenda ao patrimonio municipal, tras a entrega por parte do Instituto Galega de Vivenda e Solo de 67 vivendas, logo das novas construcións de edificios en Novo Mesoiro e Avenida de Monelos.

O procedemento axeitado, consonte coa normativa de patrimonio das administracións públicas, e utilizado para a nova adquisición foi a través dunha convocatoria pública para a adquisición de vivendas e edificios con destino ao aumento do patrimonio municipal de solo, integración social e finalidade de intervención no urbanismo, cunha idea de tentar a transformación do urbanismo da cidade e achegar á veciñanza a satisfacción do seu dereito a unha vivenda digna.

Así, con data 19/05/2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as Bases reguladoras da convocatoria pública para a adquisición, acordo que se publicou no BOP núm. 99 do 29/05/2017. Despois, de novo por acordo da Xunta de Goberno Local do 02/06/2017, abriuse a convocatoria para participar neste procedemento, cun prazo de dous meses, que finalizou o 14/08/2017. O orzamento inicial previsto foi de 1.260.000 €. Dentro deste prazo presentáronse 45 ofertas aos 2 lotes, lote 1 de pisos e vivendas unifamiliares, e lote 2 de edificios, incluídos os que estiveran en estado de abandono ou declarados en ruína.

Despois de todo o proceso de selección e valoración das ofertas, a comisión de valoración finalmente aceptou 13 ofertas para valorar e taxar. Logo da renuncia presentada pola entidade propietaria dunha vivenda, quedaron de xeito definitivo 12 ofertas que o concello valorou e a empresa taxadora externa contratada ao efecto taxou. Fíxose unha contraoferta aos 12 propietarios segundo o establecido nas bases, xa que o crédito inicial abondaba para a adquisición dos 12 inmobles ao prezo calculado consonte cas devanditas bases.

O resultado final de todo o proceso foi a compra dos seguintes 6 inmobles:

Enderezo	Prezo da adquisición
Rúa Joaquín Martín Martínez, 10- 4ºA	54.575,00 €
Rúa Santander, 23- 3º	91.290,30 €
Rúa Almirante Mourelle, 62- 1º esquerda	51.680,00 €
Rúa Barrera 30, 3º	69.230,77 €
Rúa Fe, 8- 3º	51.480,00 €
Rúa Agra de Bragua, 11- 4º dereita	64.672,04 €

Cómpre indicar que o método de valoración empregado nas bases ten como valor inicial o valor catastral dos inmobles, e este concello realizou a súa última revisión no ano 1997, polo que este concepto está moi anticuado. Quizá debería estudarse a posibilidade de empregar outro método de valoración máis acorde coa realidade do posible prezo de mercado dos inmobles. Tamén debería revisarse o texto das bases para fomentar a rehabilitación edificatoria no caso da compra de vivendas, xa que quedou moi clara esta finalidade respecto do lote 2 de edificios (permitindo a adquisición de edificios en

estado de abandono ou declarados en ruína) pero non no lote 1 de compra de pisos e vivendas unifamiliares.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

No ano 2017 acadáronse diversos obxectivos, segundo as áreas de xestión, que se expoñen a continuación realizando no mesmo apartado a análise da súa consecución:

Normativa.-

Realizouse a modificación da Ordenanza Municipal de Rehabilitación e Conservación de Inmobles para introducir novos supostos de subvencións ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética e as vivendas unifamiliares.

Déronse tamén os primeiros pasos para a modificación da regulación da ITE ou Informe de Avaliación dos Edificios previsto no Texto refundido da Lei do solo e da rehabilitación do 2015, pero tendo en conta as sentenzas do Tribunal Constitucional ditadas no ano 2017 que declararon inconstitucionais os preceptos da lexislación básica estatal da regulación da ITE ou IAE, indicando que é competencia autonómica, e á vista da inminente redacción e aprobación dunha lei autonómica pola Xunta de Galicia, aprazouse este obxectivo para o ano 2018. Con esta modificación, tentarase separar en dúas ordenanzas a rehabilitación e as axudas.

Subvencións.-

Na convocatorias das subvencións municipais do 2017 presentáronse un total de 377 solicitudes de axudas, polo que tendo en conta este volume (no ano 2016 non houbo convocatoria) non é posible realizar a tramitación no prazo dos 3 meses, e ademais debe indicarse que non depende do Servizo a celeridade na resolución, xa que se detectou que nas solicitudes de 2017 as comunidades de propietarios non tiñan en moitos casos nin os acordos adoptados para solicitar as axudas, nin para a realización das obras, nin tampouco o orzamento escollido, polo que faltaban todos os requisitos no momento da presentación das solicitudes.

Estase a estudar como consecuencia disto que se esixa que no momento de presentar a solicitude se achegue o resgardo de presentaren as comunidades as solicitudes de licenza ou da comunicación previa, de ser o caso.

O obxectivo fundamental que se acadou no 2016 foi que a convocatoria das axudas municipais se efectuase nos meses de febreiro-marzo de 2017, xa que a convocatoria realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de marzo do 2017 (BOP núm. 63 do 03/04/2017).

Para o vindeiro ano deberíamos tentar deseñar, xunto cos servizos de planificación e informática do concello, un procedemento electrónico para as solicitudes de subvención e a súa tramitación, comezando pola propia solicitude, e os seus documentos anexos, na sede electrónica municipal. Poderíaser maquetar a solicitude por un deseñador gráfico e adaptada ás esixencias da unidade municipal de Imaxe, e encaixar esta mellora co ánimo municipal de crear un procedemento xenérico para todos os servizos do concello.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Ademais, fíxose no mes de abril unha campaña publicitaria de todo o sistema de axudas municipais, editando folletos informativos, catálogos e carteis anunciadores da convocatoria que se abriu nese mes.

Para o 2018 sería un obxectivo interesante tamén tentar mellorar os tempos na tramitación destes procedementos.

Inspección técnica de edificios.-

No 2017 logrouse arquivar moitos expedientes que tiñan unha ITE desfavorable e que, tras a axuda ás obras de rehabilitación, obtiveron un informe favorable. Non se incrementou o número de expedientes de requirimentos de ITE a edificios de máis de 50 anos, logo de acabar con requirimentos en ámbito PEPRI no ano 2016, por mor das sentencias do Tribunal Constitucional ditadas no ano 2017 que derrogaron a obriga legal contida na lexislación estatal de presentar a ITE ou IAE; así, non se retomarán os requirimentos ata a aprobación da lei autonómica de rehabilitación.

Vivenda.-

Distinguiremos dous ámbitos:

A. Vivendas municipais: dous obxectivos:

A.1.- Acadouse o obxectivo fundamental de aumentar o patrimonio do parque municipal de vivenda existente poñendo en marcha un programa de adquisición de vivenda a través dunha convocatoria pública, que aprobou a Xunta de Goberno Local por acordo do 02/06/2017 despois de aprobar as bases por acordo do citado órgano municipal do 19/05/2017. Adquiríronse 6 inmobles.

De repetir o programa para o ano 2018 deberán modificarse as bases reguladoras, xa que se detectou que o método empregado para a valoración dos inmobles non reflicte o seu valor actualizado ao da súa valoración, pois foi moi inferior á taxación externa, polo que deberá buscarse un método de valoración máis acorde co valor de mercado.

Tamén no ano 2017 realizouse unha primeira toma de contacto para adquirir un ben inmoble singular que permita realizar unha actuación importante en materia de accesibilidade no entorno do Mercado de San Agustín moi demandada pola veciñanza; déronse os primeiros pasos para a adquisición deste inmoble coa entidade propietaria, e estase á espera do resultado da negociación coa propiedade. No ano 2017 dotouse a posible adquisición do crédito orzamentario necesario, que se incorporará ao orzamento do 2018.

A.2.- Iniciouse no Servizo a revisión dos contratos que remataban no mes de decembro, solicitando toda a documentación necesaria para a formalización dun novo contrato por tres anos. Tamén realizáronse as actuacións necesarias para rescatar as vivendas nas que os interesados non tiñan dereito á subrogación ao falecemento dos titulares dos contratos de arrendamento.Debe indicarse que todas as cuestións relacionadas coa vivenda municipal e a xestión dos alugueiros se realiza por dous auxiliares administrativos, sen apoio administrativo ou técnico, e que isto supón que non se podan poñer en marcha outras actuacións necesarias como unha campaña de actualización de

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

rendas antigas ou a revisión das subrogacións que se concederon en anos anteriores e que tiñan un remate temporal. Estes dous auxiliares atenden aos inquilinos das 395 vivendas municipais que estiveron arrendadas no ano 2017, tanto de xeito presencial na oficina como por teléfono, e reciben e xestionan todas as incidencias relacionadas co estado das vivendas e as incidencias que se producen nelas.

B. Liñas estratéxicas en materia de acceso á vivenda digna: en dous ámbitos diferentes:

B.1.- Desenvolver o proceso de acceso a un hábitat digno das persoas habitantes dos asentamentos precarios iniciado en 2016. A anualidade do 2017 foi clave debido a que supuxo o inicio do traballo do Equipo Hábitat, xa que se abordaron tarefas de carácter urxente que apremaban ao concello e se estableceron as bases e liñas estratéxicas que deberán ser levadas a cabo polo Equipo durante os anos de desenvolvemento do programa.

Destaca, como traballo a abordar de carácter urxente cando se forma o Equipo, o derrubo da antiga nave industrial de A Toxa. Despois de que transcorresen 17 anos dende a declaración do estado de ruína inminente e de intentos falidos, o 4 de maio do 2017 dáse cumprimento a sentenza xudicial imposta ao concello. Para levar a cabo a demolición, realoxáronse 4 unidades de convivencia residentes na contorna da nave que se acolleron ao PaHD, e outras 3 foron realoxadas de maneira temporal, á espera dunha solución habitacional axeitada aos seus intereses. O proceso de desaloxo e demolición caracterizouse pola tranquilidade a desenvolvemento pacífico, sen rexistrar altercados ou situacións desfavorables.

As principais tarefas desenvolvidas nesta anualidade polo Equipo de carácter continuado son as seguintes:

a. Diagnósticos de cada asentamento (A Pasaxe, As Rañas, O Portiño) e tamén da situación en Orillamar, grupo de familias de Penamoa acollidas ao Programa de erradicación de chabolismo, e outros antigos residentes de asentamentos precarios da Coruña en concellos limítrofes.

b. Caracterización do colectivo ao que se dirixe o Plan así como a identificación das barreiras para a inserción sociolaboral e habitacional.

c. Establecemento da estratexia global de traballo e da particular para cada asentamento, axustando as liñas estratéxicas do PaHD.

d. Coordinar os diferentes axentes implicados e buscar sinerxías (concellarías, outros axentes municipais, universidade, administración autonómica, terceiro sector).

e. Establecemento de metodoloxías e aprobación do censo de A Pasaxe.

f. Definir o ámbito e grupo de intervención prioritaria para a anualidade 2017.

g. Elaboración da proposta da área de orientación laboral, con deseño de itinerarios individualizados de inserción laboral dos residentes dos tres asentamentos e das familias de Penamoa residentes en vivendas xestionadas por EMVSA.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

h. Artellamento da revisión e estudo das débedas municipais do asentamento de A Pasaxe, así como a elaboración de plans de aforro asociados aos itinerarios.

i. Realizar traballos de limpeza vencellados aos realoxos e ao seu seguimento.

j. Posibilitar mediante realoxos e mediación tarefas de limpeza lideradas pola concellaría de Medio Ambiente. *Retiráronse 1.646 toneladas de residuo mezclado (de las cuales 501 son de esta última retirada da semana pasada), 1,7 toneladas de neumáticos, 344 metros cuadrados de fibrocemento.*

Como obxectivo fundamental da anualidade cómpre destacar o realoxo dun total de 11 familias, no asentamento de A Pasaxe, que supoñen 51 persoas, incluídos 15 menores, e a retirada neste asentamento de 1.646 toneladas de residuo.

B.2.- Posta en marcha dunha bolsa de aluguer de vivendas para facilitar o acceso a colectivos con dificultades, xa que se conseguiu facer unha encomenda de xestión a EMVSA para poñen en funcionamento esta bolsa. É necesario redactar unhas bases e facer convocatorias públicas, tanto para captar vivenda como para despois asignala ás unidades de convivencia. Este proceso consolidarase no ano 2018, pero a encomenda xa permitiu traspasar os arrendamentos que AFundación había asinado para realoxar a 24 familias do antigo asentamento precario de Penamoa, e que poderían quedar sen vivenda ao deixar a fundación o convenio que tiña asinado co concello desde o ano 2014.

Departamento técnico e obra de edificación.-

Coa incorporación á Xefatura do Departamento de Rehabilitación do funcionario José Manuel Botana Penas en réxime de comisión de servizos, leváronse a cabo múltiples tarefas de redacción de memorias para contratos administrativos, estandarización de informes técnicos, novas instrucións para visitas a inmobles coa finalidade de informas as posibles deficiencias e propoñer as obras de rehabilitación ou conservación para a súa corrección e emenda.

Merece tamén especial relevancia o feito de que o Ministerio de Fomento adxudicase no mes de decembro do 2017 a obra de "Rehabilitación e adecuación de naves para uso cultural e de instalacións de infraestruturas na parcela da antiga Comandancia Militar de Obras na Coruña", cuxo inicio debe levarse a cabo durante o ano 2018; conta cun prezo de adxudicación de 999.992,40 € e un prazo de execución de 16 meses. Esta obra é financiada polo Ministerio de Fomento, pero tanto o proxecto como a dirección da obra son municipais; o inmoble foi obxecto de cesión gratuíta por acta de 18/01/2018 pasando desde ese momento a ser de titularidade municipal.

Procedementos de corrección de deficiencias e declaración de ruína.-

No ano 2017 o Servizo de Rehabilitación e Vivenda asumiu a tramitación dos procedementos de emenda e corrección de deficiencias nos inmobles e de declaración de ruína das edificacións. Non se dotou en todo o ano do persoal indicado na Relación de Postos de Traballo para a Sección da Conservación da Edificación e Ruínas, que debería contar cunha xefatura de sección e un técnico, ambos de administración xeral, persoal administrativo e auxiliar. Estas novas funcións asumíronse desde o Servizo de

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Intervención na Edificación e Disciplina Urbanística, que as viña desempeñando desde hai anos. O persoal que estaba a tramitaren os devanditos procedementos non se incorporou ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda, agás a técnico xurídica Mónica Ínsua Caamano, no período comprendido entre os meses de abril a outubro do 2017.

Recibíronse máis de 700 expedientes nos que é necesario levar a cabo múltiples tarefas procedimentais, desde a incoación do procedemento, visitas de inspección, informes técnicos, ditar ordes de execución, notificación das ordes, reiteración destas ordes ante a pasividade dos propietarios, resolución de recursos, medidas de execución forzosa como multas coercitivas e a súa repetición ata chegar á execución subsidiaria nalgúns casos que revisten especial importante para garantir a seguridade das persoas e dos inmobles.

No 2017 realizouse unha primeira labor de separación dos expedientes por casuística de tramitación, e se espera poder impulsar a tramitación durante o ano 2018 se é que por fin se dota á sección do persoal necesario.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	694.393,81	693.200,89	699.128,84
Gastos Correntes	Imputación Directa	304.560,16	350.186,40	396.386,36
	Imputación Indirecta	6.882,24	5.967,23	115.045,27
	TOTAL GASTOS	1.005.836,21	1.049.354,52	1.210.560,47

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
1.- SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN CON FONDOS PROPIOS	P	Nº total de vivendas con subvención	1.008
		Nº total de ascensores con subvención	53
		Orzamento inicial	2.650.000
		Importe comprometido ou pagado	1.931.420,98
		Porcentaxe de execución orzamentaria	72,88
1.1.- SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS	P	Nº de solicitudes presentadas	84
1.1.A.- ELEMENTOS COMÚNS	P	Nº de solicitudes presentadas	67
1.1.B.- HABITABILIDADE	P	Nº de solicitudes presentadas	13
1.1.C. LOCAIS COMERCIAIS	P	Nº de solicitudes presentadas	4
1.2. INSTALACIÓN ASCENSORES OU ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE	P	Nº de solicitudes presentadas	182

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
1.3.-ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA	P	Nº de solicitudes presentadas	111
1.4.- MELLORA ESTÉTICA PEPRI E CAMBIO CARTELERÍA	P	NON CONVOCADAS	0
2.- SUBVENCIÓNS COFINANCIADAS DE OUTROS PROGRAMAS ANTERIORES.- ÁREAS REHABILITACIÓN INTEGRAL CONVOCATORIAS ANOS ANTERIORES	P	Mariñeiros Fase IV - Importe total pagado remanentes	19.202,84
		Palavea Fase IV - Importe total pagado remanentes	398.805,34
		Sagrada Familia - Importe total pagado remanentes	11.198,41
		Casco Histórico - Importe total pagado remanentes	502,94
ITE: 1.- EXPEDIENTES ARQUIVADOS	P	Nº de IAE/ITES presentadas como favorables	35
		Nº de IAE/ITES presentadas como desfavorables e arquivadas tras a execución das obras requiridas	33
		Outros	10
		Nº total expedientes arquivados	78
ITE: 2.- EXPEDIENTES EN TRAMITACIÓN	P	Nº total de expedientes en tramitación	495
2.A.- CON ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS	P	Nº de expedientes con licenza de obras solicitada ou concedida	109
		Nº de expedientes pendentes de solicitar licenza de obras	15
2.B.- SUSPENSIÓN PENDENTES DE TRAMITACIÓN DE DECLARACIÓN DE RUINA	P	Nº de expedientes	43
2.C.- OUTRAS FASES DO PROCEDEMENTO (REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN, INFORME TÉCNICO, ETC...)	P	Nº de expedientes	281
2.D.- INICIACIÓN NO ANO 2017	P	Nº de expedientes	47
ITE: 3.- OUTROS DATOS DE INTERESE	P	Nº de IAE/ITES presentadas	95
		Nº de requerimentos de ITE reiterados	17
		Nº de requerimentos de certificado final de obras ou de idoneidade	58
		Nº de informes técnicos realizados	266

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Nº de informes xurídicos realizados	170
		Nº de notificacións realizadas nos expedientes de ITE	390
VIVENDAS MUNICIPAIS: 1.- DATOS INFORMATIVOS E SITUACIÓNS ARRENDATICIAS	P	Nº de vivendas de propiedade municipal	409
		Nº de vivendas adquiridas no ano	6
		Nº de locais e garaxes de propiedade municipal	37
		Nº de vivendas adxudicadas(alugueiro)	4
		Nº de vivendas baleiras	14
		Nº de incidencias para reparar nas vivendas	503
		Nº de resolucións de actualización de rendas	28
		Nº de resolucións de renovación de contratos	14
		Solicitudes de subrogación de contratos aceptadas	8
VIVENDAS MUNICIPAIS: 2.- REHABILITACIÓN E MANTEMENTO	P	Vivendas rehabilitadas de xeito integral	9
		Importe orzado para rehabilitación	350.000
		Importe comprometido para rehabilitación	259.682,65
		Porcentaxe de execución orzamento rehabilitación de vivendas	74,19
		Importe orzado para mantemento e conservación de vivendas	151.890,61
		Importe comprometido para mantemento	138.837,18
		Porcentaxe de execución orzamento mantemento de vivendas	89,1
VIVENDAS MUNICIPAIS: 3. XESTIÓN ECONÓMICA	P	Nº de recibos emitidos por rendas mensuais	4.368
		Importe total remesas de recibos	631.946,39
		Importe pendente de pagamento do total de remesas	105.101,94
		Porcentaxe de recadación dos	83,36

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		recibos	
VIVENDAS MUNICIPAIS: 4. CONTÍA DOS GASTOS DE COMUNIDADES	P	Importe pagado en cotas de comunidade	65.717,18
REXISTRO E INFORMACIÓN	P	Nº de persoas atendidas na Oficina Municipal de Rehabilitación	20.708
		Consultas presenciais e telefónicas	15.477
		Nº de documentos rexistrados de entrada	1.644
		Nº de documentos rexistrados de saída	1.517
		Nº de expedientes tramitados	1.147
CONTRATOS ADMINISTRATIVOS	P	Contratos promovidos desde o Servizo	27
		Nº de contratos menores	25
		Importe de adxudicación contratos menores	404.201,21
VISITAS E INFORMES TÉCNICOS	P	Visitas técnicas de comprobación/inspección	132
		Informes técnicos emitidos	57
		Memorias ou proxectos técnicos redactados	7
		Direccións de obras	6
CONVENIOS DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	P	Nº de convenios nominativos	1
		Importe obxecto de subvención	90.000
XESTIÓN ORZAMENTARIA: FACTURACIÓN	P	Nº de facturas presentadas	595
		Importe facturas presentadas	1.098.925,9
		Importe facturas pagadas	850.460,47
		Importe facturas anuladas	167.194,61
		Porcentaxe pagada sobre facturas	91,27
XESTIÓN ORZAMENTARIA: EXECUCIÓN	P	Orzamento total concello	245.040.000
		Orzamento inicial do Servizo	5.157.892,94
		Orzamento total Servizo con modificacións e remanentes	9.194.220,43
		Capítulo gasto corrente	709.313,08
		Capítulo gasto en investimento	3.325.488,15

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Capítulo subvencións	5.159.419,2
		Orzamento total comprometido	3.775.367,33
		Orzamento total pagado	3.070.042,91
		Porcentaxe executada a nivel de compromiso Orzamento inicial	73,2
		Porcentaxe executada a nivel de pago Orzamento inicial	59,52
HABITAT DIGNO: RESIDENCIA	P	Nº total de persoas - Marzo 2017	469
		Nº total de persoas - Decembro 2017	418
		Nº total de unidades de convivencia - Marzo 2017	153
		Nº total de unidades de convivencia - Decembro 2017	130
HABITAT DIGNO: REALOXOS	P	Nº de persoas realoxadas	44
		Nº de unidades realoxadas	13
		Nº de persoas en vivendas municipais	18
		Nº de realoxos en vivendas municipais	4
		Nº de persoas en mercado libre	26
		Nº de realoxos en mercado libre	9
		Nº total de realoxos programas anteriores	24
HABITAT DIGNO: INTERVENCIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL	P	Persoas con intervención laboral aberta	44
		Seguimentos realizados	120
		Persoas en proceso de integración social avanzado	12
		Unidades de convivencia en proceso de integración social avanzado	4
PROCEDEMENTO DE EMENDA DE DEFICIENCIAS	P	Expedientes abertos	103
		Expedientes nos que se fixeron actuacións	366
		Trámites efectuados nos procedementos	1.622
		Expedientes arquivados	84
		Expedientes en trámite ao	449

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		31.12.2017	
PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE RUÍNA	P	Expedientes abertos	7
		Expedientes nos que se fixeron actuacións	82
		Trámites efectuados nos procedemento	459
		Ditames de ruína	3
		Ruínas propostas	2
		Ruínas declaradas (1 inminente)	2
		Expedientes arquivados	7
		Expedientes en trámite ao 31.12.2017	209

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Nº de expedientes de subvencións resoltos	132	119	103
Nº de vivendas beneficiarias de subvencións	1.442	1.455	1.008
Porcentaxe orzamento subvencións comprometido	88,59	86,46	72,88
ITE: Nº de expedientes con resolución	502	484	170
ITE: Nº de expedientes iniciados	183	167	47
Vivenda municipal: orzamento executado	139.025,41	187.847,11	295.639,35
Vivenda municipal: orzamento comprometido	147.339,33	319.427,96	398.519,83
Vivenda municipal: Nº de contratos de arrendamento asinados	7	3	4
Vivenda municipal: importe pagado en concepto de rendas	544.334,36	521.979,38	529.844,45
Vivenda municipal: porcentaxe de recadación de rendas	86,7	82,9	83,36
Proceso hábitat digno : nº total persoas residentes	0	469	418
Proceso hábitat digno: nº total persoas realoxadas	0	0	36
Proceso hábitat digno: nº total realoxos	0	0	11
Procedementos de emenda de deficiencias e declaracións de ruína: nº de trámites	6.504	4.691	2.081
Procedemento de declaración de ruína: nº de ruínas declaradas	6	4	2
Procedementos de emenda de deficiencias e declaracións de ruína: nº de informes xurídicos e	1.264	966	276

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
técnicos			
Rexistro de entrada: número de documentos	1.852	1.342	1.644
Rexistro de saída: número de documentos	2.017	1.873	1.517
Expedientes: número de tramitados	2.140	1.632	1.147
Facturación: Importe pagado por factura	745.767,58	809.652,83	850.460,47
Facturación: porcentaxe de facturas pagadas	99,3	91,12	91,27
Orzamento: porcentaxe executada	55,36	48,04	59,52
Orzamento: porcentaxe comprometida	76,76	76,2	73,2

CONCLUSIÓNS

Apúntanse a continuación os temas máis relevantes do exercicio 2017, igualmente organizados por áreas de xestión:

SUBVENCIÓNS: o orzamento dedicado polo concello ás subvencións para obras de rehabilitación financiadas de xeito íntegro con fondos propios incrementouse nos últimos anos case nun 30% máis, xa que se pasou de un pouco máis de 2.000.000 € do ano 2015, a 2.650.000 € no ano 2017. Este incremento supuxo que se pasase de executar practicamente a totalidade do gasto previsto para axudas a elementos comúns e habitabilidade, a totalidade en accesibilidade, a que a porcentaxe fose de case un 75% na execución orzamentaria do crédito en subvencións. Debería por tanto o concello adoptar algunha medida para garantir a execución de todo o crédito que se destine a este tipo de axudas.

É sobresaínte de xeito claro o aumento da demanda das axudas municipais á rehabilitación, xa que no ano 2015 presentáronse 211 solicitudes, e no 2017, 377, o que supuxo case o dobre do número da convocatoria anterior (debe recordarse que no ano 2016 non houbo convocatoria). Quizais este aumento fose debido á modificación realizada da Ordenanza municipal para incluír un novo suposto para actuacións de mellora da eficiencia enerxética, cunha porcentaxe do 30% sobre o presuposto protexido da obra, xa que antes este tipo de rehabilitacións estaban encadradas no suposto xeral cunha porcentaxe do 10%. No ano 2015 presentáranse 55 solicitudes deste suposto xeral, e no ano 2017, 67; pero ademais houbo 111 solicitudes de axudas ás actuacións de mellora da eficiencia enerxético. Foi un éxito a modificación operada, que acadou o obxectivo de fomentar a rehabilitación neste eido.

Da xestión do gran número de solicitudes presentadas na convocatoria de axudas municipais no 2017 púxose de manifesto a dificultade de revisión da múltiple documentación que se necesita para a concesión da subvención, xa que a persoa solicitante é unha comunidade de propietarios na maioría dos casos, pero os beneficiarios finais son as persoas propietarias individuais que a compoñen, polo que cada unha delas debe reunir todos os requisitos esixidos na ordenanza e na normativa vixente en materia de subvencións públicas.

B. INSPECCIÓNS TÉCNICAS DE EDIFICIOS: neste caso as tarefas tanto técnicas como xurídicas que hai que realizar en todo o procedemento atópanse bastante estandarizadas e dos datos que se mostran nos resultados da actividade ponse de manifesto a dificultade de pechar os expedientes con ITE favorable, obras executadas e terminadas, ou mesmo a suspensión durante a solicitude e tramitación da licenza e posterior execución das obras.

En 2017 fíxose unha labor de tramitación das ITEs presentadas como consecuencia do incremento de requirimentos realizado no ano 2016, no que se acabou de requirir a presentación da ITE a todos os edificios que quedaban ata finalizar todo o ámbito do PEPRI Cidade Vella-Peixaría, e que tiñan de prazo un ano para cumprir con esta obriga.

C. XESTIÓN DA VIVENDA MUNICIPAL: o máis salientable é, ante a gran cantidade de arranxos múltiples e avarías que se producen nos sistemas de instalacións varias das vivendas municipais, a preparación dun contrato administrativo de servizo de mantemento básico e reparacións das vivendas municipais, locais e demais inmobles de titularidade municipal, impulsado polo Servizo e que estará a piques de ser adxudicado no primeiro semestre do ano 2018. Con este contrato tratarse de dar unha resposta máis áxil e eficiente ás averías e arranxos nas vivendas e nas súas instalacións, e evitar as múltiples facturas que se tramitaban e pagaban por arranxar as incidencias unha a unha.

Neste ámbito, o concello adxudicou no 2017 un contrato de servizo de mantemento das caldeiras de auga quente sanitaria dos edificios de vivendas municipais do Grupo Nosa Señora do Carme, que se formalizou no mes de maio, e que supuxo unha xestión moito máis rápida e áxil nas avarías continuas nestas instalacións, que melloraron moito co mantemento preventivo que realiza a entidade adxudicataria.

No 2017 promovéronse múltiples obras de rehabilitación nas vivendas municipais, e por primeira vez contratouse a rehabilitación dunha delas para a súa adaptación total con sistemas domóticos de control das diferentes instalacións da vivenda (fogar dixital).

Cómpre destacar que se executou practicamente un 81,65 % do orzamento para reparacións e rehabilitación de vivenda.

D. PROCESO DE ACCESO A UN HÁBITAT DIGNO: o Equipo, nesta anualidade, destinou os esforzos no eido habitacional no asentamento da Pasaxe. Contou con dous medios para poder realoxar as familias beneficiarias do Plan: a Instrución para a asignación de vivendas municipais, xa referida, e o alugueiro no mercado libre a través do convenio de colaboración desenvolvido por Afundación.

Despois de superar as dificultades iniciais da escasa motivación dos usuarios de cara ao abandono do asentamento, conseguiuse a aceptación do Plan por gran número das unidades de convivencia, acadando o ratio de saídas/mes plantexado no informe de priorización. Nos meses de setembro e outubro os realoxos víronse paralizados debido á decisión da fundación de non realizar máis alugueiros para conseguir finalizar o seu convenio con data 31 de decembro de 2017.

Outro dos aspectos positivos dos realoxos foi a ruptura do estigma social de vivir nun asentamento, que posibilitou a estas persoas iniciar de xeito efectivo a mellora da súa

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

empregabilidade e/ou nivel formativo, así como a interiorización do seu dereito de participación cidadá plena e efectiva.

A área de traballo máis visible é a habitacional, que se centrou no asentamento de A Pasaxe, pero o Equipo destina moitos medios e recursos para concienciar e sensibilizar as persoas residentes nos outros asentamentos precarios da cidade, así como ao colectivo de Penamoa e Orillamar. Con este gran colectivo se está a traballar nos eidos laboral, sociocomunitario e educativo e, no caso dos asentamentos de As Rañas e O Portiño, preparando a súa saída nun período de tempo máis largo. No caso de Orillamar e as familias de Penamoa que forman parte do noso ámbito de intervención os esforzos concéntrase, ademais, en mellorar o compromiso cara os deberes inherentes á tenencia da vivenda.

E. OUTRAS MEDIDAS DE ACCESO Á VIVENDA: tal e como xa se dixo, foi necesario traspasar os alugueiros que a fundación privada tiña conveniados co concello, e asumilos EMVSA ante a finalización do convenio de xeito individual pola fundación. Será necesario desenvolver a posta en marcha desta bolsa no ano 2018 coa redacción das bases e as convocatorias públicas.

O procedemento máis importante do ano foi a convocatoria pública para a adquisición de edificios e vivendas coa finalidade de aumento o parque municipal de vivenda, coa dobre finalidade ademais de intervención no urbanismo e a edificación, e o destino final de aluguer social. Supuxo unha tramitación moi específica de cada unha das ofertas presentadas, por un total de 45, ademais da dificultade de redacción dunhas bases que rexesen a convocatoria pública.

En conclusión, debe indicarse que se tentou dotar de novas competencias en materia de vivenda ao Servizo, e que foi un ano no que ademais das funcións tradicionais de subvencións á rehabilitación, a tramitación dos procedementos de Inspección Técnica de Edificios e a xestión das vivendas municipais, puxéronse en marcha diversas medidas en materia de acceso á vivenda, no eido de cubrir a demanda existente na cidade desde múltiples colectivos con dificultades de acceso. Estas novas actuacións non contaron con apoio de máis persoal, salvo o Equipo hábitat para o proceso de acceso das persoas residentes nos asentamentos precarios; isto supuxo un reto importante para o persoal do Servizo, que tentou levar a cabo todas as actuacións coa maior profesionalidade e dentro do seu traballo normal noutras funcións xa tradicionais do servizo.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizos á Cidadanía

Arquivo Histórico

Responsable: Suárez Rodríguez, María de la O
Dirección: C/Durán Loriga 10, 3º
Teléfono: 981184394

MISIÓN

Na exposición de motivos da Ley 7/2014 de arquivos e e documentos de Galicia afirmase na primeira línea que os arquivos constitúen servizos de máxima relevancia en una sociedade democrática. A través deles asegurase a reunión, conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental de un pobo nas súas diversas expresións, e se contribúe ao cumprimiento do establecido na Constitución de 1978 relativo a: libertade de información, eficacia administrativa, acceso a cultura e a promoción da investigación científica e conservación e promoción do patrimonio histórico. Neste senso, o artigo 52.1 da Ley de Patrimonio Histórico Espanol sinala que todos os posuidores de bens do Patrimonio Documental e Bibliográfico están obrigados a consérvalos, protexerlos, destinarlos a un uso que non impida a súa conservación e mantelos en lugares axeitados.

Instalado dende o ano 1978 nun espazo moi pequeno dentro da chamada Casa da Cultura Salvador de Madariaga, na rúa Durán Loriga, o Arquivo Municipal herculino está formado por un conxunto de fondos documentais procedentes de institucións e entidades públicas, persoas, físicas ou xurídicas, e colecciónns consideradas de gran interés para a A Coruña, en particular, e para Galicia, en xeral. Cincuenta e cinco conxuntos documentais onde o de maior relevancia é o do propio Concello, que se remonta ao século XIII.

FUNCIÓNS

As funcións deste centro, como as de calquera arquivo municipal, axústanse á intervención na orixe da produción documental, e na reunión, custodia e servizo dos documentos xerados polo Concello da Coruña no transcurso da súa xestión ao longo do tempo, conservados para servir de testemuño e información á administración que os produce, aos cidadáns como patrimonio cultural e en defensa dos seus dereitos e deberes, e aos investigadores como fonte da historia.

Pero ademais o Arquivo herculino recolle, custodia e serve outros documentos procedentes doutras persoas ou institucións de carácter público o privado, considerados de interés para a nosa cidade e que forman parte do seu patrimonio documental.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. Identificar, clasificar e describir o maior número posible de documentos que forman parte do Patrimonio Documental do Concello para súa rápida localización.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

2. Mellorar a conservación do Patrimonio documental (instalación, restauración e dixitalización dos documentos).

3. Lograr calidade no servizo dos documentos e das actividades de difusión do Patrimonio Documental da cidade.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Co obxectivo de acadar o impulso dos sistemas de xestión de documentos no Concello, de garantir o acceso á documentación e de promover a protección e a difusión do patrimonio documental propuxemos para o 2017:

- Lograr do Concello o compromiso co seu Arquivo na busca duns locais o espazos onde poda instalarse coas condiciones de dignidade, seguridade e conservación que permitan unha maior difusión do seu magnífico Patrimonio Documental. Traballar no proxecto de rehabilitación para o Arquivo municipal dunha parte do Pazo dos condes de Montaos.
- Fortalecer os procesos de participación e identidade coa colaboración con outras entidades sociais e culturais da cidade en diferentes actividades (exposicións, visitas guiadas, conferencias, …)
- Política proactiva de captación de patrimonio documental para a nosa cidade.
- Organización e descripción de fondos mediante as novas tecnoloxías na busca de responder as novas necesidades e expectativas dos vecinos. (fondos documentais públicos e privados).
- Dixitalización dos maís consultados, garantindo o acceso e a súa conservación.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	324.797,08	312.681,63	283.308,27
Gastos Correntes	Imputación Directa	238.465,54	163.728,45	238.549,36
	Imputación Indirecta	68.822,40	49.141,90	44.739,83
	TOTAL GASTOS	632.085,02	525.551,98	566.597,46

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Organización e descrición	P	Nº de unidades de instalación	269
		Nº de unidades documentais	1.279
		Nº indices, identificación, revisiones e outros	7
Ingreso de documentación	P	Nº de metros liniais	35,5
		Nº documentos especiais pola súa conservación (postais, fotografías..)	228
Conservación	P	Instalación de documentos	3.518

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		especiais (fotografias, ...)	
		nº de documentos restaurados	35
		Dixitalización	18.708
Préstamos externos e internos (exposicións...)	P	Nº de pezas solicitadas	4
Consultas na sala	P	Nº de usuarios	911
Información escrita interna e externa	P	Nº de solicitudes	233
Reprografía de servizo	P	Nº de solicitudes autorizadas	389
Actividades xerais	P	nº de actividades (visitas, publicacións, exposicións, ..)	12
Informes técnicos	P	Número	298
Biblioteca auxiliar	P	Nº de titulos ingresados	82
		Nº de exemplares catalogados	0
Documentación de trámite	C	Número	527

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Unidades de instalación novas organizadas e descritas	571	426	269
Unidades documentais organizadas e descritas	180	528	1.279
Metros de ingresos documentais	51	38,5	35,5
Nº de ingresos documentación especial (postais, fotografías...)	268	297	228
Nº de pezas en préstamo	9	30	4
Nº de información escrita interna e externa	182	221	233
Nº de usuarios na sala	933	1.011	911
Nº autorización reprodución	334	358	389
Nº de informes técnicos	241	419	298
Nº de actividades (exposicións , visitas guiadas, cursos...)	9	24	12
Nº de instalación de doc. especiais	5.545	4.264	3.518
Nº de documentos restaurados e dixitalizados	9	41	18.708
Nº de documentos de trámite	478	560	527

CONCLUSIÓNS

- O espazo disponible está esgotado o que impide novas incorporacións de documentación. Por outro lado, suliñar o mal estado do edificio e as duras condicións de traballo no inverno.
- Proseguimos co avance na identificación e organización do fondo documental do Concello herculino, en aras de lograr una maior transparencia, garantir o acceso á documentación e promover a protección e a difusión do patrimonio documental.
- A dixitalización de documentos especiais así como a das historias clínicas microfilmadas, con maior calidade e facilidade de recuperación da información.
- As melloras na conservación e instalación dos documentos.
- Os esforzos do funcionariado, a pesar do seu escaso número e espazo, por manter a calidade e as actividades do centro.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Banda Municipal de Música

Responsable: Ocón Arza, Juan José
Dirección: Avda Alfonso Molina s/n. Coliseum
Teléfono: Ext. 58901

MISIÓN

Dentro da oferta que a Concellaría de Cultura fai aos cidadáns da Coruña cóntase coa Banda Municipal de Música, agrupación de carácter sinfónico formada por medio centenar de músicos profesionais, que desenvolve a súa actividade, primordialmente na cidade, a través dunha serie de Ciclos de Concertos que están organizados en función das diferentes estacións do ano, e que veñen celebrando no Palacio da Ópera, no Teatro Rosalía, así como en diferentes prazas da cidade no que se podería denominar Concertos ao aire libre.

Así mesmo este colectivo leva a súa arte a outras cidades, tanto de Galicia como do resto de España, cando é invitado a tomar parte en eventos culturais organizados por outras entidades.

Outro punto importante é a continua colaboración con outros servizos municipais (Educación e Festas, fundamentalmente) así como con entidades veciñais da cidade.

A ter en conta, tamén, a función protocolaria que ten a Banda Municipal cando, con ocasión de recepcións oficiais, inauguracións ou homenaxes, realza os diferentes actos que organiza o Departamento de Protocolo e o Gabinete de Alcaldía.

FUNCIÓNS

- Elexir os concertos có contido adecuado para cada ocasión (inauguracións, monográficos, etc.) así como os dirixidos aos nenos.
- Asistir a inauguracións de rúas e aqueles actos oficiais que se programan dende Protocolo.
- Concertos Primaveira-Verán e Outono-Inverno tanto en recintos cerrados (Palacio da Ópera, Agora, Teatro Rosalía...) como ao aire libre.
- Concertos didácticos destinados ao mundo infantil.
- Realizar os ensaios pertinentes destinados a unha boa execución das pezas musicais.

RECURSOS

EQUIPO HUMANO

A Banda Municipal está formada por:

- 1 Director: Juan José Ocón Arza
- 1 Subditector: José Luis Represas Carreira
- 1 Auxiliar Administrativo.VACANTE
- 1 Subalterno. VACANTE

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- 41 Músicos. con varias vacantes: Saxo alto, Saxo tenor, 3 clarinetes, 1 percusión

INSTALACIONS

A Banda Municipal ten as suas instalacións nos sótanos do Coliseum, edicifio sito na Avda. Alfonso Molina.

As súas instalacións constan dos seguintes espazos:

- Despacho de dirección
- Despacho de administración
- Arquivo
- Almacén
- Cabinas individuais de estudo
- Sala de ensaios

Conta a Banda Municipal cun patrimonio de instrumentos musicais que é renovado, en parte cada exercicio, o que permite aos profesores músicos contar con instrumentos de primeirísima calidade.

Así mesmo posúe a Banda Municipal un fondo de partituras que supera as mil composicións, repartidas entre música sinfónica, de cinema e musicais, de zarzuela, marchas e pasodobres.

Nos ciclos de concertos cóntase con programas de man nos que, ademais das obras interpretadas, figuran os comentarios ás mesmas así como os datos curriculares dos artistas invitados.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

- Manter a calidade na execución de cada unha das pezas que se representan.
- Clasificación exhaustiva na elección dos temas a incorporar nos actos correspondentes.
- Investigación e potenciación de novos valores musicais na área de bandas de música.
- Arquivo de grabaciós en audio, casi a totalidade de concertos que se realizan no Palacio da Ópera, Teatro Rosalía e auditorio do Ágora pola radio autonómica galega, e en DVD en concertos extraordinarios.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Obxectivos do exercicio:

Ao longo do ano 2017, a Banda Municipal de Música, desenvolveu, do mesmo xeito que en tempadas anteriores, unha serie de actividades, coas que se lograron os obxectivos específicos perseguidos:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Achegar o repertorio bandístico, así como adaptacións de música sinfónica a un público formado por seguidores incondicionais da Banda, nos concertos correspondentes aos Ciclos de Outono e Inverno-Primaveira (realizados no Auditorio do Palacio da Ópera) e aos de Verán, realizados en diferentes prazas coruñesas.
- Actualizar permanentemente o repertorio, mediante a estrea de novas obras, potenciando, no posible, a estrea de obras escritas por compositores galegos.
- Obter experiencias diferentes na faceta artística e no campo da interpretación, mediante a contratación de directores e solistas invitados, figuras relevantes no panorama musical espanol e internacional.
- Continuar a experiencia iniciada en tempadas anteriores que posibilita a actuación, como solistas, nalgún concerto, daqueles mozos integrantes da Banda que desexan mostrar as súas aptitudes e logros conseguidos mediante o estudo, ao gran público.
- Contribuír a achegar a música aos máis pequenos, mediante programas didácticos adecuados que afiance o público familiar nos concertos e eduque aos oíntes de mañá.
- Contribuír, mediante a colaboración co Departamento de Festas, a difundir a música popular bandística, nos diferentes concertos que se celebran durante o mes de agosto (Festas de María Pita), así como nos festexos dos diferentes barrios coruñeses.
- Colaborar estreitamente co Gabinete da Alcaldía e o Departamento de Protocolo e Relacións Públicas, a fin de realzar musicalmente aqueles actos, que debido á súa relevancia, constitúen auténticos acontecementos na vida social da Cidade.
- Continuar favorecendo a formación permanente dos funcionarios da Banda mediante a realización de cursos.
- Realizar xiras de concertos tanto dentro da provincia da Coruña como no resto de Galicia co fin de que a cultura e a banda municipal sexan un referente e actractivo mais da cidade.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	1.794.253,80	1.834.833,70	1.838.642,66
Gastos Correntes	Imputación Directa	242.418,36	220.080,74	358.292,53
	Imputación Indirecta	17.205,60	15.444,60	15.978,51
	TOTAL GASTOS	2.053.877,76	2.070.359,04	2.212.913,70

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
ACTUACIONS FESTAS MARÍA PITA	P	Nº DE ACTUACIONS	3
		Pza. das Bárbaras (Ciclo As Festas de María Pita)	1
		Romería Santa Margarita (27	1

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		agosto)	
		Concerto Extraordinario Praza de María Pita	1
CICLO CONCERTOS INVERNO-PRIMAVEIRA	P	NÚMERO DE CONCERTOS	8
		ESTRENOS OBRAS	0
		SOLISTAS (diferentes instrumentos)	1
		DIRECTORES INVITADOS	3
CICLO CONCERTOS "OS SERÁNS NO ROSALÍA"	P	NÚMERO DE CONCERTOS	8
		DIRECTORES INVITADOS	2
		SOLISTAS	2
CICLO CONCERTOS AIRE LIBRE	P	NÚMERO DE CONCERTOS	10
		Día da Ciencia na Rúa	1
		Praza das Barbaras (ciclo "Os Seráns nas Bárbaras")	4
		Romería Santa Margarita	1
		Actos Institucionais (Concerto María Pita 14 de maio)	1
		Praza das Bárbaras (Setembro nas Bárbaras)	3
CONCERTOS EXTRAORDINARIOS	P	NUMERO DE ACTUACIONS	3
		PALACIO DA ÓPERA: Concerto Antoloxía da Zarzuela	1
		AGORA: Homenaxe á Torre de Hércules	1
		PALACIO DA OPERA: Concerto de Nadal	1
ACTUACIONS FESTAS BARRIOS	P	ACTUACIÓNS FIESTAS BARRIOS	0
		Los Rosales	0
		Ventorrillo	0
CICLO CONCERTOS OUTONO-INVERNO	C	NUMERO DE CONCERTOS	4
		DIRECTORES CONVIDADOS	2

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
NÚMERO DE CONCERTOS	41	30	35

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
NÚMERO DE ESTRENOS	57	5	0
NÚMERO ARTISTAS INVITADOS (Directores)	12	6	9
NÚMERO ARTISTAS INVITADOS (Solistas)	31	16	2
NÚMERO ARTISTAS INVITADOS (Agrupaciones)	0	3	0
MEDIA ASISTENTES A CONCERTOS (Palacio da Ópera)	1.300	1.250	1.300
MEDIA ASISTENTES (Ágora)	450	500	500
MEDIA ASISTENTES(Rosalía Castro)	600	450	500
MEDIA ASISTENTES A CONCERTOS (Aire libre)	1.000	1.200	1.200
MEDIA ASISTENTES A CONCERTOS (Extras Mª Pita)	3.250	3.000	3.200

CONCLUSIÓNS

BANDA MUNICIPAL DE MUSICA.-

Dentro da oferta que a Concellería de Cultura, Deporte e Coñecemento fai aos cidadáns da Coruña cóntase coa Banda Municipal de Música, agrupación de carácter sinfónico formada por preto de medio centenar de músicos profesionais, que desenvolve a súa actividade, primordialmente na cidade, a través dunha serie de Ciclos de Concertos que están organizados en función das diferentes estacións do ano, e que veñen celebrando no Palacio da Ópera, no Teatro Rosalía, así como en diferentes prazas da cidade no que se podería denominar Concertos ao aire libre.

Outro punto importante é a continua colaboración con outros servizos municipais (Educación e Festas, fundamentalmente) así como con entidades veciñais da cidade.

Ademais, a Banda Municipal desenvolve unha función protocolaria cando, con ocasión de recepcións oficiais, inauguracións ou homenaxes, o Departamento de Protocolo e o Gabinete de Alcaldía realizan diferentes actos.

Neste ano 2017, no mes de setembro cesa como director José Luis Represas e colle a dirección da BMMC Juan José Ocón Arza, sendo a elección do director consensuada cos músicos logo de que estes xa tiveran a oportunidade de estar baixo a batuta de Juán José Ocón Arza como director convidado en dúas ocasións. Foi este un proceso con moita repercusión e valorado moi positivamente nas formacións análogas noutos concellos do estado espanol, destacando esta implicación dos músicos como asesores á hora de elexir o maestro titular da agrupación. Feito que augura unha boa sintonía de traballo para seguir elevando o nivel artístico da agrupación

Xunto coa incorporación do novo director comézase a traballar na programación de concertos divididos nos ciclos xa existentes, tanto os concertos no Palacio da Ópera como os do Teatro Rosalía, tendo estes unha concorrida asistencia.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Bibliotecas Municipais

Responsable: Blanco Pardo, Isabel
Dirección: C/Durán Loriga 10, 4º
Teléfono: 981 184 384

MISIÓN

As Bibliotecas Municipais son lugares de encontro e de promoción da lectura que lles proporcionan recursos para a formación, a información e o ocio a todos os cidadáns e cidadás da Coruña. Son centros comprometidos coa conservación da memoria da cidade. Céntranse fundamentalmente na atención ao público infantil, os servizos nos barrios e o uso e difusión das tecnoloxías.

FUNCIÓNS

Asegurarlles o acceso á información de xeito libre e igualitario a todos os segmentos da cidadanía; desenvolver programas formativos que lles permitan aos cidadáns coñeceren e utilizaren eficazmente os servizos e recursos que as bibliotecas lles ofrecen, dedicándolles especial atención ás TIC; proporcionar un espazo para o lecer, o encontro e a participación cidadá. Consolidarse como unha entidade activa, impulsora e dinamizadora de hábitos lectores na cidade.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. Servizo de préstamo.
2. Servizo de información e referencia presencial.
3. Servizo de información e referencia virtual.
4. Servizos TIC.
5. Formación e aprendizaxe.
6. Promoción cultural.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

OBXECTIVO	GRAO DE CUMPLIMENTO
Redactar un Plan Municipal de Bibliotecas.	Redáctase e preséntase o documento ao persoal das bibliotecas.
Elaborar un Regulamento de Bibliotecas.	Non se realiza pero a cambio se redacta a Instrución de Traballo (un tipo documental de Calidade) sobre a lexislación aplicable a bibliotecas no 2017.
Desenvolver e documentar os procesos recollidos no mapa.	Redáctase a documentación relativa a seis dos procesos de traballo identificados no mapa (o 50% do previsto) aínda que a fin de 2017 están todavía sen implantar. Procesos 3, 10, 12, 27, 28, 32.

OBXECTIVO	GRAO DE CUMPLIMENTO
Mellorar a oferta da Colección das BM en relación á temática de Feminismos e Dereitos Humanos. Creación do “Centro de Interese sobre Feminismos”.	Reforzáronse as coleccións das bibliotecas e adquiríronse os fondos para o centro de interese por un valor de 27.000 €.
Reforzar a colección de cómics.	Investíronse 6.500 euros na adquisición de cómics para reforzar a colección.
Crear un punto de lectura en Novo Mesoiro. Redacción do Plan funcional da biblioteca Mesoiro.	En outubro, inaugurase o Punto de préstamo de Mesoiro. Elabórase o primeiro borrador do “Plan funcional da Biblioteca de Mesoiro”
Redactar o proxecto “Caixa da Memoria” segundo as indicacións da Concellería de Cultura.	Esbózase o que debería ser o proxecto e enviouse á Concellería para a súa aprobación. Non foi aprobado.
Mellorar a usabilidade e experiencia de usuario/a en SGF.	Proporcionáronse á empresa gañadora do concurso de mellora de SGF as demandas, tivéronse moitas reunións pero aínda non saíu o produto final.
Mellorar a comunicación a través da web e do móbil coas persoas usuarias.	Púxose en marcha un servizo de información ao usuario a través de whatsapp.
Simplificar o proceso de publicación de eventos na web a través da integración do Content Server (software de xestión de contidos web) co SGF (Sistema de xestión de actividades e inscricións).	Non se puido facer esta integración porque non se rematou o proxecto de mellora de SGF.
Adaptar o Manual de Catalogación ao novo programa de xestión bibliotecaria e ao actual formato de catalogación.	Adaptado nun 80%.
Desenvolver un plan de comunicación Dixital.	Iniciouse pero non se rematou.
Desenvolver un sistema automático de obtención de datos e indicadores en Microstrategy. Fase I: información procedente de ABSYSnet.	Proporcionáronse á empresa gañadora do concurso da implantación de microstrategy as demandas, tivéronse moitas reunións pero aínda non saíu o produto final.
Reacondicionar a entrada e vestíbulo do edificio de Durán Loriga.	Encargouse o proxecto de reforma. O arquitecto entregouno e se lle mandou corrixilo e melloralo.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	1.299.009,13	1.237.336,09	1.300.034,80
Gastos Correntes	Imputación Directa	3.147.400,29	3.021.283,02	3.465.474,60
	Imputación Indirecta	259.995,75	217.628,40	210.916,33
	TOTAL GASTOS	4.706.405,17	4.476.247,51	4.976.425,73

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Formación do persoal	P	Nº de cursos organizados	1
		Nº de cursos externos aos que asiste o persoal	0
Xestionar a colección	P	% Libros	81,16
		% Non Libros	18,84
		Nº documentos por habitante	0,95
		% Incremento da colección	2,56
		% Cota de renovación colección	6,5
Prestar servizos a usuarios	P	Nº visitas anuais	890.312
		Media mensual de visitas	74.913
		Media diaria visitas	3.055
		Visitas/hora	329,07
		Visitas/habitante	3,63
		Nº préstamos anual	348.770
		Media mensual préstamos	29.064
		Media diaria préstamos	1.198
		Nº usos de préstamo	121.301
		% Usos de préstamo con respecto visitantes	13,62
		% Préstamo libros	71,2
		%Préstamo non libros	28,8
		% Cota ausencia libros	11,6
		% Cota ausencia Non libros	19,4
		Rotación libros	1,4
		Rotación Non libros	2,3
		Rotación Centros de Interese	1,5

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Préstamos/hora	135,72
		Préstamos/habitante	1,42
		Nº usuarios Internet e ofimática anual	72.312
		%usos Internet e ofimática con respecto ás visitas	8,12
		Usos Internet e ofimática/hora	25,3
		% Usos outros equipamentos con respecto ás visitas	0,41
		Nº total socios	92.540
		Nº novos socios anual	5.522
		% Poboación socia bibliotecas	37,7
		% Socios activos/habitantes	11,47
		% Novos socios/habitantes	2,25
		Días apertura ao público	295
		m2/1000 habitantes	28,98
Automatizar coleccións e servizos	P	Nº de postos con acceso Internet e ofimática para usuarios	166
		Nº de ordenadores para uso do persoal	89
		Nº ordenadores para uso público	196
		Nº Opacs (catálogos en liña de acceso público)	27
Promocionar os servizos e o uso da colección	P	Nº total de actividades	1.761
		Nº total participantes	31.921
		%Visitas para participar en actividades	3,59
		% Participantes actividades/habitantes	13,01
		% Actividades promoción da lectura	43,55
		% Actividades formación e aprendizaxe	50,71
		% Actividades desenvolvemento comunitario	0
		% Actividades de visibilidade social e difusión	0,4
		% Outras actividades	5,34

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		% Participantes adultos	56,4
		% Participantes nenos	37,68
		%Participantes mozos	5,92
		Nº de actividades de visibilidade social e difusión	2
		Nº días de participación en actividades de visibilidade social e difusión	5
		Nº tipoloxías cursos alfabetización digital	0
		Nº cursos alfabetización dixital	0
		Nº prazas dispoñibles en cursos de alfabetización dixital	0
		Nº prazas cubertas en cursos de alfabetización dixital	0
		% Participantes actividades formación e aprendizaxe	42,14
		% Participantes actividades promoción da lectura	52,88
		% Participantes actividades desenvolvemento comunitario	0
		% Participantes outras actividades	4,37
		% Participantes mozos	0
Programa de voluntariado	P	Nº voluntarios participantes	28
Participar en proxectos cooperativos nacionais	P	Nº de proxectos nos que se participa	13
Ofrecer servizos virtuais	P	Nº visitas á Web propia	385.577
		Nº posts publicados en Facebook	1.409
		Nº de posts publicados en blogs propios	304
		Nº de fans en Facebook	18.903
		Nº novos fans en Facebook cada día	1,2
		% Fans de Facebok que son socios das bibliotecas	0
		% Fans que son entidades culturais	0
		Nº de visitas a Facebook	1.313.096

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Nº de comentarios recibidos en Facebook	1.752
		Nº de interaccións en Facebook que non son comentarios	44.460
		Nº demandas información a través do chat de Facebook	49
		Nº de fans en Twitter	6.727
		Nº de listas nas que tenemos presenza (Twitter)	341
		Nº visitas a blogs	174.486
		Nº comentarios realizados nos blogs	525
		Nº de demandas información a través de Pregunte	46
		Nº demandas de información a Pregunte resoltas	46
		Nº demandas información Pregunte por A Coruña	11
		Nº informaciones a usuarios a través de sms	0
		Nº sms a usuarios	0

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
m2/1000 habitantes	28,94	28,94	28,98
Traballadores/1000 habitantes	0,38	0,38	0,38
Documentos/habitante	0,89	0,93	0,95
% Incremento do fondo	0,8	3,58	2,56
% Cota de renovación	5,63	5,26	6,5
Ordenadores acceso Internet/ 10000 habitantes	6,72	6,73	6,76
Nº actividades/1000 habitantes	7,83	9	7,15
Nº prazas en cursos alfabetización dixital/1000 habitantes	0,29	0,35	0
Gastos correntes/habitante	19,17	18,26	20,17
Visitas/habitante	4	3,85	3,63
% Poboación socia	33,34	35,57	37,7
Novos socios/1000 habitantes	25,68	22,38	22,5
Préstamos/habitante	1,52	1,46	1,42

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
% Socios activos	35,88	32,52	30,41
% Socios activos/habitante	11,97	11,57	11,47
Sesións Internet/habitante	0,36	0,31	0,29
Sesións outros equipamentos/ habitante	0,02	0,02	0,01
Participantes en actividades/ habitante	0,15	0,14	0,13
% Participantes en cursos alfabetización dixital/ 1.000 habitante	0,29	0,35	0

CONCLUSIÓNS

A OFERTA

Espazos

A finais de 2017, as Bibliotecas Municipais ofrecen 29 m2 de superficie por cada 1.000 habitantes, o 50 % da superficie bibliotecaria pública da cidade. O resto, ata os 61 m2 dispoñibles, repártense entre a Biblioteca da Deputación e a Biblioteca da Xunta/Estado. Cómpre sinalar o carácter descentralizado dos espazos bibliotecarios municipais, que se configuran como unha rede de bibliotecas distribuída xeograficamente en diferentes puntos da cidade.

Como cidade, e en canto á oferta de espazos bibliotecarios, situámonos por enriba dos 56 m2 /1000 habs. que recomenda a IFLA. En canto ás Bibliotecas Municipais situadas nos barrios, agás no caso da Biblioteca Ágora (1.848 m2), non alcanzamos os 1.560 m2 dos estándares da FEMP, aínda que no ano 2009 comenzouse un programa de incremento e adecuación dos espazos das bibliotecas para adaptarse ás necesidades sociais actuais, reformándose e ampliándose os espazos e equipamentos das bibliotecas Castrillón e Fórum no 2009 e 2010 respectivamente. Dende entón, debido ao parón da crise, non se modernizaron máis bibliotecas.

O 24 de outubro inaugurase o Punto de Préstamo no Centro Cívico de Mesoiro, o servizo de préstamo de libros levase a cabo nun pequeno despacho (aprox. 12 m2) pero compártese co centro o uso dunha aula para a celebración de actividades.

A pesar da insuficiencia de metros cadrados nas bibliotecas máis vellas (Biblioteca Infantil, Biblioteca de Estudios Locais, Biblioteca de Monte Alto e Biblioteca Sagrada Familia), segundo os estándares profesionais e as directrices de accesibilidade dos espazos públicos, a satisfacción dos usuarios é alta, e podemos afirmar que, en termos xerais, contamos con instalacións modernas e funcionais que están moi ben valoradas polos/as usuarios/as e que nos permiten ofertar os servizos básicos con calidade. Conviría tomar decisións en torno ás bibliotecas máis vellas, tanto pola insuficiencia da superficie como polas condicións das infraestruturas.

O adecuado mantemento de edificios, instalacións e equipamientos é moi importante, non só para poder prestar adecuadamente os servizos á cidadanía senón para

incrementar a duración e vida útil dos mesmos. Tamén é un apoio importante para fomentar entre a cidadanía os hábitos de bo uso, coidado e respecto polos bens comúns.

O mantemento comprende tanto actuacións de carácter urxente e imprevisto (substitución de luminarias, resolución de atascos de tubaxes, reparación de peches, etc.) como outras que poden preverse e planificarse relativas a deficiencias estructurais e de funcionalidade.

Destacar neste ano 2017 as seguintes intervencións:

- Modificación da instalación eléctrica da biblioteca Castrillón: 2ª fase.
- Reparación das humidades e filtracións do C. Cívico e Biblioteca Castrillón.
- Redaccion do proxecto de mellora e acondicionamento da Sala de Exposicións do Edificio Salvador de Madariaga.

A Biblioteca Sagrada Familia continúa a participar no programa de Sistema de xestión da enerxía nos edificios municipais promovido pola Concellería de Medio Ambiente, elaborando informes de consumo enerxético e activando medidas para o aforro do mesmo con un alto grao de satisfacción por ambas partes.

Horarios de atención ao público

Con 132 horas menos que no 2016, no 2017 prodúcese un decrecemento de 0,62% no número de horas de atención ao público nas bibliotecas. Isto é debido á redución do horario de atención ao público na biblioteca de Estudos Locais por falta de persoal dende o 9 de abril do 2016, durante todo o ano 2017 manténse o horario establecido no 2016.

Fondos e recursos de información

En canto á oferta de recursos informativos (libros, vídeos, revistas, CD, recursos electrónicos...), finalizamos o ano 2017 cun 6,50 % de fondos novos. Do conxunto das altas de 2017, recibíronse 1.137 suxestións de compra dos usuarios, das que 468 tramitáronse a través da Web, 52 a través do Opacweb. O 2,56 % das altas corresponden a adquisicións realizadas por solicitude dos usuarios. Da totalidade destas solicitudes, o 29,55 % ou ben eran fondos xa dispoñibles nas bibliotecas ou non se puideron atender por estaren estes títulos esgotados no mercado. Do resto susceptible de compra, o 48,44 % das peticións incorpóranse aos fondos e o 39,7 % restante foi rexeitado por corresponder a suxestións de materiais non pertinentes á colección das bibliotecas, maioritariamente a obras propias de bibliotecas especializadas que exceden o carácter divulgativo da biblioteca pública. O 13,98 % está pendente de ser adquirido para a súa incorporación.

No que respecta a colección das bibliotecas cabe destacar:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A difusión da colección a través dos distintos escaparates virtuais (8 en total), das exposicións de mostras bibliográficas [1] (realizaronse dun total de 68 mostras), elaboración de guías de lecturas, recomendacións e suxestións de lecturas, tales como:

- Os espazos expositivos *Recomendamos* das bibliotecas. Adicados a recomendar lecturas ás persoas usuarias.
- A publicación do boletín *Letra Miúda* na biblioteca Ágora, para repartir en centros escolares da súa contorna.
- A publicación *Lista de reprodución*, na biblioteca Fórum, que recolle seleccións temáticas de documentos sonoros.
- O *Boletín informativo da biblioteca Castrillón*, con envío periódico as entidades do barrio.
- *Boletín* da biblioteca Sagrada Familia, publicase en Facebook para repartir en centros escolares da súa contorna.

- O acceso ao libro electrónico e a colección dixitalizada:

- Consulta e descarga de documentos dixitalizados, principalmente fondos bibliográficos patrimoniais sobre A Coruña, a colección está formada por aproximadamente 4.000 documentos, de temática variada: guías da Coruña, carteis, programas de man de concertos, obras de teatro, bandos municipais, estampas relixiosas, etc.
- Sendo socio das bibliotecas municipais pódese acceder á plataforma Galicia Lee da Xunta, plataforma de préstamo de libro electrónico.
- Dende as bibliotecas facilítase o préstamo de e-readers: 44 préstamo de equipos.

- Mellorar e incrementar o fondo relacionado con Xénero e feminismos (inclúese LGTBI) nas BM.

As posibilidades de acceso á información complétanse con:

- 6,8 ordenadores de acceso público á Internet por cada 10.000 hab. (por enriba dos 5,51 da media espanola) e co servizo wifi que permiten o acceso gratuíto á Internet, lectura de CD-ROM, acceso bases de datos, acceso ao catálogo etc.
- Os recursos e servizos ofertados a través de diferentes aplicacións da Web 2.0. Finalizamos 2017 con presenza en 3 redes sociais, 5 wikis, 8 blogs e 8 escaparates virtuais e co 46,4% do cadro de persoal experimentando e utilizando estas plataformas.
- En canto ás demandas de información, comentarios e interaccións cos usuarios: no que respecta ás publicacións na web social (1.713), prodúcese un decremento dun 16,48 % nas informacións difundidas nas plataformas virtuais, recíbense 116 consutas a través do formulario de contacto, 46 demandas de información

1 Mostras: seleccións temáticas, conmemorativas, etc. de fondos da biblioteca que se ubican temporalmente nun lugar destacado, ambientados e presentados de xeito chamativo para atraer a atención das persoas usuarias. Poden ir acompañadas da elaboración dunha guía de lectura.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

no Programa Pregunte, 11 demandas en Pregunte pola Coruña e 297 demandas virtuais de información.

Ca posta en funcionamento dun servizo de mesaxería instantánea (comunicación a través de WhatsApp), continúase a traballar na línea de atender aos usuarios virtuais en tempo real e satisfaceren así as súas demandas de información. (31 comunicacións).

- Realizáronse un total de 178.616 búsquedas no catálogo web, das que 46.088 deron resultado nulo.

No apoio ás persoas usuarias no uso dos ordenadores e na busca de información os/as cibervoluntarios/as continúan a prestar a súa axuda nas bibliotecas Ágora e Forum.

Na liña de achegar os recursos á cidadanía, seguen en fucionamento os 7 puntos de lectura ubicados en centros cívicos e en centros de Saúde.

Voluntariado

Contamos cun programa de voluntariado no que participan persoas que, de forma totalmente desinteresada, ofrecen parte do seu tempo para colaborar connosco en diferentes inicativas de carácter formativo ou social.

Ata a 2017 os servizos desenvolvidos por persoas voluntarias:

- Préstamo no fogar (ou Telepréstamo) coa intención de facilitar que persoas con problemas de mobilidade poidan solicitar e recibir nas súas casas libros, discos e películas das bibliotecas.
- Cibervoluntariado. Deseñado para apoiar e axudar na resolución de dúbidas aos usuarios e usuarias con pouca experiencia no uso de Internet e poucos coñecementos informáticos. Varias persoas voluntarias imparten pequenas "pílulas formativas" sobre cuestións básicas como envío de correos electrónicos, uso de redes sociais, etc.
- Coa lingua de fóra. Ofrece a posibilidade de practicar conversación en diferentes idiomas de forma gratuíta, informal e dinamizada por unha persoa nativa.
- Lectura fácil (dentro do programa de Alfabetización de adultos): é un programa pensado para persoas que tiveron unha escolaridade deficiente ou tiveron que deixala a unha idade temperá e agora desexan mellorar as súas competencias en materia de lectura, escritura, coñecementos básicos, comprensión de textos, cultura xeral, etc
- A hora do lector, en colaboración con Centro de Día Boandanza, con encontros semanais arredor da lectura e á música.
- Lendo espero. Punto de lectura no ambulatorio do Ventorrillo, especialmente con libros infantís.

Incorpórase como novidade:

- O programa de Inmersión Lingüística: é un programa de voluntariado deseñado á medida dun grupo de alumnos e alumnas de procedencia estranxeira do IES Agra I e a petición dalgunhas profesoras do mesmo ante a necesidade de afianzar as competencias lingüísticas en castelán e galego deste alumnado,

favorecer a súa integración, mellorar a súa comprensión nas clases e xa que logo o rendemento académico

Neste ano 2017 tivemos a colaboración de 28 persoas voluntarias.

Recursos humanos

Aínda que no dato do número de traballadores en bibliotecas por habitante (1 T.bib./2.613 hab.) é superior a media espanola (1 T.bib./4.341 hab.), é necesario ter en conta as necesidades de persoal para cubrir os amplos horarios das Bibliotecas Municipais, 5 delas abren máis de 60 horas á semana, mentres que o 81,21 % das bibliotecas espanolas abren 40 ou menos horas á semana e destas un 48 % abren 20 ou menos horas (sendo estas o 38,9 % do total das bibliotecas espanolas). Mentres que na maioría das bibliotecas espanolas é suficiente cunha quenda de persoal, no caso das Bibliotecas Municipais da Coruña son necesarias dúas quendas para cubrir as doce horas diarias de apertura en inverno e 9 h en verán.

Por outra parte, a Sociedade da Información e o crecemento das comunidades multiculturais están a xerar na cidadanía necesidades de información e formación novas e cada vez máis complexas. Desde as Bibliotecas Municipais, estas novas demandas viñéronse afrontando coa creación de novos e diversos servizos que requiren unha maior participación de persoal, fundamentalmente técnico. Amplos horarios, uso intensivo da cidadanía, diversidade e especialización na oferta de servizos, conforman un escenario no que os cadros de persoal actual non son adecuados nin cuantitativa nin cualitativamente.

Todas estas circunstancias farían necesario, por un lado, conxugar a ampliación do equipo cunha redución do horario de atención ao público e, por outro, a especialización deste cunha presenza maior de persoal técnico fronte ao auxiliar. Tres das bibliotecas alcanzan o 50% de persoal técnico desexable fronte ao resto, que teñen 18, 22, 29, 33 e 45 %. Nesta cuestión non se ten en conta ao persoal que presta servizo no Punto de Préstamo de Centro Cívico Mesoiro.

<u>Grupos de traballo e mellora:</u>

Nas Bibliotecas Municipais creemos na importancia do traballo colaborativo como medio de alcanzar resultados de maior calidade. Por iso, optamos pola creación de grupos de traballo de diversas temáticas que axuden a incidir en áreas de interese para todos os usuarios e usuarias e para as propias bibliotecas, os grupos son:

- Grupo 2.0.
- Grupo de traballo técnico.
- Grupo Microstrategic.
- Grupo Fancómic.
- Grupo Formación.
- Grupo Biblioteca Verde.
- Grupos de actividades.

Forman parte destes grupos tanto persoal técnico como auxiliar técnico.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Formación:

- Formación do persoal:

Durante o ano 2017 parte do persoal asisteu o 2ª turno para do Curso de "Xestión da comunicación", dentro do Plan de formación do Concello.

- Formación impartida polo persoal das bibliotecas.

Os bibliotecarios tamén levan a cabo unha tarefa como formadores en cursos de competencias en información, na formación de alumnos, etc., traballouse con:

- Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, Departamentos de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Innovación Educativa, e ca Área de Didáctica da Lingua e a Literatura.
- Centro de FP Superior Infantil do Centro de Formación López e Vicuña.
- CIFP Ánxel Casal da Coruña: Ciclo formativo de Animación Sociocultural.

E, ademais, o persoal participa como relatores en distintos seminarios, xornadas, congresos profesionais e distintos eventos culturais:

- I Xornadas de LIX e animación á lectura "Cando Ler non serve para nada" organizadas pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.
- Feria do Libro de A Coruña, como coordinadores da mesa redonda "Editar en tiempos revueltos".
- Pregón da 46ª Feria do libro de A Coruña.
- VII Encuentro Bibliotecas e Municipios organizados polo Ministerio de Cultura.

Por outra banda, a biblioteca Ágora foi seleccionada, quedando finalista no Premio "Biblioteca Pública e compromiso social" co proxecto ¡NUNCA É TARDE!, dirixido ao colectivo de persoas maiores.

E a proposta presentada ao "Premio REBIUN para o recoñecemento de boas prácticas no ámbito bibliotecario" recibiu una mención honorífica con accesit.

Actividades

Globalmente, e con 7 act/1.000 habs., a oferta decrece nun 20,5 % con respecto a 2016. Destas o 51 % foron actividades relacionadas coa formación e a aprendizaxe e o 43% de promoción da lectura.

O decremento das actividades está relacionado con que no ano 2017 no se levou a cabo ninguna acción formativa do programa de Alfabetización dixital, porque non se resolveu o concurso a tempo. Pero para os anos seguintes asinouse en decembro do 2017 un contrato de prestación de dito servizo.

Compre salientar o incremento dun 52,52 % do orzamento nesta apliación orzamentaria, neste incremento débese ter en conta que unha parte sustancial na aplicación

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

orzamentaria correspondente ao gasto de actividades para a posta en e funcionamento e desenvolvemento de actividades no Punto de Préstamo co Centro Cívico de Mesoiro.

Como novidades en 2017, temos as seguintes actividades e programas:

- Deseñar e executar un obradoiro de teatro para persoas adultas. Dende febreiro de 2017 funciona o obradoiro de Teatro lido na Biblioteca Sagrada Familia.

No ano 2017 créanse dous novos clubes de lectura

- Biblioteca Infantil e Xuvenil: Club de lectura Club DL para adultos, con 14 inscritos, realizáronse 3 lecturas.
- Biblioteca Monte Alto: Club de Lectura Infantil para rapaces/as de 8 a 10 anos, con 10 inscritos, realizáronse 3 lecturas.
- Club de lectura de clásicos na biblioteca Castrillón, con 10 inscriptos, realizáronse 6 lecturas.

RESULTADO DO RENDEMENTO DOS SERVIZOS

Dentro dos servizos dos que recollemos datos detallados, o servizo de préstamo, cun 13,62 % de visitas que o utilizan, continúa liderando a nosa oferta e a nosa demanda aínda que o número de usos do servizo de préstamo decrece nun 0,84 % con respecto a 2016.

Esta tendencia cara ao descenso no uso deste servizo é común no conxunto das bibliotecas, e neste ano estabilizase. Hai que ter en conta que arrastramos dende 2010 unha perda acumulada nos orzamentos destinados á compra de fondos. O incremento desta aplicación orzamentaria no 2017 (un 41% con respecto a 2016) débese principalmente a dotación de fondos para a creación do centro de interese sobre feminismo e dereitos humanos na biblioteca Ágora, sen ter en conta esta aportación conseguimos reducir esa perda acumulada do 17% ao 4%, a colección leva anos sen ser actualizada adecuadamente.

O que máis se presta son os libros (71,20% do préstamo total) e, co 28,80%, séguen o resto de materiais (revistas, CD, DVD...).

Con 1,42 préstamos por habitante superamos os 1,11 da media espanola.

Cun 8% de visitas que utilizan este servizo, o acceso á Internet e aos programas ofimáticos (con equipos das bibliotecas) é o segundo máis utilizado. O número de usos deste servizo, no conxunto das bibliotecas, decrece nun 4,13 % con respecto a 2016. Esto ben podería explicarse pola tendencia ao incremento no uso do servizo Wifi da rede municipal que fan os usuarios cos seus equipos pero do que carecemos de datos de uso para seren analizados. A extensión no uso de dispositivos móbiles entre a poboación pode ser outro dos factores que están a influir nestes datos de uso dos equipos das bibliotecas.

Continuando a análise por intensidade de uso, en terceiro lugar encontrámonos con que a participación nas diversas actividades é outro dos atractivos das bibliotecas (3,59% das visitas). O número de persoas que participan en actividades decae nun 7% con

respecto ao ano 2016. O 52,9% das persoas que acoden, fano a actividades de promoción da lectura e o 42,14% a actividades formativas.

O uso do resto dos equipamentos decae nun 3% con respecto a 2016, a porcentaxe de visitas que fan uso destes equipamentos no ano 2016 e dun 0,41%. O 59,27% dos usos concéntranse nas videoconsolas, o 31,40% no uso de equipos de visionado, o 6,10% no uso do servizo de reprodución a través do escáner, cun incremento do 13,8 con respecto ao ano 2016.

O resto das visitas -que representan o 74,26 %- utilizan os espazos da biblioteca para ler prensa, buscar información en formato impreso, utilizar o servizo wifi e estudar.

En 2017, as bibliotecas reciben 329,07 visitas cada hora, fronte ás 339,82 de 2016. Con 3,63 visitas por cada habitante, seguimos encontrándonos por enriba das 3,02 da media espanola.

Na actualidade, un 37,7% dos cidadáns/ás da Coruña son socios/as das Bibliotecas Municipais, por enriba da media espanola (36,23%). As nosas bibliotecas continúan con capacidade para captar novos socios, 22,50 socios por cada 1.000 habitantes, mesma media espanola (22). Os novos socios de 2017 representan o 6% do total de socios inscritos ao finalizar 2017.

No ámbito virtual, os seguidores das Bibliotecas nas redes sociais seguen a incrementarse, cun 13,22 % máis de fans en Facebook e Twitter (25.630). Nas visitas a Facebook (1.313.096) hai un decremento do 41% (2.213.856 en 2016), tamén decrece o número de fans novos por día e pasamos de 6 a 1,2 no ano 2017. O número de visitas aos blogs propios das bibliotecas crecen nun 6% (174.486 visitas no 2017), as visitas realizadas a web propia (con 385.577 no ano 2017) decrecen nun 14%. Ademais de consultar información sobre actividades e noticias das bibliotecas e do ámbito da cultura, os usuarios reciben recomendacións sobre libros, cinema ou música e participan cos seus. Cómpre destacar que, a través do chat de Facebook os usuarios virtuais poden ser atendidos en tempo real e satisfaceren así as súas demandas de información.

Seguimos a comprobar que as plataformas virtuais impóñense claramente como unha nova forma de lle ofrecer servizos á comunidade e cunha clara tendencia a medrar no uso. O descenso no número de visitas a Facebook haino que analizar tendo en conta o incremento de interacción. Temos menos visitas pero as que hai son máis activas e participan cos seus comentarios e achegas. Os esforzos investidos en que sempre haxa unha voz das bibliotecas detrás das redes sociais que lles responde aos usuarios en tempo e forma adecuados estanse a ver recompensados coa súa fidelidade e participación.

Seguimento da opinión dos usuarios

En 2017, tramitáronse un total de 15 suxestións e reclamacións, un 26,8% menos que no 2016.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

OUTROS PROXECTOS

Poñer a disposición dos distintos servizos municipais, das entidades e asociacións sen ánimo de lucro os recursos das bibliotecas converténdose a biblioteca nun centro para o desenvolvemento social, educativo e económico de todos os cidadáns, promocionando iniciativas locais para o desenvolvemento social e a participación activa na comunidade:

- Comisión técnica interdepartamental para a Transversalidade de Xénero, incluída non III Plan de Igualdade do Concello da Coruña.
- Colaboración coa Concellería de Participación e Innovación Democrática na celebración de encontros participativos para informar e dar a coñecer o procedemento dos orzamentos participativos.
- Asociación Isabel Zendal, Asociación de Estudos Históricos de Galicia, Instituto José Cornide, cédeselles a biblioteca de Estudos Locais para a celebración de actos e reunións.
- UAMI: cesión da aula de informática para actividades formativas, donación de fondos para a súa biblioteca de aula (ben fondos expurgados, ben donativos non incorporados á colección); colaboración e comunicación permanente para a mediación en determinados conflitos con usuarias e usuarios en risco de exclusión social.

Ademais podemos destacar a participación das BMC nun Programa de carácter internacional:

- Participación no Programa INELI, da Fundación Melissa e Bill Gates, e na rede de bibliotecarios innovadores iberoamericanos que se constituiu como consecuencia deste Programa.

O MÁIS DESTACADO NO ÁMBITO DA PLANIFICACIÓN E DA XESTIÓN DOS PROCESOS INTERNOS DE TRABALLO

En novembro preséntase o documento estratéxico: Bibliotecas Municipais da Coruña: Plan do servizo bibliotecario 2017-2027 dirixido básicamente a orientar a acción política da cidade en canto á estrutura territorial, de servizos, de RRHH,. O documento esboza, ademais, unhas liñas xerais que deberían orientar o modelo e actuacións da proposta da rede de cidade.

Continuamos en 2017 co desenvolvemento do novo Sistema de Xestión baixo o paraugas da ISO 2001:2015. Neste eido, redáctase a documentación relativa a seis dos procesos de traballo identificados no mapa (o 50% do previsto) aínda que a fin de 2017 están todavía sen implantar. Procesos 3, 10, 12, 27, 28, 32. No que se refire aos procesos de xestión administrativa e económica, houbo que reformular varias veces a documentación para adaptala a novos requirimentos doutros servizos do Concello e a implantación de novas ferramentas de traballo, aplicación de aspectos lexislativos, etc.

As melloras previstas da ferramenta para a xestión de actividades e inscricións continúan sen implementarse. Moitas das propostas presentadas pola empresa encargada do seu desenvolvemento non satisfixeron as necesidades e expectativas iniciais polo que se está a redimensionar o proxecto de mellora. Por esta razón tampouco abordamos a parte do proxecto que buscaba a simplificación do proceso de publicación de eventos na

web a través da integración do Content Server (software de xestión de contidos web) pois estaba prevista na Fase III e está sin finalizar a Fase I.

Están en en marcha pero sen finalizar a adaptación do Manual de Catalogación o plan de comunicación Dixital e o deseño da fase I dun novo sistema automático de obtención de datos e indicadores.

Neste ano dende o servizo de bibliotecas preséntase á Concellería un primeiro esbozo para o redacción do proxecto “Caixa da Memoria” pero finalmente, seguindo as indicacións da Concellería, as bibliotecas non asumen a redacción do proxecto.

Durante o exercicio 2017 non se aborda o deseño dunha nova estrutura organizativa nin se elabora o Regulamento de Bibliotecas.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Casas das Ciencias

Responsable: Pérez Maldonado, Marcos
Dirección: Aquarium Finisterrae
Teléfono: Ext. 19098

MISIÓN

Divulgación da ciencia.

FUNCIÓNS

1. Integrar a cultura científica cos aspectos artísticos e literarios da cultura humana.
2. Comprender como interveñen na nosa vida as múltiples facetas da ciencia e a tecnoloxía.
3. Desenvolver nos cidadáns o coñecemento, a comprensión e a valoración da ciencia.
4. Popularizar a ciencia e a tecnoloxía entre os cidadáns de todos os niveis de educación e de todas as idades.
- **Produción do Vídeo Emprendemento Coruña - Accede Papagaio** (´60ss e ´20ss.) para difusión dos servizos de apoio á actividade emprendedora.
- **Xornadas.**

4) **ENCONTROS NO PAPAGAIO**: 22 de Novembro

Sesión aberta de emprendemento cun dobre obxectivo:

- Para as persoas emprendedoras en marcha: compartir as experiencias doutros neste ámbito, desde unha visión crítica que achegue coñecemento ao proceso de aprendizaxe e mellora continua que implica calquera proxecto emprendedor.
- Para as persoas emprendedoras que aínda non tomaron a decisión de pasar a súa idea á acción: recibir inspiración doutros casos de emprendemento que poderían ser moi motivadores para facilitar a súa propia posta en marcha.

Datos das persoas asistentes:

- ✓ 50% traballa na definición dos seus propios proxectos de emprendemento.
- ✓ 30% en procura de inspiración e ideas.
- ✓ 20% con proxectos emprendedores xa en marcha.

5) NETWORKING ARQUITECTURA DIXITAL

Nun foro moi dinámico e participativo os convidados presentaron os seus casos de éxito e intercambiaron ideas coas persoas asistentes.

O obxectivo era trasladar a nova situación do sector de arquitectura e construción, derivada da transformación dixital así como das expectativas dun mercado cada vez

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

máis dinámico, que demanda grandes doses de innovación e unha actualización constante.

6) NETWORKING MARKETING DIXITAL

Networking dirixido tanto a persoas emprendedoras con proxecto como a aquelas en fase de procura e maduración, ou a empresas e particulares en xeral.

Nun novo escenario no que as comunicacións se moven a moita velocidade axudadas polo dinamismo das redes sociais, é preciso que empresas e persoas emprendedoras coñezan as regras do Marketing dixital para destacar coa súa oferta nun mercado moi saturado.

7) XORNADA EXPERIENCIAS DIXITAIS QUE TRIUNFAN

Presentáronse casos de éxito de mulleres no sector das TIC e debateuse sobre a fenda dixital que existe en canto a inclusión da muller neste ámbito, desde a súa faceta como emprendedora, traballadora ou investigadora

Datos de participación global do Programa Emprendemento Coruña.

			INSCRITOS			ASISTENCIA		
		HORAS	**H**	**M**	**TOTAL**	**H**	**M**	**TOTAL**
7 e 8 xullo	**IMPACTA**	9	10	14	24	7	9	16
17 xullo	**Cooperativismo**	3	10	4	14	10	4	14
15 e 16 setembro	**CreActiva**	11,5			19	1	8	9
20, 21 e 22 out.	**Greenweekend**	12	30	31	61	18	11	29
22 novembro	**Encontros no papagaio**	12	13	16	29	12	13	25
27 novembro	**Networking arquitectura dixital**	2	20	7	27	16	4	20
4 decembro	**Networking Marketing dixital**	2	19	29	48	14	12	26
14 decembro	**Experiencias dixitais que triunfan**	3	17	14	31	10	8	18
	TOTAL	54,5	119	115	253	88	69	157

4. ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS

Asistencia e asesoramento ao emprendemento e empresas – Mentorización.

Para unha mellor comprensión dos datos contidos no presente informe, incorporase os datos do ano 2016 no cadro comparativo que se adxunta o remate. Tamén se explican os distintos apartados que figuran no mesmo.

Tamén, hai que sinalar que se ben pode parecer que as cifras de proxectos asesorados e de persoas atendidas non coinciden, o motivo é que en ocasións son varias as persoas emprendedoras cun mesmo proxecto empresarial.

- Asesoramentos grupais: son os talleres de emprendemento que se realizan cunha frecuencia aproximada de entre unha e dúas semanas dependendo da demanda. Nos mesmos explícase o proceso de creación dunha empresa cunha información básica sobre o plan de empresa, formas xurídicas e trámites de constitución, axudas e subvencións, etc. Compútanse o número destes talleres realizados, os proxectos asesorados nos mesmos e o número de persoas atendidas (separando por sexo).
- Asesoramentos individuais: son asesoramentos, na súa maioría proxectos de creación de empresa, realizados de xeito individual que non poden acudir o taller grupal.
- Entrevistas de seguimento: son os asesoramentos realizados a persoas emprendedoras para continuar no proceso de creación de empresa.
- Asesoramentos a empresas: son os asesoramentos a empresas constituídas. En moitos casos facilítase información para a presentación da solicitude dalgunha das subvencións existentes para a creación de empresas, así como para a realización dos informes de viabilidade económico-financeira requiridos para as mesmas. Se teñen feito un total de 64 informes de informes de viabilidade.
- Asesoramentos online e telefónicos: realízanse con carácter puntual para atender calquera tipo de consulta que non require unha entrevista presencial, a través de correo electrónico ou por teléfono.
- Asesoramentos no Centro Municipal de Empresas da Grela. Son asesoramentos de diverso tipo: realizados a emprendedores, a empresas situadas no Centro, sobre solicitudes de información de acceso ao Centro, etc. Desde o mes de maio do ano 2017, este Centro conta cun técnico con carácter permanente, fronte á presenza puntual (un ou dos días a semana) durante o ano 2016 e ata maio do ano 2017, o que explica que o número de asesoramentos durante ese período sexa substancialmente inferior.
- Atención puntual no Centro ACCEDE Papagaio: atención xeral e sen cita previa sobre información sobre o propio Centro, sobre empresa, emprendemento e comercio. Os datos referidos a este punto son os seguintes:
    - Presencial: **740 persoas** atendidas.
    - Atención virtual (a través de correo electrónico): 230 correos electrónicos enviados.
    - Telefónica: 270 persoas atendidas.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

CADRO COMPARATIVO DE ASESORAMENTOS 2016 – 2017

	2016					2017				
			Usuarios					Usuarios		
	Nº	Nº prox.	H	M	Total	Nº	Nº prox.	H	M	Total
Asesoramentos grupais	33	265	143	142	285	24	176	75	123	198
Asesoramentos individuais		131	47	84	131		184	89	105	194
Entrevistas de seguimento			33	38	71			29	41	70
Asesoramentos a empresas					67					87
Asesoramentos telefónicos			10	19	29			10	16	26
Asesoramentos online			9	16	25			30	30	60
Asesoramentos CME A Grela			2	3	5			19	22	41
TOTAIS		**396**	**244**	**302**	**613**		**360**	**252**	**337**	**676**

- Asesoramento en titorías individualizadas ou de grupo: se asesora as persoas e proxectos de emprendemento para que, paso a paso, poñan en marcha o seu proxecto empresarial. Realizáronse:
  - ✓ 33 asesoramentos grupais a persoas emprendedoras, de 2 horas.
  - ✓ Grupos cunha media na asistencia de 9 persoas.
  - ✓ Contidos: información xeral, das formas xurídicas, trámites para a constitución dunha empresa, axudas existentes,...
  - ✓ 285 persoas asistentes en total: 143 homes e 142 mulleres.
  - ✓ Os proxectos empresariais asesorados de xeito individual foron:
  - ✓ 131 persoas emprendedoras, 47 correspondían a homes e 84 mulleres.
  - ✓ Houbo consultas de seguimento a proxectos de emprendemento xa en marcha:
  - ✓ 75 proxectos, deles 33 estaban liderados por homes e 38 por mulleres.
  - ✓ 67 consultas de empresas e outras 54 vía telefónica ou en liña de Internet.

Programas de formación para persoas emprendedoras e empresarias.

Formación dirixida a persoas emprendedoras coa necesidade e inquietude de levar a cabo un proxecto empresarial xa definido como idea pero non desenvolvido e/ou a aquelas que, tendo a súa empresa xa constituída, precisen dun apoio especial para mellorar as súas expectativas de supervivencia.

As características básicas dos Talleres que conforman o itinerario so as seguintes:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Son de curta duración entre 4 e 30 horas como máximo.
- Son impartidos por docentes especialistas en cada materia.
- Neles desenvólvense e introdúcese ao público obxectivo en todos os temas de interese básicos para desenvolvemento do seu plan de negocio.
- Os talleres, en función da demanda, se poden repetir cunha frecuencia trimestral ou cuadrimestral.
- A inscrición materialízase a través do departamento de Promoción Económica do Concello da Coruña.

RESUMO DOS TALLERES:

Itinerario Formativo	Nº Talleres	Horas	Total	Centro xestión
Plan de Empresa Presencial	2	20	40	ACCEDE Papagaio
Plan de Empresa Online	4	20	80	ACCEDE Papagaio
Plan de Empresa	1	10	10	ACCEDE Papagaio
Elaboración de Estudos de Mercado	2	10	20	ACCEDE Papagaio
Financiamento	2	8	16	ACCEDE Papagaio
Fiscalidade	2	4	8	ACCEDE Papagaio
Marketing e Técnicas de Venda	2	16	32	ACCEDE Papagaio
Presentación de Proxectos	1	10	10	ACCEDE Papagaio
Redes Sociais Básicos	1	20	20	ACCEDE Papagaio
Redes Sociais Avanzado	1	15	15	ACCEDE Papagaio
Marketing Dixital (*)	1	15	15	ACCEDE Papagaio
Plan de Negocio Innovador (*)	1	20	20	ACCEDE Papagaio
English Conversation (*)	1	20	20	ACCEDE Papagaio
Financiamento, procura de Inversións(*)	1	10	10	ACCEDE Papagaio
Conversación Inglés Medio	1	30	30	A Grela
Conversación Inglés Avanzado	1	30	30	A Grela
Habilidades Comunicativas	1	30	30	A Grela
Novas Tecnoloxías aplicadas á empresa	1	30	30	A Grela
TOTAL	**26**	**318**	**436**	

(*) Baixo o convenio da Deputación da Coruña

Datos de participación e resultados no ano 2017:

- 26 talleres que sumaron un total de 436 horas de formación.
- O número total de asistentes a estes talleres foron de 254 persoas, 102 homes (40%) e 152 mulleres (60%).

- A porcentaxe de participantes a estes talleres fronte ao número de persoas inscritas é dun 67,3%

			INSCRITOS			ASISTENTES		
	Nª TALLERES	Nº HORAS	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
TOTAL	26	436	139	238	377	102	152	254

5. CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS. APOIO A NOVAS EMPRESAS.

O 5 de outubro de 2016 inaugurouse o novo Centro de empresas ACCEDE Papagaio, sumándose así ao outro Centro de empresas de Agrela inaugurado no ano 2010.

Estes Centros de Empresas son espazos, nos que teñen cabida persoas con proxectos empresariais en fase de ideación ou xa empresas de nova creación, aos que se lles facilita espazo de traballo non que xestar as súas ideas ata lograr madurez e consolidarse, cun máximo de estanza de tres anos.

Durante a estancia danse facilidades para ocupar un local, compartir servizos coas outras empresas e recibir formación puntual de interese así como un asesoramento e seguimento por parte do persoal técnico municipal dependente deste departamento.

No caso do novo ACCEDE Papagaio teñen prioridade pequenas empresas no ámbito da investigación, a tecnoloxía, e/ou a innovación.

O centro ten o espazo dividido en 4 espazos e dispón de 74 postos de traballo:

- ”Emprende”-preincubadora con 30 postos para persoas emprendedoras que queren crear a súa empresa e atópanse en fase de maduración.
- “Crece” -incubadora con capacidade para 32 postos para persoas emprendedoras que xa teñen a súa empresa en funcionamento e o seu obxectivo é consolidar o seu proxecto.
- “Nube” con 12 postos para persoas emprendedoras externas que non permanezan de maneira continuada no Centro e un espazo aberto.
- “Conecta”, destinado a potenciar o networking, ou redes de traballo, a través de charlas, xornadas, encontros, mesas de debate.

A finais do ano 2017 están instaladas nos Centros Municipais:

- ✓ Centro Municipal – Viveiro de A GRELA. **10 módulos de 12;**
- ✓ ACCEDE Papagaio: **65 postos de 66.**

❖ Centro Municipal de Empresas ACCEDE Papagaio.

ACCEDE Papagaio é un lugar para compartir os espazos de traballo entre empresas, Startups e freelancers. De este maneira beneficiasen compartindo e abaratando custos dun espazo fixo onde exercer a súa actividade.

- O Número de módulos dispoñibles para ocupación en carácter permanente é de **66 postos.**

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- O Número de salas de reunión é de **2 grandes e 2 pequenas.**
- Un salón de actos denominada sala Conecta e un espazo de traballo para compartir composto por **12 módulos**, e unha aula de formación para un total de **20 alumnos/as.**

A descrición da situación de ocupación de espazos é como sigue:

➢ **FORMACIÓN VIDEOXOGOS:**

O número de módulos ocupados por docentes e alumnado de Formación no sector dos videoxogos na actualidade (31/12/2017) ascende a **39 módulos** con carácter permanente, ocupando a aula de formación e o espazo compartido de traballo para posta en común e formación continua nesa rama.

Ocupación de 39 módulos; Alumnado: 37 potenciais emprendedores; 7 proxectos.

Mentora: 9 profesionais. Empresa mentora: Gato Salvaxe.

➢ **INCUBACIÓN**

Forman parte como usuarios persoas emprendedoras que levan a cabo proxectos xa creados, con personalidade xurídica propia, xa sexan empresarios individuais ou adopten formas xurídicas societarias (sociedades limitadas e empresas de economía social)

O número de proxectos empresariais, en incubación é de 8.

O número de persoas integrantes xa sexa como promotores o como traballadores nestes proxectos é de 18 persoas, 10 promotores e 8 traballadores por conta allea.

➢ **PREINCUBACIÓN**

Forman parte como usuarios persoas emprendedoras que levan a cabo proxectos que aínda están en fase de maduración, polo tanto as persoas que están levándoos a cabo non se han constituído como empresa.

Número de proxectos en preincubación: 6.

Número de módulos ocupados: 8.

Sectores nos que se leva a cabo a actividade das persoas establecidas no viveiro, sector de videoxogos, desenvolvemento de APP, servicios informáticos, xestión e desenvolvemento de webs, inmobiliarias virtuais, Marketing dixital, servicios gráficos, deseño, arquitectos, xestión patrimonial... todas e cada unha das actividades se levan a cabo no ámbito da vangarda de TICS

➢ **OCUPACIÓNS TEMPORAIS**

As ocupacións temporais e de salas dispoñibles, salas de xuntas, salón de actos, despachos...

1.-Solicitudes externas, ascende a cantidade de 37 anuais cunha ocupación de 130 horas.

2.- Solicitudes internas de outras concellerías un total de 20, cunha ocupación total de 60 horas.

Datos ocupación 2017 CME – Accede Papagaio.

A día de hoxe o CENTRO ACCEDE Papagaio esta en plena ocupación, tanto en ocupación permanente de módulos dirixidos a persoas emprendedoras, onde de 66

módulos están ocupados 65, e en pleno rendemento en canto a ocupacións puntuais de instalacións se refire.

- **Centro Municipal de Empresas AGRELA.**

No Centro Municipal de Empresas da Grela atoparás, entre outros, os seguintes servizos:

Existen 12 despachos cunha superficie que vai desde os 10 ata os 16 m2, destinados á localización de novos proxectos empresariais ou de recente creación, para o desenvolvemento e exercicio da súa actividade.

- ✓ **Zonas comúns e de espera.** Entre outras: vestíbulo de acceso, recepción e secretaría, almacén, cuarto de instalacións, aseos.
- ✓ **Salón de actos.** Unha contorna única que ocupa o espazo do que no seu día foi a capela do Igrexario da Grela Bens; actualmente reformada e habilitada para conferencias, xornadas, seminarios, etc.
- ✓ **Sa de reunións / Aula de formación.** Sala equipada con todo o necesario para a realización de cursos de formación, presentacións de produtos e/ou servizos, reunións, etc.

Ademais, realizase formación as persoas emprendedoras instaladas no Centro Municipal de Empresas na procura da idea empresarial e na consolidación da idea dun proxecto de empresa.

Datos de ocupación do CME Agrela.

- ✓ Nº despachos a disposición 12; Nº despachos ocupados 10
- ✓ Nº de ocupacións puntuais, na súa maioría de formación, 14.
- ✓ Proxectos Incubados: 10
  1. Deseñarte s.l.
  2. ACimpulsa
  3. Working s.l.
  4. Galejobs s.l.l.
  5. Pilea s.l.
  6. INGAF s.l.
  7. Wapping s.l.
  8. Progresi Consulting s.l.
  9. Ladibug s-l-
  10. Lapisofot s.l.
- ✓ 60% das persoas que desenvolven a súa actividade no centro son mulleres.

TOTAL	MULLERES	HOMES
27	**16**	**9**

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE

1. AXUDAS PARA DINAMIZACIÓN COMERCIAL.

- **Axudas en concorrencia.**

Publicouse unha liña de subvencións de asociacións e federacións comerciais da cidade por importe de 126.500 € para colaborar na dinamización e apoio ao pequeno comercio en xeral e tamén nos barrios.

- **Convenios nominativos Asociacións do Comercio da Coruña.**

Realizáronse 1 **convenios** nominativos coa FUCC por importe de 125.000 €.

2. CAMPAÑAS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL.

- **Campaña "Queda na casa".**

Unha actividade xeral foi a campaña publicitaria para o comercio urbano "Queda na casa", con un sport publicitario que se proxectou nos cines da cidade (Cinesa e Yelmo). Un total de 90.000 persoas visualizaron o anuncio.

- **Samain. Colaboración con Centros Educativos e comercio local.**

A acción inclúe: sesións de elaboración de disfraces nos colexios participantes, pasarúas, procesión da Santa Compaña e unha festa final na Praza de María Pita.

Ao mesmo tempo o comercio entrega rascas para participar nun sorteo de vales de compra e dunha viaxe a Eurodisney.

Nesta campaña participaron 8 centros educativos (302 rapaces/as) e 89 establecementos comerciais de 10 barrios. Á festa final de Samain asistiron máis de 4.500 persoas.

- **Dinamización do comercio do barrio da Sagrada Familia.**

O comercio repartiu entradas para películas que se proxectaron no centro cívico do barrio os 4 sábados do mes de novembro. Cada sábado realizáronse dúas sesións ás 17:00 e ás 20:00 con distintas películas.

- **Campaña "Comercio con mimo".**

Campaña de dinamización do comercio dos Mallos. Acción de street Marketing con actuacións de mimos nos escaparates interactuando cos elementos e subministro de 3.000 bolsas para apoiar a campaña. Participaron 6 establecementos e realizáronse 22 actuacións nos seus escaparates asombrando aos viandantes.

- **Acción "Vales de compra".**

No ano 2017 comezou a campaña de Vales de compra, para a dinamización do comercio da cidade, que terá as súas principais fases no ano 2018 e a través da cal repartiranse un total de 60.000 €.

Na primeira fase realizouse a captación dos establecementos que participarán: 669 incluídos postos dos mercados municipais.

- **Campaña de Nadal:**

  - **Papá Noel por barrios.** No Nadal, o Papa Noel visitou 20 barrios da cidade.

- Coa colaboración das asociacións de comerciantes, distribuíronse para os comercios 100.000 rifas de **"rasca e gaña"** para entregar coas compras e gañar entradas gratuítas ás atraccións e obradoiros.
- **Dinamización en María Pita**. Actividades lúdicas: 28 actuacións escénicas para animar a praza e obradoiros para nenos/as (15 obradoiros con diferentes temáticas e enfocados a distintas idades).
- **Caseta de Papá Noel**. Na caseta o Papá Noel recibe a visita dos/as nenos/as e, tras o Nadal, realízanse nela obradoiros.
- **Atraccións infantís**. Na praza instalouse unha carpa con diversas atraccións e photocalls. No exterior da carpa contouse con carrusel, tirolinas e decoración variada.
- **Postos de alimentación**. Para completar a dinamización da praza durante estas datas instaláronse 3 postos de alimentación.

3. ESPAZOS COMERCIAIS ABERTOS.

- **Mercadillos Urbanos.**

Organizáronse "Mercados urbanos" ao aire libre en seis zonas da cidade nos meses de setembro e outubro: Parque de Eirís, Ángel Senra, Praza María Casares, Praza de Tabacalera, Campo da Leña e Praza das Conchiñas.

Dado o éxito do ano anterior nesta ocasión ampliouse a duración a dous días cada un. Contouse coa colaboración das asociacións de comercio de cada zona.

- **Mercado Ecolóxico.**

O "Mercado ecolóxico", no Campo da Leña, realízase para promover este sector emerxente e o consumo de proximidade. Neles expoñen e venden diversidade de produtos, tanto de alimentación como roupa e xoguetes artesáns e realízanse actividades de animación.

Os vendedores son: 50% certificados por CRAEGA, 25% de proximidade e 25% tendas locais de produtos ecolóxicos.

Dende o mes de febreiro realizouse cada primeiro e terceiro domingo de cada mes cunha participación mínima de 30 postos por mercado.

4. MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO COMERCIO DE PROXIMIDADE

- **Estudo: Plan de dinamización comercial na Cidade Vella.**

Este plan baseouse nun estudo de diagnose con enfoque a procesos e centros históricos e participativo que tivo en conta aos axentes chave do barrio e a cidade. Realizouse un obradoiro participativo con 14 asistentes.

- **Estudo: Plan de estratexias dinamizadoras do comercio dos Mallos.**

Con este estudo preténdese definir as principais características da oferta comercial do barrio e buscar unha estratexia de dinamización do seu comercio, indicando liñas principais de actuación.

- **Tendas a Exame.**

Outra actividade de apoio e dinamización levase a cabo no barrio de Monte Alto e Orzan coa acción "Tendas a Exame".

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A acción comezou en 2017 co deseño do material de difusión e captación aínda que a maior parte se desenvolverá no ano 2018.

Na acción se realiza un diagnóstico profesional para recoñecer os puntos fortes e débiles dos establecementos participantes, para facer logo un plan de mellora.

PROMOCIÓN DOS MERCADOS LOCAIS

1. PLAN DE DINAMIZACIÓN DE MERCADOS.

- **Plan de Dinamización dos Mercados Municipais,** no mes de maio de 2017 presentouse na Fundación Luís Seoane o Plan de Dinamización dos Mercados Municipais.
- **I Congreso de Mercados Urbanos,** no mercado de San Agostiño os días 14 e 15 de decembro tivo lugar o I Congreso de Mercados Urbanos.

2. XESTIÓN E MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO.

No ano 2017 houbo un total 780 solicitudes no departamento de mercados dos concesionarios/as relativas a renovacións, prórrogas, permutas, traspasos, autorizacións de obras menores, cesións de usos puntuais, modificacións de datos, e os respectivos informes.

Se atenderon dende o departamento un total de 47 solicitudes de información sobre cuestións relativas ao acceso os postos dos mercados municipais, e outras consultas relativas os diferentes mercados da cidade.

No mes de decembro licitáronse 23 postos vacantes, publicándose no DOG número 238 do 18 de decembro do 2017.

Para o mantemento ou mellora nos mercados municipais, realizáronse diversas obras menores, en total 12 ao longo do ano, nas que se pediron informes previos a edificación. Non se contabilizan nesta memoria as decenas de actuacións a maiores realizadas pola empresa de mantemento e que van dende o cambio dunha luz ou un enchufe, etc... que son actuacións menores e a diario nos diferentes mercados municipais.

Equipamentos.

- Mercado de San Agostiño. Elaboración dun novo Plan de autoprotección.
- Mercado de Monte Alto. Substitución de varias illas de conxelado.
- Concursos de proxecto de ideas para a reforma.
- Mercado de Durmideiras. Adxudicación para a substitución da cuberta.
- Mercado da Praza de Lugo. Cambio de diferentes carteis.
- Mercado de Eusebio da Garda.
  - Instalación de mamparas para que fagan o efecto de cortar o aire nas cabeceiras do peixe.
  - Campaña de bono parking para tódolos mercados durante o ano 2017, onde os clientes tiñan unha hora gratis por facer a compra no mercado. Esta licitación so saíu para o mercado de Eusebio da Garda.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

3. FORMACIÓN E ASESORAMENTO MELLORA DA XESTIÓN E DA VENDA.

No mes de novembro de 2017 ata o 5 de febreiro de 2018 realizouse un curso de 50 horas lectivas, destinado a persoas con postos nos mercados. Impartíronse na aula de formación do centro municipal de Emprego, no que participaron 15 alumnos, a materia do curso ofimática básica e Marketing dixital.

4. PRODUCTO DE MERCADO DE CALIDADE, DIFERENCIADO E ECOLÓXICO.

Durante todo o ano realizouse tódolos martes, no Mercado de San Agostiño, un pequeno mercado de produtos ecolóxicos e de proximidade no que persoas agricultoras das localidades próximas á cidade venden os seus produtos da horta e tamén produtos ecolóxicos. O horario nos meses de febreiro a xullo foi de 12 a 20 horas e a partires do mes de setembro modificouse sendo de 10 a 15 horas.

Realizáronse en total 14 campañas de produtos no ano 2017, repartidas nos doce meses do ano.

Case tódalas campañas foron degustacións dos propios postos que nalgúns sábados ofrecían diferentes produtos que teñen á venda co fin de que a clientela os probase e darllos a coñecer.

Ademais destas campañas, realizáronse outras campañas de promoción de determinados produtos nos mercados de San Agostiño e na Praza de Lugo, estas accións foron as seguintes:

- Campañas de promoción do porco ibérico.
- Campañas de promoción de kiwis zespri.
- Campañas de promoción de mazás Marlene.
- Campañas de promoción dos pementos de Herbón.
- Master Class de cociña italiana na elaboración de pizzas.
- Campaña de sensibilización medioambiental polo reciclaxe do plástico.

5. CAMPAÑAS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE MERCADOS.

Accións dinamización comercial.

- **"Troco Mercado".** En novembro autorizouse para o mercado de Palavea un evento denominado troco mercado que funciona os derradeiros sábado de cada mes.
- **"Mercado Artesán"** En novembro autorizouse un mercado artesán en Praza de Lugo que tiña lugar os mércores ata xaneiro de 2018.
- **"Tenda de Antón"** Proxecto en colaboración coa escola infantil de monte alto na cesión dun espazo para un proxecto educativo creando a Tenda de Antón.
- **"Cultura de Barrio"** En novembro desenvolveuse na primeira planta de San Agostiño unha exposición fotográfica dun programa municipal denominado CULTURA DE BARRIO.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- **"Mercado das Nubes"** Dende abril a xuño desenvolveuse na primeira planta do mercado de San Agostiño o Mercado das Nubes con mais de 30 establecementos participantes cada mes.
- **"Visitas escolares aos mercados"** O longo do ano 2017 diferentes colexios visitaron os mercados onde os nenos viron como funcionaba e os alimentos que neles poderían atopar e comprar.
- **"Quere o Teu Mercado"** Volveuse a realizar a campaña internacional de Quere o Teu Mercado que tivo lugar na segunda quincena de maio nos 9 mercados municipais.
- **"Obradoiros de cociña Infantil"** No mes de setembro houbo no mercado de San Agostiño obradoiros de cociña infantil para nenos e nenas, organizados por turismo, co motivo do concurso de tapas Picadillo e co obxectivo tamén de dar a coñecer o mercado e por en valor a cociña saudable con produtos de calidade.
- **"Gastro obradoiros de cociña infantil"** Outra campaña de dinamización nos mercados municipais. O obxectivo era crear bos hábitos alimenticios na poboación infantil, familiarizando aos menores cos alimentos de calidade existentes nos mercados. Os participantes foron nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos, participando un total de 150 nenos/as.

  Os mercado nos que se realizaron estes gastrotalleres foron San Agostiño, As Conchiñas e no mercado de Elviña, e mercado de Eusebio da Garda. Leváronse a cabo nos meses de maio e xuño.
- **"BoCatise"** Realizouse en San Agostiño no mes de decembro, o días 2 e 3 en colaboración con turismo onde durante un fin de semana o mercado foi un referente en bocatas de autor dos mellores locais da hostalaría local.

OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACION AO CONSUMO

Desde o Concello, realízanse diferentes actuacións centradas en garantir a protección dos dereitos das persoas consumidoras e asegurar un correcto funcionamento do mercado.

Para este propósito cóntase ca Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC). De tódolos servizos que presta a OMIC destácanse os seguintes resultados:

1. ATENCIÓN A PERSOAS CONSUMIDORAS.

Desde a OMIC ofrécese información e tramitación de reclamacións:

- 17.216 consultas de Información; 1.003 reclamacións, acordos favorables 58%.
- Consultas/mes, o mínimo foron 1.215 en decembro e o máximo 1.722 en xuño.
- 48% das consultas as fixeron homes oe o 52% mulleres.
- 50 % das reclamacións foron presentadas por homes e o 50 % por mulleres.
- Atención directa e persoal no 45% dos casos, e telefónica do 44%.
- Lugar de orixe 99 % corresponden a persoas que viven na cidade.
- 93.47% foron por causa dos servizos e un 6.53 % por produtos.

Como en anos anteriores, os produtos que xeraron mais consultas foron móbiles, produtos informáticos e compravenda de automóbiles, electrodomésticos e mobles.

No relativo as reclamacións xestionadas por a OMIC, tramitáronse 1.003 expedientes, os servizos de telecomunicacións son os que máis reclamacións xeraron, seguidos da enerxía.

O 90% das reclamacións foron tramitadas directamente pola OMIC, tempo medio de resolución, no 54% dos casos, foi en menos de 60 días naturais.

Resolución favorable un 58% dos casos cun valor económico que ascende a 400.214,23 euros e resolveuse favorablemente por valor de 108.049.23 euros devoltos as persoas reclamantes.

2. EDUCACIÓN PARA O CONSUMO SEGURO E RESPONSABLE.

- **Programa de Formación ao Consumo** para público en xeral, organizáronse 420 actividades, con 6.156 persoas asistentes. A valoración, alcanzou puntuacións cunha media de 3.8 sobre catro.

- Programa ”Educa” dirixido ao colectivo escolar: 152 talleres, cun total de 2.981 asistentes, un 30% de Educación Primaria (916).
- Outras actividades formativas, 151 participantes, 3 charlas.
- Escola de Verán do Pequeno Consumidor, con 145 participantes, en dous grupos: un de 4 a 6 anos e outro de 7 a 10.

3. DIFUSIÓN DA CULTURA DO CONSUMO SEGURO E RESPONSABLE.

- **Páxina web da OMIC: www.coruna.es/**

  Web facilitadora de información de interese sobre consumo, así como a posibilidade de realizar consultas directamente: 15.330 visitas por parte de 13.200 persoas, cunha media de 2.4 paxinas pro visita.

- **Campaña Día Mundial das Persoas Consumidoras.**

  Esta campaña realizouse con actividades de formación, e unha palestra o 15 de marzo Dia Internacional sobre Sistemas Financeiros Éticos.

- **Campaña do Nadal**: “A casa dos xoguetes” para fomentar o consumo responsable e a solidariedade, a economía circular e a recuperación e re utilización de obxectos.

  Xoguetes recibidos e doados 2.776, xoguetes doados 1.245 na caseta e os demais a dúas ONG.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizo Municipal de Igualdade e Diversidade

Responsable: López García, Mª Begoña
Dirección: Pza. María Pita, 1, 2º
Teléfono: Ext. 10103

MISIÓN

A misión da Concellería de Igualdade e Diversidade é a de facilitar a aplicación efectiva do principio de Igualdade na Diversidade na xestión da política municipal, trasladando o seu efecto á contribución efectiva para eliminar as situacións de discriminación e desigualdade que inciden maiormente sobre as mulleres e sobre as persoas en xeral, por motivo das diversidades existentes -funcional/sensorial, procedencia ou orixe étnica, diversidade cultural e diversidade sexual.

A Concellería traballa nunha **dobre estratexia**:

- A da transversalidade (mainstreaming) da aplicación do principio de igualdade en todas as áreas de competencia municipal.
- A do traballo específico para o empoderamento dos colectivos minorizados. (autonomía, emancipación persoal-colectiva, inclusión e representación social).

FUNCIÓNS

Con carácter horizontal

- Información e asesoramento a mulleres (CIM).
- Violencias Machistas.
- Conciliación e Corresponsabilidade.
- Educación en Igualdade, Diversidade e afectivo-sexual.
- Saúde Sexual e reproductiva.
- Diversidade sexual.
- Migracións, Cidade refuxio e Cooperación Internacional.
- Fomento e apoio ao traballo das institucións e entidades comprometidas e activas na procura dunha cidade igualitaria, diversa e inclusiva.

Con carácter transversal:

- Mainstreaming o transversalidade da Igualdade no conxunto das políticas municipais.
- Observatorios Municipais: Urbano, e de Igualdade e Diversidade, con perspectiva de xénero.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

A) PROTECCIÓN DA IGUALDADE

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- **Velar pola aplicación efectiva do principio de igualdade,** tanto na dimensión de igualdade de trato e non discriminación, como de igualdade de oportunidades e igualdade de xénero.
- Promover activamente a **eliminación da discriminación** por motivos de sexo, orientación sexual, edad, orixe étnica, cultural, discapacidade funcional ou sensorial etc.
- Prestar **servizos de atención directa** a persoas afectadas por situación de discriminación, especialmente por cuestión de violencia de xénero ou de identidade sexual.

B) EDUCACIÓN PARA OUTRO MODELO DE SOCIEDADE

- Desenvolver programas de **sensibilización** con enfoque multidisciplinar e coeducativo como parte do traballo en positivo **para a convivencia igualitaria** na cidade.
- Promover o **reparto equilibrado dos usos do tempo** dedicados ao traballo remunerado e ao traballo non remunerado.
- Mostrar e poñer en valor **modelos de masculinidade igualitaria** e corresponsable cos coidados.
- Facilitar procesos de **empoderamento** persoal e colectivo, a través de recursos vitais para a autonomía, a inclusión e a toma de decisións en igualdade.
- Facilitar recursos para **facer da Coruña unha cidade libre de violencias machistas**
- Facilitar recursos para facer da **Coruña unha cidade acolledora e inclusiva**

C) COORDINACIÓN E ALIANZAS PARA A INCLUSIÓN

- Facilitar apoio práctico a outras concellarías para **orientar os programas e servizos municipais cara ao impacto favorable na igualdade** no municipio.
- Promover a **elaboración de protocolos de coordinación** entre institucións e entidades comprometidas coa igualdade na diversidade.
- Impulsar o **traballo colaborativo** entre asociacións e colectivos activos por unha cidade inclusiva e igualitaria.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

XERAIS

- Consolidación da Área de Igualdade e Diversidade como área propia con persoal, orzamento e xestión administrativa e orzamentaria propia. Cobertura de postos mínimos de estrutura derivados da aprobación da nova RPT do Concello.
- Mantemento dos servizos existentes (CIM, COF, UAMI), abordando especialmente a consolidación e reforzo dos cadros de persoal necesarios.

- Continuidade na solicitude de subvencións á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña para o mantemento do CIM, da CAM e da UAMI, así como do programa de conciliación municipal.
- Continuar coa bolsa de prácticas para estudantado universitario nos distintos servizos da Área.
- Procura de novos espazos para a ubicación do novo persoal da Concellería.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

TRANSVERSALIDADE

- Edición do segundo informe do Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade, "Coruña en Cifras".
- Selección e compra de fondos bibliográficos para a posta en marcha dun Centro de Interese Bibliográfico en Xénero e Feminismos na biblioteca do Ágora, en colaboración coa Rede de Bibliotecas Municipais.
- Novas edicións dos distintos cursos do Itinerario Formativo para o persoal municipal en materia de Igualdade e Diversidade.
- Apoio ás diferentes áreas e servizos muncipais en cuestións transversais de Igualdade e Diversidade para o cumprimento da Instrucción da Transversalidade.
- Licitación do contrato de videointerpretación en lingua de signos nas oficinas de rexistro municipais e no teléfono de atención cidadá 010.

VIOLENCIAS MACHISTAS

- Desenvolvemento das diferentes accións enmarcadas na primeira fase do Pacto Social por unha Cidade libre de violencias machistas iniciado a finais de 2016: investigación social; encontros abertos e consello de sabias; elaboración do documento final do Pacto e distribución do mesmo.
- Deseño, programación e realización de actividades e actuacións de sensibilización e prevención das violencias machistas, especialmente durante a Campaña Conmemorativa do 25 de novembro, "Día Internacional contra a Violencia de Xénero".
- Incrementar o número e a tipoloxía de actividades de participación e sensibilización cidadá, máis aló de campañas específicas, co obxecto de contrarrestar os estereotipos e roles de xénero que seguen a perpetuar situacións de desigualdade e relacións desequilibradas entre mulleres e homes na nosa sociedade e visibilizar e valorizar o papel das mulleres en diferentes ámbitos.
- Manter e mellorar a coordinación cos estamentos xudiciais, administrativos, policiais e sociais, obtendo así un coñecemento máis amplo da situación.
- Priorizar o acceso das mulleres a todos os recursos municipais e comunitarios que faciliten a súa autonomía persoal e familiar, así como o seu empoderamento persoal e social.

IGUALDADE DE XÉNERO

- Campaña do día das Mulleres, 8 de marzo.
- Convocatoria do I Premio Elvira Bao Maceiras.
- Convocatoria dun concurso de arte urbana de graffittis en torno aos valores da igualdade de xénero.
- Celebración dunha Xornada para municipios en materia de Igualdade de xénero.
- Visibilización da historia de mulleres coruñesas: denominación de novas rúas e prazas.

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

- Licitación das contratacións públicas das dúas modalidades do servizo de canguraxe, aumentando o número de centros, as horas de atención e os servizos especializados.

DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- Organización do Orgullo LGTBQI do 28 de xuño.
- Organización de actividades para a conmenoración do 17 de maio (Día Internacional contra a Homofobia, Transfobia e Bifobia).
- Desenvolvemento do contrato menor para a xestión do Espazo Diverso, así como licitación dun novo contrato para a xestión estable do servizo, co fin de dotar de continuidade a este servizo piloto, ampliando as súas prestacións.
- Coordinación da programación trimestral de actividades no Espazo Diverso.

EDUCACIÓN POLA IGUALDADE

- Posta en marcha das distintas accións que compoñen o novo contrato de obradoiros en materia de igualdade e Diversidade, aumentando o número de obradoiros, de centros participantes e de alumnado.
- Desenvolvemento de campañas específicas e estables: Celebración e programación de diversas actividades con motivo das campañas conmemorativas do 8 de marzo (Día das Mulleres), 25 de novembro (#CoruñaEnNegro - contra as violencias machistas); 3 de decembro (Día internacional das persoas con discapacidade); Orgullo LGTBQI 2017.
- Programación e desenvolvemento de actividades no “Espazo Diverso” con carácter trimestral.

MIGRACIÓNS, CIDADE REFUXIO E COOPERACIÓN INTERNACIONAL

- Consolidación do cadro de persoal da UAMI. Convocatoria dos procesos selectivos dos postos de asesoramento xurídico e apoio social.
- Plan de Formación anual dirixido a persoas migrantes.
- Accións de sensibilización e concienciación da cidadanía.
- Participación activa no Fondo Galego de Cooperación. Realización de accións de visibilidade da acción do Fondo Galego na cidade (mínimo 2).
- Fomento e apoio a ONGs, favorecendo a difusión das súas actividades.

FOMENTO E APOIO AO TRABALLO DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES COMPROMETIDAS E ACTIVAS NA PROCURA DUNHA CIDADE IGUALITARIA, DIVERSA E INCLUSIVA

- Convocatoria dunha nova liña específica de subvencións para entidades e colectivos que traballen en favor da Igualdade e da Diversidade na cidade (100.000 €) As diferentes liñas facilitan o acceso a elas das diferentes materias de xeito interseccional.
- Sinatura dos convenios nominativos con entidades previstos no Orzamento Xeral.
- Apoio loxístico ás entidades para a realización de diferentes accións no espazo público co obxectivo de favorecer a súa visibilidade.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Organización de actividades en torno ao 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- Organización da Feria "+ que capaces".

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	0,00	0,00	930.520,19
Gastos Correntes	Imputación Directa	0,00	1.037.246,98	1.582.273,10
	Imputación Indirecta	0,00	0,00	147.002,29
	TOTAL GASTOS	0,00	1.037.246,98	2.659.795,58

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Violencias machistas. Casa de Acollida (CAM)	P	Nº persoas residentes na CAM desde 2016	13
		- Mulleres	7
		- Menores	6
		Nº de persoas residentes na CAM desde 2017	42
		- Mulleres	22
		- Menores	20
		Nº total de persoas residentes na CAM en 2017	55
		- Mulleres	29
		- Menores	26
		Nº total de ingresos no 2017 polo Convenio de reserva de prazas coa Deputación	10
		- Mulleres	6
		- Menores	4
		Atención social. Nº total de persoas usuarias	29
		- Mulleres	28
		- Menores	1
		Atencion psicoloxica. Nº total de persoas usuarias	41
		-Mulleres	21
		- Menores	20
		Atencion xuridica. Nº total	19

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		persoas usuarias	
		-Mulleres	18
		- Menores	1
		Atención mediadora de igualdade. Nº total de persoas usuarias	39
		- Mulleres	21
		- Menores	18
		Nº usuarias do servizo telefónico de atención e protección ás vítimas de violencia de xénero (Atenpro)	10
Violencias machistas. Pisos de Inclusión social e transición á vida autónoma (PITVA,s)	P	Nº de persoas residentes desde 2016	3
		- Mulleres	1
		- Menores	2
		Nº de persoas residentes desde 2017	9
		- Mulleres	4
		- Menores	5
		Nº total de persoas residentes nos PITVAS no 2017	12
		- Mulleres	5
		- Menores	7
		Nº total de ingresos no 2017 polo Convenio de reserva de prazas coa Deputación	4
		Mulleres	2
		Menores	2
		Atención social . Nº de persoas usuarias	9
		-Mulleres	4
		- Menores	5
		Atención psicolóxica. Nº persoas usuarias	9
		- Mulleres	4
		- Menores	5
		Atención xurídica. Nº persoas usuarias	9

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		- Mulleres	9
		Atención mediadora igualdade. Nº persoas usuarias	9
		- Mulleres	4
		- Menores	5
		Servizo telefónico de atención e protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (Atenpro). Nº persoas usuarias	0
Violencias machistas. Centro de Información a mulleres (CIM)	P	Nº total de persoas usuarias (sen repetir)	809
		- Mulleres	741
		- Menores	68
		Nº de mulleres (sen repetir) que reciben asesoramento por violencia de xénero	593
		Nº total de entrevistas de asesoramento psicolóxico, xurídico e/ou social	1.701
		Información e atención psicolóxica. Nº total de usuarias	381
		Información e atención psicolóxica por violencia de xénero. Nº persoas usuarias	341
		Información e atención psicolóxica. Nº entrevistas	652
		Información e atención psicolóxica. Nº de menores	68
		Información e atención psicolóxica. Nº derivacións ao Colexio oficial de Psicoloxía de Galicia.	87
		- Mulleres	68
		- Menores e persoas dependentes	19
		Información e asesoramento xurídico. Nº usuarias	461
		Información e asesoramento xurídico por violencia de xénero. Nº usuarias	338
		Información e asesoramento xurídico. Nº entrevistas	747
		Información e asesoramento	209

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		social. Nº persoas usuarias	
		Información e asesoramento social. Nº persoas usuarias por violencias de xénero	209
		Información e asesoramento social. Nº entrevistas	301
		Servizo telefónico de atención e protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (Atempro). Nº de usuarias	157
Violencias machistas. Pacto Social por unha cidade de libre de violencias machistas.	P	Nº actividades realizadas	14
		Nº participantes (sen repetir)	101
		Fase I. Investigación social. Nº participantes en entrevistas	6
		- Mulleres	6
		Nº entidades participantes na fase I	4
		Fase II e III. Encontros abertos e consello de sabias. Nº total participantes	95
		- Mulleres	74
		- Homes	21
		Nº de persoas participantes nos encontros	85
		- Mulleres	65
		- Homes	20
		Nº de centros participantes nos encontros	5
		Nº de persoas participantes no consello de sabias	10
		- Mulleres	9
		- Homes	1
		Nº sesións de traballo (consello de sabias)	4
Conciliación da vida laboral, familiar e persoal (Servizo de Canguraxe Municipal)	P	Citas atendidas (altas novas, actualizacions, partes domicilio,..)	1.398
		Nº partes realizados (modalidade atención a domicilio)	945
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº unidades	401

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		familiares beneficiarias	
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº de menores atendidos	559
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº horas de atención	37.853
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Nº xestións telefónicas	1.786
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Motivacions da demanda por traballo	397
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Motivacions da demanda por formación ocupacional	2
		Modalidade de espazos de atención á infancia. Motivacions da demanda por actividades de participación cidadá ou sociais	2
		Modalidade de atención a domicilio. Nº de unidades familiares beneficiarias	272
		Modalidade de atención a domicilio. Nº menores	383
		Modalidade de atención a domicilio. Nº horas de atención	3.990
		Modalidade de atención a domicilio. Nº xestións telefónicas	1.161
		Modalidade de atención a domicilio. Motivación da demanda por traballo	935
		Modalidade de atención a domicilio. Motivación da demanda por formación ocupacional	2
		Modalidade de atención a domicilio. Motivación da demanda por citas médicas /xurídicas	8
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº unidades familiares beneficiarias	176
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº menores	251
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº de horas de	5.509

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		atención	
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Nº xestións telefónicas	1.275
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Motivación da demanda por traballo	43
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Motivación da demanda por formación ocupacional	4
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Motivación da demanda por actividades de participación cidadá ou sociais	36
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Motivación da demanda por ocio menor	89
		Modalidade de ludoteca coeducativa. Motivación da demanda por conciliación persoal	4
Campañas igualdade de oportunidades e violencia de xénero	P	25 Novembro. Nº materiais distribuidos	38.737
		25 de Novembro. Nº puntos de entrega	937
		25 de novembro. nº empresas colaboradoras coa campaña	6
		25 de novembro. nº establecementos comerciais participantes	310
		25 de novembro. nº establecementos hostelería participantes	260
		25 de novembro. nº centros ensino (IES, CEIPS e Facultades UDC)	70
		25 de novembro, nº de entidades sociais participantes	104
		8 de marzo. Nº materiais distribuidos	7.250
		8 de marzo.nº actividades desenvolvidas	21
		3 de decembro (discapacidade),Nº entidades participantes	28

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		3 de decembro (discapacidade),Nº actividades realizadas	14
Outras actividades de participación e sensibilización cidadá	P	Contacontos teatrais na rede de bibliotecas municipais dirixidos a nenos e nenas dende 3 a 7 anos. Nº de funcións	14
		Contacontos teatrais na rede de bibliotecas municipais dirixidos a nenos e nenas dende 3 a 7 anos. Nº de bibliotecas	7
		Festival Mar de Mares. Nº de relatoras	6
		Festival Mar de Mares. Nº de participantes	72
		Festival Mar de Mares. Nº de centros participantes	3
		Xornadas "Unha Europa para as persoas desde unha perspectiva decolonial". nº participantes	120
		Xornadas "Unha Europa para as persoas desde unha perspectiva decolonial". nº persoas relatoras	15
		Migracións. Outras actividades sensibilización	3
		Xornadas Municipios Cara á Igualdade. nº participantes	120
		Xornadas Municipios Cara á Igualdade. nº persoas relatoras	18
Educación pola Igualdade. Obradoiros Coruña Educa e outros	P	Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de participantes	4.143
		Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de nenas e mozas participantes	2.031
		Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de nenos e mozos participantes	2.112
		Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de CEIP participantes	10
		Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de IES e CPR participantes	19
		Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de	176

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		grupos/clases participantes	
		Igualdade e prevención de violencias de xénero. Nº de horas	517
		Educación afectivo-sexual. Nº de obradoiros	41
		Educación afectivo-sexual. Nº de participantes	823
		Educación afectivo-sexual. Nº de mozos participantes	416
		Educación afectivo-sexual. Nº de mozas participantes	417
		Educación afectivo-sexual. Nº de IES participantes	13
		Educación afectivo-sexual. Contacontos teatrais para 2º ciclo de Ed. Infantil. Nº de funcións	18
		Educación afectivo-sexual. Contacontos teatrais para 2º ciclo de Ed. Infantil. Nº de escolas	6
		Educación afectivo-sexual. Contacontos teatrais para 2º ciclo de Ed. Infantil. Nº de participantes	478
Saúde sexual e reproductiva (COF)	P	Información e orientación. Nº asistentes charlas	959
		Información e orientación. Nº charlas informativas no COF	43
		Información e orientación. Nº charlas informativas externas	1
		Formación e docencia. Nº participacións mesas técnicas	14
		Formación e docencia. Nº intervencións medios	2
		Programa asistencial. Nº de persoas que acoden por primeira vez ao COF	1.613
		- Mulleres	1.502
		- Homes	111
		Programa asistencial. Motivo de consulta das persoas que acoden por primeira vez: Anticoncepción	1.133
		Programa asistencial. Motivo de consulta das persoas que acoden	426

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		por primeira vez: Interrupción voluntaria da xestación (IVX)	
		Programa asistencial. Motivo de consulta das persoas que acoden por primeira vez: Psico-sexual	54
		Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional atendido: Traballadora social	1.162
		Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional atendido: Psicóloga	574
		Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional atendido: Enfermeira/matrona (anticoncepción)	4.825
		Programa asistencial. Nº consultas sucesivas por profesional atendido: Xinecólogo/a (anticoncepción)	7.708
Migracións (UAMI)	P	Información e asesoramiento. Nº usuarios/as	1.103
		- Nº homes	511
		- Nº mulleres	592
		Información e asesoramento. Nº consultas	1.686
		Información e asesoramento. Nº entrevistas (inclúe intervención social con familias)	1.491
		Información e asesoramento. Nº informes e/ou escritos realizados	394
		Información e asesoramento. Nº de visitas domiciliarias	32
		Información e asesoramento social. Nº usuarios/as	443
		- Mulleres	228
		- Homes	215
		Información e asesoramento social. Nº consultas	736
		Información e asesoramento xurídico. Nº usuarios/as	282
		- Homes	107

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		- Mulleres	175
		Información e asesoramento xurídico. Nº de consultas	569
		Información e asesoramento laboral. Nº usuarios/as	378
		- Homes	189
		- Mulleres	189
		Información e asesoramento laboral. Nº consultas	381
		Accións formativas e de mellora da empregabilidade para poboación migrante. Nº cursos	12
		Accións formativas e de mellora da empregabilidade para poboación migrante. Nº edicións	30
		Accións formativas e de mellora da empregabilidade para poboación migrante. Nº horas	419
		Accións formativas e de mellora da empregabilidade para poboación migrante. Nº participantes	423
		- Homes	227
		- Mulleres	196
		Club de emprego. Nº visitas	2.009
		Club de emprego. Nº currículum vitae realizados	320
		Escola intercultural de apoio educativo e promoción social. Nº de menores	48
		Escola intercultural de apoio educativo e promoción social. Nº de centros educativos participantes	15
Diversidade sexual	P	Atención presencial Espazo diverso. Nº consultas de atención directa	22
		Atención presencial Espazo diverso. Nº Consultas técnicas/docentes/estudantes	30
		Actividades. Nº actividades Videoforum Outras miradas.	12
		Actividades. Nº horas Videoforum	36

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Outras miradas	
		Actividades. Nº asistentes Videoforum Outras miradas. Nº asistentes	445
		Actividades. Nº Charlas/ Debates	8
		Actividades. Nº horas Charlas/Debates	24
		Actividades. Nº persoas participantes en charlas/debates	197
		Actividades. Nº obradoiros diversidade sexual centros educativos	28
		Actividades. Nº horas obradoiros diversidade sexual centros educativos	60
		Actividades. Nº alumnos/as en obradoiros diversidade sexual centros educativos	577
		Festa do Orgullo LGTBQI. nº actividades	11
		Festa do Orgullo LGTBQI. nº librarías colaboradoras	11
		festa do Orgullo LGTBQI. nº espazos de realizaicón de actividades	36
		Festa do Orgullo LGTBQI. nº cartaces distribuidos	1.200
		Festa do orgullo LGTBQI. nº imaxes presentadas a Concurso Fortografía	32
Fomento e apoio ao traballo das entidades e institucións comprometidas e activas na procura dunha cidade igualitaria, diversa e inclusiva	P	Subvencións concurrencia competitiva solicitadas	30
		Convenios nominativos tramitados e asinados	47
		Convenios nominativos pago anticipado tramitado	47
		Convenios nominativos pago anticip. pendiente	3
		Convenios nominativos Renuncias	3
		Convenios nominativos Addendas a convenios ya firmados	5
		Nº entidades coas que se colaborou directamente	61

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Nº participantes accións de colaboración con entidades	2.451
		Iluminacións da Torre de Hércules. Nº entidades	22
		Feira +que Capaces. nº entidades	5
Transversalidade	P	Nº de visitas web Igualdade	28.583
		Nº de seguidores Facebook Concellería de Igualdade e Diversidade	2.744
		Nº de seguidores Twitter Concellería de Igualdade e Diversidade	1.371
		Observatorio urbano. Nº de indicadores	143
		Observatorio municipal de Igualdade e Diversidade (OMID). Nº de indicadores informe "A Coruña en cifras"	100
		Nº cursos de formación interna en materia de Igualdade	2
		Nº participantes en cursos de formación interna en materia de Igualdade	26
		Observatorio Sociolaboral. nº Informes realizados	24
		Contrato servizo videoconferencia lingua signos. nº llamadas	62
XESTION ORZAMENTARIA	P	Facturas rexistradas	408
		Facturas anuladas ou devoltas	41
		Facturas pendentes de aplicación	7
		Facturas tramitadas	360
		Operacións contables previas	605
		Contratos menores	190
		Contratacións licitación pública iniciados	6
		Transferencias correntes. Créditos comprometidos	947.103,01
		Transferencias correntes. Obligacións reconocidas	913.103,01
		Transferencias de Capital. Créditos comprometidos	36.265

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Transferencias de Capital. Obligacións reconocidas	36.265

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
CAM. Nº total de persoas residentes	46	55	55
CAM. Nº de mulleres residentes	26	30	29
CAM. Nº de menores residentes	20	25	26
CAM. Nº de usuarias do servizo telefónico ATENPRO	12	7	10
PITVA. Nº total de persoas residentes	14	11	12
PITVA. Nº de mulleres residentes	6	4	5
PITVA. Nº de menores residentes	8	7	7
PITVA. Nº de usuarias do servizo telefónico ATENPRO	1	3	0
CIM. Nº total de persoas usuarias de atención psicolóxica, xurídica e social (sen repetir)	774	805	809
CIM. Nº de mulleres usuarias de atención psicolóxica, xurídica e social (inclúe usuarias Atenpro)	724	755	741
CIM. Nº de mulleres usuarias por violencia de xénero	370	570	593
CIM. Nº de menores usuarios/as de atención psicolóxica e/ou do programa de intervención con menores vítimas de violencia de xénero	50	50	68
CIM. Nº de entrevistas (usuarias mullleres)	1.513	1.544	1.701
CIM. Nº de mulleres usuarias do servizo ATENPRO	142	144	157
Canguraxe. Nº de menores atendidos na modalidade de espazos de atención á infancia	548	593	559
Canguraxe. Nº de unidades familiares beneficiarias na modalidade de espazos de atención á infancia	390	422	401
Canguraxe. Nº de menores atendidos na modalidade de atención a domicilio	341	372	383
Canguraxe. Nº de unidades familiares beneficiarias na modalidade de atención a domicilio	247	257	272
Canguraxe. Nº de menores atendidos na modalidade de ludoteca coeducativa	213	210	251
Canguraxe. Nº de unidades familiares beneficiarias na modalidade de ludoteca coeducativa	155	201	176
Educación pola Igualdade e Campañas. Nº total de obradoiros Coruña Educa	114	115	217
Educación pola Igualdade e Campañas. Nº de campañas	5	3	2

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Educación pola Igualdade e Campañas. Alumnado participante en actividades de fomento da igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero (Coruña Educa)	2.529	1.699	4.143
Educación pola Igualdade e Campañas. Nº de materiais distribuídos en actividades de participación e sensibilización cidadá	15.835	76.333	84.724
Educación pola Igualdade e Campañas. Contacontos teatrais para 2º ciclo de Ed. Infantil (Coruña Educa). Nº de participantes	0	0	478
Educación pola Igualdade e Campañas. Alumnado (mocidade) participante en actividades de educación afectivo-sexual (Coruña Educa)	0	0	823
COF. Tempo media espera (días) da revisión xinecolóxica post IVX	15	15	15
COF. Nº total participantes charlas informativas	966	872	959
COF. Nº charlas informativas	42	56	44
COF. Tempo media espera (días) para a instauración de método por xinecólogo/a	15	15	15
COF. Tempo media espera (días) para a atención de efectos secundarios de métodos	10	10	10
COF. Tempo media espera (días) para a atención de solicitude de interrupción voluntaria da xestación	7	2	2
COF. Tempo media de espera (días) para a realización do aborto farmacolóxico	3	3	3
COF. Tempo media espera (días) para a atención de problemática psíquica urxente	15	10	10
COF. Saúde sexual e reproductiva. Nº de consultas (primeiras e sucesivas)	15.518	15.849	15.882
COF. % de mulleres que acoden por primeira vez ao COF derivadas do Centro de Especialidades do Ventorrillo	33	34	33
COF. Nº mulleres que demandan interrupción voluntaria da xestación (IVX) atendidas no COF municipal_SERGAS	528	509	530
COF. Nº revisións xinecolóxicas post_IVX de mulleres atendidas no COF derivadas do C.E.Ventorrillo	109	82	134
UAMI. Nº total de persoas usuarias (información e asesoramento social, xurídico e/ou laboral)	1.127	1.160	1.103
UAMI % usuarios/as inmigrantes	0	0	81,2
UAMI. Nº total de consultas	2.067	2.050	1.686
UAMI % usuarios/as emigrantes retornados	0	0	17,1
UAMI. Nº total de informes e escritos (sociais e xurídicos)	457	376	394
UAMI Nº total de entrevistas de información e asesoramento social, xurídico e laboral	1.791	1.725	1.491

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
UAMI. Nº total de asistentes a cursos de formación	482	329	423
UAMI. Nº total de cursos de formación para o emprego	42	29	30
UAMI. Nº total de visitas ao Club de emprego	1.987	2.181	2.009
UAMI. Nº total de menores participantes na Escola Intercultural	48	48	48
UAMI. Nº total de centros educativos participantes Escola Intercultural	0	15	15
Transversalidade. Nº indicadores informe "A Coruña en cifras"	0	0	100
Transversalidade. Nº de visitas web Concellería de Igualdade e Diversidade	0	0	28.583
Transversalidade. % indicadores do Observatorio urbano actualizados	97	100	73
Transversalidade. Peticións de información ao Observatorio urbano resoltas	44	23	51
Xestión orzamentaria. %execución Capítulo2	0	0	61,69
Xestión orzamentaria. %execución Capítulo4	0	0	80,35
Xestión orzamentaria. %execución Capítulo6	0	0	86,68
Xestión orzamentaria. %execución Capítulo7	0	0	100

CONCLUSIÓNS

A continuación amósanse as conclusións que poden extraerse dos datos e indicadores resultado das diferentes actividades expostas, así como de novas accións postas en marcha definidas nos obxectivos xerais:

XERAIS: RECURSOS HUMANOS, XESTIÓN ORZAMENTARIA E FUNCIONAMENTO OPERATIVO

Se o ano 2016 estivo marcado pola procura de converter á Concellería de Igualdade e Diversidade nunha área de xestión autónoma e diferenciada a nivel de medios persoais e orzamentario da área de Xustiza Social e Coidados, e ata metade do ano 2016 non se conseguíu unha xestión económica propia, o ano 2017 pode dicirse que foi o ano da consolidación da Área de Igualdade e Diversidade.

A entrada en vigor da nova RPT do Concello supuxo que ata setembro e outubro non foran cubertos os postos das xefatura de Servizo e Departamento - que inclúe a xestión orzamentaria -, e ata decembro non foi incorporada unha persoa no posto de auxiliar administrativa. Debido a isto, a persoa que exerce a secretaría da concelleira simultaneou ambas tarefas ata o mes de decembro.

Esta falla de medios personais, cuberta na primeira metade do ano soamente cunha técnica media temporal ata xuño e o apoio, mediante horas extraordinarias, dun técnico de Xustiza Social, aínda que permitiu sacar adiante a xustificación de parte dos

convenios nominativos asinados en 2016 e das subvencións concedidas tamén o pasado ano, motivou que ata os dous últimos meses do ano non fose posible asinar os novos convenios, trasladando ao primeiro trimestre de 2018 a resolución das subvencións en concorrencia competitiva. Polo demais, os sucesivos modificativos do Orzamento Xeral motivaron novos convenios, así como a necesidade de tramitación de adendas a outros xa asinados e tramitados, motivadas polo incremento do seus importes iniciais.

Aínda a pesar da tardía entrada en vigor do Orzamento Xeral, e da situación de persoal descrita, foi tramitado o pagamento anticipado de todos os convenios e adendas, así como as novas licitacións xa en tramitación no perfil do contratante que serán resoltas no exercicio do 2018. Así mesmo, e como nos seguintes puntos se reflicte, foron desenvolvéndose novas actividades nos distintos eidos de intervención da Concellería.

Polo que respecta aos distintos servizos, a marcha no último trimestre do ano dunha das dúas coordinadoras de centros de programas, fixo que a coordinación do COF, da UAMI e do seguimento do contrato do Espazo Diverso, así como a coordinación das relacións coas entidades sociais pasase directamente á xefatura de Servizo.

Continuouse co proceso de contratatación por acumulación de tarefas para o servizo de Canguraxe municipal (técnica media e auxiliar administrativo), así como co proceso de estabilización de recursos humanos para a atención de servizos como a UAMI, procedéndose á convocatoria do proceso de selección dos postos de asesoramento xurídico e de persoal técnico de apoio social, ambos para dotar de estabilidade este servizo municipal. Na CAM, a pesar da incorporación no ano 2016 de auxiliares de fogar no marco dun programa específico, fíxose necesario acudir a figuras temporais de contratación puntuais para poder completar quendas e libranzas.

TRANSVERSALIDADE

- Presentación do II informe "A Coruña en cifras" coa incorporación de novas variables e indicadores.
- Novos cursos de formación para persoal municipal: comunicación inclusiva e avaliación de impacto de xénero das políticas públicas.
- Incorporación en novembro de 2016 da técnica responsable do Observatorio Urbano (antes en Innovación tecnolóxica) e da técnica que levaba o Observatorio de Emprego (antes na Área de Emprego) baixo a RPT da Concellería de Igualdade, co obxectivo de poñer en marcha o novo Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade (acción DUSI).
- Finalización dos traballos do III Plan Municipal de Igualdade do Persoal Concello da Coruña, dirixido á organización municipal, e envío do mesmo ao conxunto da plantilla de xeito individualizado.
- Colaboración na aplicación de criterios de transversalidade con outras áreas. Entre outras, colaboración coa Concellaría de Mobilidade para a elaboración dunha enquisa para o deseño das novas liñas de bus urbano; regulamento das escolas infantís municipais, xunto coa Concellaría de Xustiza Social; actividades conxuntas en materia de cultura; apoio técnico en criterios de adxudicación para contratacións públicas; estratexia de igualdade no emprego 2020; apoio puntual á revisión de textos con linguaxe inclusivo, etc.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Incorporación ao rueiro municipal da praza 8 de marzo e da rúa Elvira Bao Maceiras, inauguradas o día 8 de marzo de 2016.
- Licitación no perfil do contratante do servizo de videointerpretación en língua de signos.
- Inauguración do Centro de Interese Bibliográfico en xénero e feminismo na biblioteca do Ágora o día 3 de marzo de 2018.

VIOLENCIAS MACHISTAS

- Interesa destacar que segue o incremento dos últimos anos en nº de persoas usuarias que acoden ao CIM, e tamén o incremento das que acoden por cuestións de violencia de xénero que pasa do 70,8% en 2016 ao 73,3% en 2017, o que supón en consecuencia un maior número de atencións desenvolvidas polas profesionais do CIM en materia de información e atención xurídica, social e psicolóxica para estas mulleres e menores. Neste último campo, destaca tamén o incremento do número de menores que recibiron atención psicolóxica, pasando de 50 a 68. Increméntanse tamén o nº de usuarias do servizo teléfonico Atempro que é tramitado polo Concello para aquelas mulleres usuarias da CIM e CAM.
- Na rede de acollemento (CAM e PITVAs) mantéñense niveis de ocupación similares ao ano 2016, se ben destaca unha maior incorporación de novas usuarias aos PITVAS. Na CAM, de 20 novas mulleres usuarias, 10 contan co servizo telefónico Atempro. Salientar que todas e todos os menores que entraron na CAM en 2017 recibiron atención psicolóxica. O 83% dos ingresos foron por vía de urxencia (o 45% das derivacións foron desde a rede de CIMs; o 36% dende o CIM da Coruña).
- Cómpre mencionar as derivacións de mulleres a programas de emprego como: Programa de inserción laboral dirixido a mulleres en situación de violencia de xénero na CC.AA de Galicia, derivando mulleres ás empresas adxudicatarias do programa: Fundación CIP, Fundación Nortempo, Asociación Apico – Asociación pola Igualdade e a Coeducación, etc; a coordinación co Servizo municipal de emprego municipal (novembro 2017) ou coa empresa Ferrovial (novembro 2017), neste último caso para poñer en marcha unha colaboración futura en relación coa formación teórico-práctica de mulleres en situación de vulnerabilidade por causa da violencia de xénero.
- Así mesmo, a colaboración con entidades sociais no traballo con mulleres en situación de especial vulnerabilidade: Ecos do Sur; Feafes Galicia (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia), Médicos do Mundo; etc.
- Desenvolveuse ao longo do ano o Pacto Social por unha cidade libre de violencias machistas que comezou a súa andadura a finais de 2016. Máis de 85 persoas participaron nos encontros abertos desenvolvidos en 5 centros cívicos; 10 persoas expertas formaron parte do "Comité de Sabias"; ademais, abordouse a elaboración e difusión do contido do Pacto entre todas as entidades, centros cívicos e outros centros de interese, así como dun vídeo resumo. Previamente ao fin do proceso, tamén se abordou a elaboración e difusión dun pequeno libro titulado "Desmontando Mitos".
- Campaña do 25 de novembro "A Coruña en negro. Contra as violencias machistas", na que destacan a colaboración de empresas da cidade (Gadisa; Coca-Cola; Vegalsa; Inditex; Deportivo de A Coruña; Compañía de Tranvías) en canto á subministración de materiais e o seu reparto e difusión, así como dos

mercados municipais e de distintos centros e servizos municipais. Destacar os 937 puntos de entrega de materiais, entre eles máis de 310 establecementos comerciais e 260 de hostalaría.

- Coordinación das prácticas de dúas estudantes de Psicoloxía e Dereito no CIM.

EDUCACIÓN POLA IGUALDADE E A DIVERSIDADE

- A adxudicación en 2017 do contrato por lotes de obradoiros de igualdade e diversidade, cun maior número de accións formativas e o consecuente incremento orzamentario, e que agrupa accións educativas, non só do programa de Coruña educa para centros educativos da cidade, senón outras que ata 2017 estaban dispersas e ademais incorpora outras novas con carácter estable, supuxo un incremento no número de centros educativos participantes (42 centros fronte aos 23 do ano 2016), do alumnado participante (4.966 menores fronte a 2.429 do ano 2016) e do número de actividades realizadas. A maiores, 478 menores participaron nunha nova edición dos contacontos teatrais, este ano en torno á temática específica da prevención dos abusos sexuais na infancia, e programados non soamente nas bibliotecas municipais, senón tamén en 6 centros de segundo ciclo de educación infantil, con máis de 478 menores participantes.
- Campaña de actividades para a conmemoriación do Día das Mulleres, o 8 de marzo de 2017 baixo o lema "Mulleres que transforman realidades" cunha participación total de 372 persoas participantes en 21 actividades (exposicións; roteiro feminista, I Feira de creadoras e artesás; actuacións musicais; concentración de moteras; espectáculos teatrais, etc.).
- Participación no Festival Mar de Mares, coa realización dos encontros "Mulleres de mar e letras", "Mulleres que van ao mar" e a mostra da fotógrafa Cristina Mittermeier en Palexco.
- Celebración das "I Xornadas de municipios cara á igualdade: políticas transformativas para a igualdade de xénero", os días 24 e 25 de marzo de 2017, con 120 persoas participantes e 18 relatoras, que se pecharon coa asistencia de 51 persoas a un roteiro urbano feminino polo barrio de Monte Alto.
- A celebración do concurso de arte urbana derivou na pintura dun graffitti nun muro do pavillón municipal de deportes anexo ao CEIP San Francisco Javier.
- O I premio Elvira Bao quedou deserto de acordo coa acta do tribunal que evaluou os traballos presentados.

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

En xeral, descende o número de menores nos espazos de atención a infancia (EAI) e aumenta moi lixeiramente o número na modalidade de canguraxe a domicilio (case o 90% son traslados de menores do centro educativo ao domicilio e viceversa, así como tamén a actividades extraescolares). A motivación principal segue a ser laboral en case o 100%, agás na utilización da ludoteca de Novo Mesoiro no que o 50,5% é motivado por cuestións relacionadas co lecer, e o resto repártese en motivacións de tipo laboral e de participación cidadá (titorías; actividades en centros cívicos; charlas, etc.). Segue a incrementarse a modalidade a domicilio constituída basicamente por traslados de menores entre o seu domicilio e o colexio por mor de imposibilidade de recollida e entrega nos horarios do centro ou das actividades extraescolares.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA

- Destaca o incremento de 107 persoas en primeiras consultas (igual que o pasado ano o 40,24% son por anticoncepción, o 26,41% por interrupción voluntaria do embarazo e o resto por consulta psico-social). En 2017 foron atendidas polos servizos sanitarios do COF un total de 530 mulleres para interrupción voluntaria do embrazo, subindo o número total respecto de 2016 (509 mulleres). Como consideración xeral, as ratios de número de consultas atendidas no total das distintas profesionais que traballan no COF aumenta respecto a anos pasados.
- Reedición de materiais divulgativos: campaña de sensibilización dirixida a mocidade "Ti decides", coa edición 5.000 folletos; edición de 5.000 exemplares de folletos con información sobre métodos anticonceptivos; edición de 5.000 exemplares de dípticos de difusión de información do COF como recurso para a cidadanía.
- Participación na campaña de sensibilización para a atención ás interrupcións voluntarias do embarazo (IVES) no segundo semestre de xestación, coordinada polas entidades feministas da cidade.
- Formación e asistencia a outras profesionais: a 4 alumnas residentes da Unidade docente de Enfermería comunitaria de A Coruña para a asunción de funcións asistenciais nos COF; a profesionais da enfermería para a asunción de funcións asistenciais nos COF; entrevistas para orientación do programa de Xustiza Social coa persoas educadoras sociais de barrio; xuntanza co persoal sanitario do 061 para asesoramento sobre anticoncepción no ámbito das urxencias; apoio a alumnado e persoal investigador en materia de infeccións de transmisión sexual; etc.
- Colaboración con diversas entidades relacionadas con cuestións do ámbito de actuación do COF: ACCEM e Cruz Vermella (persoas migrantes e refuxiadas); Médicos do Mundo (mulleres en situación de prostitución); servizos sociais de atención primaria; etc.

MIGRACIÓNS, CIDADE REFUXIO E COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Destacar o descenso no número total de persoas atendidas e, en consecuencia no número de consultas e entrevistas realizadas. Non obstante, hai un incremento no número de informes realizados (tanto sociais como xurídicos), no número de persoas que participaron das diferentes accións formativas (423 frente ás 329 do ano anterior) e no número de visitas domiciliarias. Mantense estable o número de menores e centros colaboradores coa derivación de alumnado á Escola Intrcultural, que serán ampliados no vindeiro contrato.

Permanece estable o perfil das persoas usuarias (81,23% son migrantes; o 17,13% son persoas emigrantes galegas retornadas e o 1,64% persoas doutras rexións do Estado), sendo destacable o dato de que, para os tres grupos mencionados, a pocentaxe de mulleres segue a ser maior ca dos homes. Polo demáis, as consultas xurídicas e sociais maioritarias seguen a ser por cuestións de autorizacións de residencia temporal e comunitaria e reagrupacións familiares.

En materia de migracións e cooperación internacional, realizaronse as seguintes actividades:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Xornadas abertas "Unha Europa para as persoas desde a perspectiva decolonial" os días 1 e 2 de decembro, con en torno a 120 persoas asistentes.
- En colaboración co Fondo Galego de Cooperación realizouse a representación teatral "O Valo" o 13 de decembro no centro cívico de Os Mallos.
- Instalación da exposición fotográfica colectiva "Un migrante na rúa", no Centro Ágora, dende o 27 de nomebro ao 27 de decembro de 2017.
- Actividades en torno ao proxecto "Beyond Borders. Máis aló das fronteiras", con diversas actividades da Casa Museo Quiroga (exposición fotográfica, charlas, e paneis informativos) coa fin de concienciar sobre a situación das persas refuxiadas amosando o periplo realizado por Frani Arjona e Óscar Insua que comeza en xaneiro de 2016 en Grecia nos campos de persoas refuxiadas desde Atenas ata a fronteira con Macedonia.

DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- O contrato menor para o funcionamento do "Espazo Diverso" entrou en vigor a finais do ano 2016, polo que 2017 foi o primeiro ano de funcionamento do mesmo. Ademais das 22 persoas obxecto de atención directa e as 30 atendidas en calidade de apoio a profesionais, docentes ou outro persoal municipal, destacan os 577 alumnas e alumnaos dos 28 obradoiros en materia de diversidade sexual impartidos tanto en IES, como en Centros de FP (que non reciben a oferta do programa "Coruña Educa") ou na biblioteca Durán Loriga.
- Na programación de actividades do Espazo, destacar a asistencia de 445 persoas en total aos 12 videofórums (actividade mensual estable) e as 197 persoas asistentes ás 8 charlas realizadas ao longo do ano.
- Editáronse máis de 2.500 marcadores e 250 cartaces para a difusión da actividade do espazo, así como un vídeo promocional do servizo, ubicado na web da Concellería.
- Organización das actividades en conmenoración do Orgullo 2017 baixo o lema "Vive a túa cor. Sexualidades Diversas, identidades libres" ao longo do mes de xuño, con actividades lúdico-festivas xunto con outras de carácter pedagóxico, formativo e reivindicativo, incluíndo un total de 11 actividades, coa implicación de varios servizos municipais, así como o lanzamento dun concurso de fotografía ao que se presentaron 32 imaxes, e que contou con 14 librarías colaboradoras. Destacar a presentación da Guía Turística LGTBQI (realizada en colaboración co Consorcio de Turismo) e a festa celebrada no Campo da Leña o día 17 de xuño coa participación de 4 artistas, e a presencia de mesas informativas e de difusión de material dos diferentes colectivos LGTBQI da cidade.

FOMENTO E APOIO AO TRABALLO DE ENTIDADES COMPROMETIDAS E ACTIVAS NA PROCURA DUNHA CIDADE IGUALITARIA, DIVERSA E INCLUSIVA

- Conmemoración do Día Internacional das persoas con Discapacidade (3 de decembro), coa celebración de diferentes actos enmarcados no programa "Festigual" da Fundación Emalcsa. O día 3 de decembro participaron en María Pita 28 entidades da cidade que traballan no ámbito da discapacidade.
- Como xa se sinalaba no apartado de conclusións xerais, o ano 2017 caracterizouse por un notable incremento no número de convenios

nominativos a tramitar xunto coa tramitación e comprobación das xustificacións dos mesmos convenios correspondentes ao ano 2016. Así, de 35 convenios tramitados no ano 2016 pasouse a 47 convenios asinados, 5 adendas a convenios xa asinados, 3 renuncias, e todos os trámites asociados a pagos anticipados agás os de 3 entidades debido a problemas coa xustificación do ano anterior.

- Non foi posible resolver as subvencións en concorrencia competitiva durante o 2017 debido ao forte incremento de solicitudes (duplicando o número das presentadas en 2016), e as devanditas carencias de persoal.
- Destacar o traballo de colaboración realizado con máis de 61 entidades que dinamizaron actividades de sensibilización e visibilidade de realidades minorizadas, chegando a un total aproximado de 2.500 persoas participantes en diferentes actos públicos. En especial destacar as seguintes:

- Solidariedade Internacional de Galicia, coa actividade "Feminismos en CentroAmérica".
- Acem coa organización, un ano máis, da "Barbería Solidaria", o día 10 de xuño nos Xardíns de Méndez Núñez, realizando 276 cortes de pelo a mans de barbeiras e barbeiros voluntarios procedentes de todo o Estado.
- Fegerec, coa organización de "O entroido do humor e máis... en clave feminina" o 27 de febreiro no Teatro Colón.
- Aspace, organizando unha cadea humana o 22 de setembro na Torre de Hércules e con presencia no programa de radio na ONCE.
- Adaceco, coa organización dunha mesa informativa e un mercado solidario.
- Entidades de Cooperación da cidade, coa campaña "Pobreza Cero".
- Federación de ANPAS da Coruña-Costa da Morte, coa actividade "Camiño dos faros" (actividade inclusiva).
- Federación de persoas xordas, coa actividade "X Encontro da muller xorda"
- Visita e conferencia do líder espiritual do Senegal "Serigne Mame Mor Mbacké", ateigando con máis de 700 persoas participantes o Centro Ágora.
- Tramitación das solicitudes de 22 entidades para a iluminación da Torre de Hércules con motivo da celebración de actos que contribuíron á súa visibilidade.
- Un ano máis celebración da Feira "+ que capaces", no marco do XXIV Feira de Autónomos de Galicia, celebrada do 6 ao 10 de decembro, no que participaron 5 entidades coa diversidade sensorial, cognitiva ou sensorial (AIND; Grumico; Acem; Asociación Pascual Veiga; Asociación para a Inclusión de Persoas con Discapacidade Intelectual - Artefíos).

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizo Municipal de Participación

Responsable: Pita Seijas, Mª Carmen
Dirección: Praza de María Pita, 1
Teléfono: Ext 10910

MISIÓN

Crear, definir e fornecer unha cultura orientada á **participación cidadá activa**, fomentándoa a través da articulación de novos dereitos para a veciñanza, a través dos que exercer a democracia directa, tomando decisións de xeito directo en temas como o orzamento municipal.

Cada canle de participación é un novo dereito da cidadanía:

- **O "Escano Cidadán"** permite a participación no Pleno do Concello para colocar as preocupacións da cidadanía na axenda política da Corporación.
- **"A Porta Aberta"** articula procesos participativos abertos para que a cidadanía poida achegar a súa visión sobre os problemas e as decisións que afectan aos barrios e á cidade.
- Os **"Orzamentos Participativos",** unha ferramenta para que os veciños e as veciñas da Coruña decidan libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do Concello.
- **O "Dillo Ti"** abre un canal directo entre a cidadanía e o goberno municipal para facerlle chegar as súas propostas e suxestións.

Trátase de poñer a intelixencia colectiva ao servizo do ben común, para así mellorar a cidade, integrando as necesidades da veciñanza nos procesos de toma de decisións do goberno municipal e articulando sempre as vías precisas para garantir a participación de todas e todos dunha maneira accesible.

Establécense polo tanto mecanismos de **escoita específica ás diversidades** para acadar unha cidade máis igualitaria.

Ademais, as políticas de **mocidade** artéllanse desde o concello da Coruña, a través da concellaría de Participación e Innovación Democrática, están enfocadas á mocidade en xeral, tentando abordar as súas complexidades e circunstancias. Estan definidas pola procura dunha **interlocución directa** coa mocidade, un coñecemento da realidade xuvenil e unhas **metodoloxías** de traballo **abertas e participativas** contruidas a partir das demandas, as propostas, os intereses e as necesidades detectadas.

O traballo no eido da mocidade terá unha estrutura trasversal fortalecido pola colaboración con outros departamentos municipais, institucións, entidades e tecido social vencellados, dunha forma ou outra, á mocidade.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

FUNCIÓNS

DEPARTAMENTO DE MOCIDADE

O departamento de Mocidade enmarcado na concellaría de Participación e Innovación Democrática contén, na súa estrutura, unha serie de espazos e programas ao servizo da xuventude coruñesa, que pasan a detallarse a continuación:

PROGRAMAS PARA A MOCIDADE

PROGRAMA DE OCIO SAUDABLE

Desde o ano 2008 o Concello da Coruña participa na convocatoira para a concesión de axudas económicas a corporaciones locais para o desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias, con cargo ao Fondo de Bens decomisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, en aplicación da Lei 17/2003, de 29 de maio.

Esta subvención financia as propostas para mozos e mozas de 12 a 30 anos enmarcadas no proxecto denominado "Ocio Saudable" que, atendendo a liña de traballo da área de Mocidade, ten por obxectivos:

Xerais:

- Promover un ocio que favoreza hábitos saudables de utilización do tempo libre da mocidade.
- Desenvolver no colectivo xuvenil un concepto amplo de saúde.

Específicos:

- Previr na poboación moza, prácticas de risco asociadas ao consumo de sustancias nocivas para a saúde a través da oferta de programas de actividades basadas na educación para o ocio e nas prácticas de ocio saudables.
- Ofertar propostas de actividades de ocio que responda aos intereses, motivacións e demandas da mocidade propiciando espazos participativos, educativos, lúdicos e de encontro.
- Promover accións e xornadas formativas como intercambio de experiencias, expectativas e análise.
- Ofrecer alternativas de ocio que favorezan a igualdade a integración de mozas e mozos de distintos colectivos sociais.
- Potenciar la participación dajuventud e do tejido asociativo no diseño, desarrollo e evaluación do programa.

Financiación

Desde o seu inicio no ano 2008, *Ocio Saudable* é un programa de continuidade levado a cabo polo Concello da Coruña a través do departamento de Mocidade, independentemente de que fora subvencionado pola Delegación do Goberno no marco do Plan Nacional sobre Drogodependencias.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Coa convocatoria de subvencións nas que o Concello participa desde o ano 2007, o departamento de Mocidade financia os proxectos intergrados no programa de ocio saudable de xaneiro a setembro, como aparece recollido nas ordes das convocatorias.

No ano 2016 e 2017 o Plan Nacional sobre Drogodepencias, dependente do Ministerio de Sanidade, non levou a cabo a convocatoria polo que, o programa de ocio saudable, non contou con financiación externa para a realización.

Estrutura do programa

Ocio Saudable, como programa global de interveción no ámbito da mocidade, está estruturado nos seguintes proxectos e accións

- Nocturnia.
- Accións formativas para a mocidade.
- Campamentos de verán.
- Encontros participativos co tecido asociativo, colectivos informais e mocidade en xeral.

1. **NOCTURNIA, o programa de actividades ocio saudable do Concello da Coruña**

Programa de xestión directa

O proxecto **NOCTURNIA**, dentro do Programa de Lecer Saudable, mantivo como principio ao longo das súas edicións, o intento por implicar ao maior número de entidades e colectivos xuvenís que realizan con frecuencia actividades neste sector, dentro do deseño e planificación das súas actividades de lecer alternativo, na súa procura de proxecto participativos feitos por e co público obxectivo do programa.

Nunha aposta por desenvolver un programa que abarque moito máis que a realización de proxectos e actividades de lecer saudable, desde o departamento de Mocidade búscase unha nova vía de comunicación, unha forma atractiva e próxima de comunicar e visibilizar os intereses e inquietudes da poboación xuvenil da cidade, e de chegar desde as institucións ao sentir dos mozos. Neste contexto xurde *Nocturnia Coruña Mutante*. Unha revista que non é a presentación do programa de lecer municipal para a mocidade Nocturnia, é moito máis.

Coruña Mutante é un medio para visibilizar á Coruña máis inquieda, activa, fresca e moza. Unha revista que mostrará o lecer, os referentes e os proxectos máis interesantes para a mocidade da cidade. Todo co fin de crear unha publicación de e para todos e todas.

2. **ACCIÓNS FORMATIVAS PARA MOZAS E MOZOS**

Programa de xestión directa

Dentro do programa de Ocio Saudable se enmarcan unha serie de accións formativas no ámbito sociocultural que abarcan os diferentes eixos de interese e de acción da mocidade, orientadas á xente moza, entidades e asociacións xuvenís, colectivos

informais, persoal técnico con traballo directo coa mocidade e a aquelas persoas con labores de dinamización en temas de lecer, e cuxa finalidade é a de dotar das ferramentas necesarias aos destinatarios para a intervención directa e a creación de propostas alternativas.

3. **CAMPAMENTOS DE VERÁN**

Programa de xestión directa

Son unha proposta para un verán alternativo promoverá o contacto da mocidade coa cidade e os seus espazos naturais e urbanos, visibilizando as súas posibilidades de uso e disfrute, na procura de favorecer a conciencia medioambiental e sustentable colectiva na interacción cos mesmos.

As mozas e mozos poderán participar en actividades de deporte alternativo coma o tiro con arco, kinball ou a boccia; deportes acuáticos e na praia coma o snorkel, o volei praia, kaiak ou ultimate; roteiros pola contorna natural da cidade e os obradoiros creativos con material reciclable.

Realizanse durante o mes de xullo (de luns a venres), en horario de mañá e dentro do entorno urbano

4. **PROCESOS PARTICIPATIVOS COA MOCIDADE: PARTICIPADOIROS**

Programa de xestión directa

Os procesos específicos coa mocidade responden á idea transformadora de que as políticas de mocidade non poden seguir dependendo únicamente das decisións do persoal técnico ou político. A mocidade debe ver incrementada o seu protagonismo e nivel de compromiso en relación a aqueles aspectos que lle afectan, ou que precisan da apertura de novas canles de comunicación e da posta en marcha de ferramentas específicas para a súa participación, incrementando así a súa capacidade de decisión.

OUTROS PROGRAMAS PARA A MOCIDADE

PROGRAMA DE ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL (AIX)

Programa de acción voluntaria que consta da creación dunda rede de pequenas sucursais do Centro Municipal de Información Xuvenil, en 23 centros públicos (IES, CIFP, Escola Oficial de Idioma, Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e o Conservatorio Profesional de Música), e máis nos centros concertados con ESO e Bacharelato da cidade.

Cada AIX comprende:

- Un taboleiro, desde o que se difundirá información de interese xuvenil: música, teatro, deportes, cinema, concursos, etc
- Información semanal actualizada.
- As redes sociais e a web do CMIX.
- Correspondente/s que se ocupan da difusión de información no seu centro.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

As persoas destinatarias deste programa son mozos e mozas entre os 15 e os 30 anos, soas ou acompañadas, matriculadas no centro de estudos onde se desenvolva o programa

ESPAZOS VINCULADOS AO DEPARTAMENTO DE MOCIDADE: CMIX, LOCAIS DE ENSAIO, ESPAZO DE INICIATIVAS XUVENÍS

1. LOCAIS DE ENSAIO

Os Locais de Ensaio da Concellaría de Participación e Innovación Democrática, ubicados no Coliseum contiguos á sala Túnel, son un servizo público a disposición da xuventude para que teña espazos axeitados en que expresar a súa creatividade, inquedanzas e manifestacións musicais.

As persoas destinatarias desta proposta son músicos noveis, tanto en grupo como individualmente.

Os obxectivos que presentan os Locais de Ensaio son:

- Darlles resposta ás inquedanzas musicais da mocidade.
- Propiciar os medios para que a xente nova con inquedanzas musicais, ben individualmente ou ben formando grupos, en todo caso novel, poida contar con locais acondicionados perfectamente para os seus ensaios.
- Fomentar e potenciar a creación e a formación de grupos musicais.
- Divulgar as actividades e iniciativas que poidan xurdir desde a xuventude que participa no proxecto.

Este espazo para a xuventude está integrado por:

- Tres locais de ensaio equipados con backline (batería, amplificador de baixo, amplificador de guitarra, equipo de micros…).
- Unha sala de control con capacidade para gravar maquetas e ensaios.
- Un coordinador técnico e un técnico con coñecementos de son e software informático especializado para realizar tarefas técnicas nas gravacións.

Ademais da cesión dun espazo de ensaio coordinado e controlado, preténdense **ofrecer accións formativas e de exhibición** das creacións dos grupos participantes, así como reforzar sinerxias non só entre os usuarios dos locais, senón tamén con proxectos similares no país e con eventos musicais no ámbito local.

- **Actividades formativas:** desde os locais de ensaio proxéctase un programa de formación continua para músicos noveis, composto por accións formativas específicas adapatadas as necesidades dos mozos e mozas que se inician no mundo dixital. Van desde o perfeccionamento da técnica nun instrumento, até temas de ámbito loxísticos, de imaxe, seguridade e técnicos. Ademais, desde principios do 2013, iniciase un programa de saúde musical en colaboración con el Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, Colexio Oficial de Logopedas de Galicia e o Centro Gaes.
- **Actividades de exhibición:** trimestralmente, os grupos residentes nos Locais de Ensaio teñen a oportunidade de mostrar a súa evolución nun concerto.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490BD304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Os espazos destes concertos de carácter solidario varían para cada cocncerto atendendo aos diferentes estilos musicais dos grupos residente participantes.

Ademais, desde o 2012, o departamento de Mocidade ven traballando para a colaboración directa dos grupos noveis nos grandes eventos da cidade: Tall Ship Race, Maratón Coruña42, Festival Noroeste Pop-Rock, etc.

O persoal dos Locais de Ensaio, dependente dun contrato de xestión, está composto por: un coordinador, técnico de son, e unha técnica de son especializada en comunicación e xestión audiovisual 4. Este equipo é permanente ao longo de todo o ano.

2. ESPAZO DE INICITIVAS XUVENÍS (EIX)

Espazo de Iniciativas Xuvenís está diseñado para que a xuventude teña espazos axeitados en que desenvolver propostas, proxectos ou iniciativas desde e para as mozas e mozos cos recursos necesarios.

Na dinámica de funcionamento do EIX, ademais de proporcionar un espazo coordinado, dinamizado e controlado, preténdense ofrecer accións formativas, creativas, xuntanzas, posibilidade expositiva... así como reforzar sinerxias non só entre usuarios e usuarias do espazo, senón tamén con proxectos similares e con eventos para a xuventude no ámbito local.

O equipamento conta dúas salas de usos múltiples a modo de espazos comúns, abertos, dinámicos e polivalentes dotados con WI-FI e dous puntos de consulta en Internet así como dun taboleiro de información xuvenil. Ademais, conta con mobiliario móbil e multiusos, proxector e pantalla, megafonía e equipo de son… o que reforza a idea de espazo polivalente proporcionando cabida a unha tipoloxía variada de propostas.

Na actualidade, o EIX acolle desde programas de actividades de ocio saudable durante a fin de semana ata accións de formación complementaria para a xuventude.

Enmarcanse neste espazo programas municipais de actividades, de formación e encontros participativos así como charlas e conferencias con temática e interese para a xuventude que se veñen realizando con carácter puntual por parte de organismos públicos e entidades do tecido asociativo da cidade con intenso traballo no ámbito xuvenil.

3. CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL (CMIX)

O Centro Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña (CMIX) establece como obxetivos principais:

- Proporcionar ás mozas e mozos da cidade, fundamentalmente de entre 14 e 30 anos, a información necesaria para lograr a súa participación activa e responsable na sociedade.
- Fomentar a participación xuvenil das asociaciós e colectivos non formais da nosa cidade.
- Ser un catalizador de intereses e demandas da xuventude coruñesa.
- Posibilitar a igualdade de oportunidades e facilitar a transición á vida adulta.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Desenvolver accións concretas que respondan ás necesidades en calquer ámbito relacionado coas políticas de xuventude.
- Convertirse en observatorio permanente dos intereses, necesidades e iniciativas dos mozos, podendo extraer conclusións de interese para a planificación de accións das diversas entidades municipais.

O CMIX creouse no ano 1.990, e pertence á Rede Galega de Documentación e Información Xuvenil. Esta rede está regulada en virtude da lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. (DOG nº 139 do 20 de xullo).

O persoal do Cmix, dependente dun contrato de xestión, está composto por: un coordinador, 4 informadoras xuvenís, e unha operaria informática. Este equipo é permanente ao longo de todo o ano.

As canles de información e comunicación das que dispón o centro son:

- Información e asesoramento: en persoa, por teléfono, por correo electrónico (cmix@coruna.es), boletíns electrónicos, a través do sitio web www.coruna.es/cmix, e nas suas redes sociais Facebook http://www.facebook.com/cmix.coruna , e o Twitter @CMIXcoruna.
- Autoinformación: a través de paneis, dossieres, da web www.coruna.es/cmix, e de redes sociais.
- Documentación: préstamo domicilio de guías de viaxes, préstamo e consulta en sala, e máis a través do dossier on-line de "Educación" *e o "Buscador de Estudos"*, actualizado e dispoñible en www.coruna.es/cmix .
- Os fondos da Área de Documentación están referenciados e poden ser consultados a través do catálogo en liña do sistema de Bibliotecas Municipais (www.coruna.es/bibliotecas).
- Biblioteca: Composta por monografías, dossieres de autoinformación, folletos, directorios de recursos e numeroso material documental en diversos formatos (dípticos, cartaces, material autoeditado…).
- Hemeroteca: revistas, boletíns informativos.
- Viaxeteca: Servizo de préstamo a domicilio de guías turísticas para socios das Bibliotecas Municipais da Coruña titulares dos carnés para a mocidade, mapas de situación e de estradas, planos das cidades máis importantes, aloxamentos, rutas, deportes alternativos…
- Páxina web (www.coruna.es/cmix).
- Páxina web do Centro Municipal de información Xuvenil que permite, a través dun sinxelo menú, acceder a amplos e diversos contidos de interese para a mocidade : Convocatorias de bolsas, concursos, actividades, exames…Buscador de estudos, información sobre recursos e servizos vinculados á cultura, o deporte, a solidariedade, educación, emprego, vivenda, sexualidade, asociacionismo, tempo libre…
- Redes sociais e boletíns electrónicos de información.
- Servizo gratuíto de suscricións a través de sms e rrss.

Ademais destes servizos, o Centro Municipal de Información Xuvenil dispón dunha **caixa de recursos** para actividades sen ánimo de lucro a disposición de todas as asociacións, colectivos, clubs, federacións e outros colectivos conformados por persoas de 14 a 30 anos ou vinculados dalgunha maneira á xuventude.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A quen se dirixe? A caixa de recursos preséntase como servizo orientado fundamentalmente a:

- Asociacións xuvenís legalmente constituídas.
- Grupos de xuventude, tanto de carácter estable como aqueles de carácter conxuntural.
- Entidades prestadoras de servizos á xuventude.
- Aquelas entidades que, sen ser especificamente xuvenís, desenvolven proxectos de sensibilización coa xuventude ou pola xuventude.

4. PLATAFORMA14. SALA DE EXPOSICIÓNS

Plataforma14 é unha sala de exposicións do Fórum Metropolitano que ten como obxectivo potenciar e visibilizar o traballo da mocidade creadora da nosa cidade, a través da creación dun espazo físico onde poidan mostrar os seus proxectos expositivos.

O nome Plataforma14 recupera a memoria dos 13 antigos depósitos da CAMPSA situados na zona na que se sitúa actualmente o Fórum.

A sala pode ser solicitada por todas as persoas que teñan un proxecto artístico relacionado coa creatividade emerxente, pero a cesión do espazo priorizarase a:

- Mocidade creadora de entre 15 e 35 anos, vinculada á nosa cidade, é dicir, que nacesen, residan, traballen ou estuden nela.
- Colectivos de artistas, nos que polo menos o 75% das persoas que integren o dito colectivo cumpran os requisitos establecidos no punto anterior.
- Centros educativos que impartan estudos regrados oficiais vinculados coa creación artística.
- Entidades sen ánimo de lucro, que queiran promover unha exposición vinculada coa creación ou cultura xuvenil.

A cesión da sala é **gratuíta**.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

DEPARTAMENTO DE PARTICIPACIÓN

1. Apertura e mantemento de dereitos da veciñanza e canais de participación cidadá

- Intervención da veciñanza nos Plenos Municipais: "Escano cidadán".
- Celebración dos encontros mensuais do goberno municipal coa veciñanza: Programa "Dillo Ti".

2. Desenvolvemento de procesos participativos "A Porta Aberta" como ferramentas de participación da veciñanza na toma de decisións

- Programa de orzamentos participativos no que a veciñanza decide de modo directo en que investir unha parte do orzamento municipal.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Procesos participativo o "Camiño do Vixía" para mellorar á mobilidade no barrio de Monte Alto.
- Proceso para a definición de servizos culturais polivalentes no barrio de Novo Mesoiro.

3. Proceso participativo para a incorporación da cidadanía ao proceso de constitución e funcionamento da Área Metropolitana co obxectivo de pór en marcha outros modelos de gobernanza onde as persoas que habitan os territorios teñan opcións de incorporar as súas voces ao modelo de interconexión que necesitan.

4. Proxectos de innovación

- Laboratorio cidadán Co-Lab, desenvolvendo un total de seis proxectos de innovación social en varios ámbitos de actuación.

5. Apoio, mediante a concesión de axudas económicas, ás asociacións e federacións veciñais da cidade

- Convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva para a realización de proxectos e actividades desenvolvidas polas asociacións veciñais durante o ano 2017, por un importe global de 30.000 euros.
- Convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva para apoiar o funcionamento das entidades veciñais que carecen dun local en réxime de cesión gratuita, por un importe global de 10.000 euros.
- Convenio nominativo coa Federación de Asociacións Veciñais e Área Metropolitana para a realización das actividades propias por un importe global de 36.000 euros.
- Convenio nominativo coa Federación de Asociacións Veciñais e Área Metropolitana para a posta en marcha dunha plataforma web de información e participación para as entidades veciñais da cidade.

6. Atención e asesoramento ao movemento asociativo

- Atención institucional a entidades, colectivos informais e persoas individuais.
- Asesoramento e apoio a entidades asociativas de cidade para a súa constitución, xestión e trámites administrativos de todo tipo.

7. Instrumentos e recursos de traballo no ámbito do asociacionismo

- Xestión do Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas, REMAC, para dispoñer dunha ferramenta útil e actualizada sobre o movemento asociativo da cidade.
- Realización, actualización e xestión do inventario de espazos municipais, identificando de maneira especial aqueles con dispoñibilidade para o uso público de entidades.

8. Novos espazos municipais para o uso de colectivos e a cidadanía en xeral, articulando innovadores sistemas de xestión dos espazos públicos.

- Concurso para a adxudicación da xestión das instalación da antiga **cárcere**.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Articulación dus sistema de uso e préstamo puntual das instalación do **Faro de Oza** para a súa utilización por parte da veciñanza.

DEPARTAMENTO DE MOCIDADE

Interlocución, acompañamento e promoción, son as tres ideas forza que definen a misión das políticas de Mocidade desenvoltas desde a concellaría de Participación e Innovación Democrática.

A partir destas tres ideas, marcadas por un contacto e traballo de proximidade coa mocidade, se estruturan os ámbitos principais ou áreas clave de traballo do departamento:

- Acceso a información.
- Promoción e facilitación da participación xuvenil.
- Dinamización xuvenil e ocio saudable.
- Promoción do asociacionismo.
- Promoción da creación artística.
- Educación non formal.
- Emprego, empregabilidade e emprendemento Xuvenil.
- Mobilidade.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

DEPARTAMENTO DE PARTICIPACIÓN

- Mantemento dos dereitos abertos para a veciñanza a través dos que exercer a democracia directa: **encontros Dillo ti** e mantemento do **Escano Cidadán**.
- Consolidación do programa de **orzamentos participativos**, reservando **3.000.000 millóns de euros** do orzamento municipal de 2017 para as propostas feitas pola veciñanza, acadando uns excelentes resultados de participación e sentando as bases para o seu futuro asentamento nas políticas municipais.
- Continuidade do programa de procesos participativos **"A Porta Aberta",** coa posta en marcha das hortas urbanas autoxestionadas do proceso "EcoHortas", a execución das seguintes fases do proceso "Camiño do Vixía" co obxectivo de lograr a accesibilidade peonil desta senda en Monte Alto, e o desenvolvemento do proceso participativo sobre a articulación de novos servizos culturais municipais en Novo Mesoiro.
- Apoio á constitución e funcionamento da **Área Metropolitana** da Coruña para modificar o espazo urbano dos concellos implicados, favorecendo a maior sustentabilidade e integración. Incorpórase a cidadanía a este proceso de integración co obxectivo de pór en marcha outros modelos de gobernanza onde as persoas que habitan os territorios teñan opcións de incorporar as súas voces ao modelo de interconexión que necesitan. Así, neste proceso creáronse espazos para debater sobre a construcción de territorios máis sustentables en todos os sentidos, tanto ambiental, como económica, como socialmente, con conexións máis profundas entre as persoas e cunha maior democratización dos órganos e dos servizos dos que se dote.
- Afianzamento do **Co-Lab, o Laboratorio Cidadán**, coa posta en marcha de novos proxecto de innovación social en distintos ámbitos de interese social.

- Reforzo do **apoio ás entidades veciñais** a través das subvencións para a realización de actividades e para garantir o funcionamento das entidades que non dispoñen dun local municipal en réxime de cesión gratuita, e a través da subscrición de dous convenios nominativos coa Federación de Asociacións Veciñais de A Coruña e Área Metropolitana, cun importe global adicado a este capítulo de **96.000 euros.**
- Mantemento, xestión administrativa e actualización do **Rexistro de Asociacións da Coruña, REMAC,** para dispoñer dunha ferramenta útil e actualizada sobre o movemento asociativo da cidade.
- Actualización do **inventario de espazos municipais** e articulación de sistemas **de xestión innovadores** destes espazos, priorizando sistemas de autoxestión compartida, de forma que se facilite su uso pola veciñanza (Recuperación da antiga cárcere para usos sociais e habilitación do faro de Oza para a utilización por parte da cidadanía).

DEPARTAMENTO DE MOCIDADE

- Potenciar o traballo colaborativo no eido da mocidade artellando novos vínculos con entidades e institucións, e co fortalecemento dos creados co tecido asociativo xuvenil.
- Creación de procesos participativos abertos coa mocidade nos que establecer as bases para a relación, as vías de comunicación e a recollida das das demandas e necesidades da mocidade.
- Potenciar a participación nas actividades do programa de ocio saudable Nocturnia co incremento de prazas totais ofertadas.
- Aposta pola comunicación de ocio saudable a través da edición da revista "Coruña Mutante", por e para a mocidade.
- Manter o acceso as actividades de verán para mozos de 12 a 17 anos (campamentos) establecendo unha cota gratuita.
- Consolidación da sala de exposicións Plataforma14 como espazo expositivo referente para artistas emerxentes da cidade.
- Potenciar a participación nos Locais de Ensaio a partir da inclusión de grupos noveis residentes en eventos musicais clave como o Festival Noroeste.
- Consolidación do programa de accións formativas para a mocidade no eido da educación non formal.
- Mellora dos fondos tecnolóxicos da caixa de recursos.
- Incremento dos fondos documentais específicos do Centro Municipal de Información Xuvenil.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	0,00	637.841,34	253.590,32
Gastos Correntes	Imputación Indirecta	0,00	133.385,15	44.739,83
	Imputación Directa	0,00	1.500.352,17	854.967,25
	TOTAL GASTOS	0,00	2.271.578,66	1.153.297,40

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
[PARTICIPACION] Escano Cidadán. Participación nos Plenos Municipais	P	Persoas participantes	20
		Nº de plenos ordinarios	12
[PARTICIPACIÓN] Encontros do goberno municipal coa veciñanza "Dillo Ti"	P	Número de persoas participantes	702
		Número de encontros	9
		Número de cartaces impresos	27.000
[PARTICIPACIÓN] Procesos participativos "A Porta Aberta". Programa de orzamentos participativos	P	Encontros presenciais de debate en espazos e bibliotecas municipais	19
		Número de persoas participantes nos encontros presenciais	276
		Nº de persoas rexistradas na plataforma web de orzamentos participativos	3.144
		Número total de propostas presentadas	628
		Número de propostas viables	219
		Número de propostas elixidas a incluir no orzamento de 2017	46
		Nº folleto/cartaces impresos para distribuir	20.000
[PARTICIPACIÓN] Outros procesos participativos "A Porta Aberta"	P	Nº de persoas participantes	203
		Nº de encontros e espazos presenciais de participación	9
[PARTICIPACIÓN] Laboratorio cidadán Co-Lab	P	Convocatorias de proxectos	1
		Número de proxectos seleccionados	6
[PARTICIPACION] Liñas de axuda para asociacións e federacións veciñais. Convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva e convenios nominativos	P	Cantidade global destinada	96.000
		Subvencións concedidas	25
		Convenios nominativos	2
[PARTICIPACIÓN] Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas, REMAC	P	Número total de entidades rexistradas	686
		Entidades de alta activas	557
		Entidades inscritas en 2017	76
		Actualizacións de datos en 2016	31
[MOCIDADE] Nocturnia. Programa de ocio saudable para a mocidade	P	Nº de actividades totais ofertadas	144
		Nº de actividades ofertadas na edición marzo-xullo 2017	84

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Nº de actividades ofertadas na edición outubro - decembro 2017	60
		Nº de prazas totais ofertadas	2.980
		Nº prazas ofertadas na edición marzo-xullo 2017	1.755
		Nº de prazas ofertadas na edición outubro-decembro 2016	1.225
		Nº de asociacións que participaron no desenvolvemento do programa	30
		Nº de colectivos informais que participaron no desenvolvemento do programa	12
		Nº de edicións da revista Coruña Mutante	3
		Nº total de exemplares editados dos 3 números da revista Coruña Mutante	14.000
		Nº de centros educativos de Educación Secundaria, FP, Ensinanzas superiores e Universidades nos que se distribue Coruña Mutante	35
		Nº de espazos municipais nos que se distribue a revista Coruña Mutante	61
		Nº total de cartaces informativos editados para as dúas edicións do programa	300
[MOCIDADE] Nocturnia. Difusión da información a través da web e das rr.ss	P	Nº de visitas á páxina web	26.387
		Nº de seguidores en Facebook	7.264
		Nº de seguidores en Twitter	1.462
[MOCIDADE] Campamentos de verán para a mocidade	P	Nº de prazas ofertadas	90
		Nº de prazas ocupadas	90
		Nº de prazas ocupadas por mozas	39
		Nº de prazas ocupadas por mozos	51
		Nº de cartaces editados para a difusión dos campamentos	100
		Nº de dípticos editados para a difusión dos campamentos	1.000

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
[MOCIDADE] Grupos residentes nos Locais de Ensaio	P	Nº de grupos residentes no 2017	53
		Nº de persoas usuarias compoñenetes dos grupos	189
		Nº de mozos compoñentes dos grupos	166
		Nº de mozas compoñentes dos grupos	23
		Nº de días de apertura ao público	335
[MOCIDADE] Difusión da información a través da web e redes sociais dos Locais de Ensaio	P	Nº de visitas ao blogue dos Locais de Ensaio	33.070
		Nº de seguidores en Facebook	3.240
		Nº de seguidores en Twitter	590
[MOCIDADE] Festival solidario Coruña En Directo XI (Locais de Ensaio)	P	Nº de grupos participantes	6
		Nº de persoas que compoñen os grupos participantes	37
		Nº de persoas que asistiron como público	174
[MOCIDADE] Festival Solidario Coruña en Directo XII (Locais de Ensaio)	P	Nº de grupos participantes	5
		Nº de persoas que compoñene os grupos participantes	22
		Nº de persoas que asistiron como público	75
[MOCIDADE] Obradoiros formativos (Locais de Ensaio)	P	Nº prazas ofertadas	25
		Nº prazas ocupadas	25
		Nº de mozas asistentes aos obradoiros formativos	7
		Nº de mozos asistentes aos obradoiros formativos	18
[MOCIDADE] MasterClass de Miguel Lamas (Locais de Ensaio)	P	Nº de prazas ofertadas	40
		Nº prazas ocupadas	34
		Nº de mozas asistentes á Masterclass	3
		Nº de mozos asistentes á Masterclass	31
[MOCIDADE] Edición do Volume7, CD recopilatorio (Locais de Ensaio)	P	Nº de músicos participantes na gravación do Volume7	45
		Nº de músicos (mozas) participantes no Volume7	5
		Nº de músicos (mozos)	40

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		participantes no Volume7	
[MOCIDADE] Plataforma14. Sala de exposicións para artistas emerxentes.	P	Nº de exposicións realizadas	7
[MOCIDADE] Difusión da información a través da web do Cmix (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº de visitas á páxina web	471.340
		Nº de páxinas visitadas	1.256.187
		Promedio de páxinas visiitadas por visitas	2,68
		Nº de persoas usuarias do sitio web	283.492
		Nº de consultas realizadas por correo electrónico	1.674
		Nº de suscricións para envíos de información persoalizada por correo electrónico	7.827
[MOCIDADE] Información directa ao público (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº de días de apertura ao público	285
		Nº de visitas ao Centro de Información Xuvenil	70.509
		Nº de persoas usuarias que realizaron consultas asistidas	14.510
		Nº de persoas usuarias mulleres que realizaron consultas asistidas	7.009
		Nº de persoas usuarias homes que realizaron consultas asistidas	7.501
		Nº de consultas asistidas	19.955
		promedio diario de consultas asistidas	70,1
		Promedio diario de visitas ao Centro Municipal de Información Xuvenil	247
[MOCIDADE] Fondo documental (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº total de títulos do fondo documental (monografías e multimedia)	1.423
		Nº de libros incorporados en 2017	3
		Nº de títulos de publicacións periódicas	17
[MOCIDADE] Servizo de vivenda (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº de persoas usuarias do servizo	330
		Nº de persoas usuarias do servizo que son mulleres	239
		Nº de persoas usuarias do servizo que son homes	91

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Nº de consultas atendidas	420
[MOCIDADE] Servizo de turismo xuvenil (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº total de persoas participantes	4.280
		Nº de consultas sobre turismo	3.923
		Nº de persoas inscritas nos obradoiros	46
		Nº de persoas inscritas nos obradoiros que son mulleres	31
		Nº de persoas isncritas nos obradoiros que son homes	15
		Nº de libros incorporados á viaxetca	3
		Nº de participantes na XV edición do concurso de fotografías Viaxarte	28
		Nº de fotografías presentadas na XIII edición do concurso de fotografías Viaxarte	63
[MOCIDADE] Programa Puntos de Información Xuvenil en Centros Cívicos (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº de puntos informativos en centros cívicos municipais	16
		Nº de documentos informativos entregados(en 45 semanas)	1.230
[MOCIDADE] Programa Antenas da Información Xuvenil (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº de centros educativos con Antenas e centros que reciben o boletín informativo	21
		Nº de documentos informativos entregados (en 20 semanas)	470
		Nº de Antenas de información xuvenil	33
		Nº de Antenas de información xuvenil que son mulleres	26
		Nº de Antenas de información xuvenil que son homes	7
[MOCIDADE] Programa formativo para asociacións e entidades	P	Nº de obradoiors realizados	6
		Nº de persoas inscritas	75
		Nº de persoas inscritas que son mulleres	50
		Nº de persoas inscritas que son homes	25
[MOCIDADE] Publicacións e campañas (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº catálogos programa Vixarte 2017 editados	1.000
		Nº trípticos bases programa Viaxarte 2017 editados	3.000

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Nº trípticos programa Antenas de información Xuvenil editados	3.000
		Nº folletos programa formativo A Voltas sobre creatividade emerxente editados	3.000
[MOCIDADE] Expedición de carnés para a mocidade (Centro Municipal de Información Xuvenil)	P	Nº de carnés xoves expedidos	2.269
		Nº de carnés Student, teacher, Alberguista e FIYTO	270
[MOCIDADE] Información desde a coordinación do Centro Municipal de Información Xuvenil	P	Nº de servizos municipais implicados nos programas de descentralización da información	25
		Nº de entidades non municipais implicadas nos programas de descentralización da información	53
		Nº de visitas concertadas ao Centro municipal de Información Xuvenil (centros educativos, entidades, etc.)	8
		Nº de entrevistas ou mencións ao Cmix na prensa	39
[PARTICIPACIÓN] Difusión da información a través da páxina web e redes sociais	P	Nº seguidores Facebook	1.744
		Nª seguidores Twitter	1.3610
		Nº visitas página web participación	9.735
		Nº visitas plataforma participación APortaAberta	149.057
		Nº de persoas usuarias páxina web	7.800

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Número de procesos participativos, canais fixos e outros espazos de participación presencial	0	54	49
Número de persoas participantes en encontros e espazos de participación presenciais	0	2.198	1.709
Número de persoas participantes nos programas a través de sistemas dixitais	0	1.608	3.144
Número de propostas de investimento presentadas no programa de orzamentos participativos	0	516	628
Número de subvencións concedidas a entidades veciñais e convenios nominativos asinados	0	24	27
Número de asociacións e entidades ACTIVAS rexistradas no	0	520	557

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
REMAC			
Visitas á páxina web de Participación	0	7.587	9.735
Nº visitas plataforma participación APortaAberta	0	76.658	149.057
Seguidores na rede social Twitter de Participación	0	1.021	1.361
Seguidores na rede social Facebook de Participación	0	1.325	1.744

CONCLUSIÓNS

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizos Sociais

Responsable: Loriga Tomé, Carmen
Dirección: C/Fernández Latorre, 64
Teléfono: Ext. 33058

MISIÓN

Contribuír a lograr e manter o benestar social e a calidade de vida da cidadanía da Coruña, en especial das persoas ou colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e inclusión social.

Desenvolver servizos, programas e prestacións en centros municipais próximos á contorna vital das persoas destinatarias, ás familias e ao ámbito comunitario, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.

Fomentar o desenvolvemento social e a participación de persoas, grupos e entidades.

SECTOR DE POBOACIÓN DESTINATARIA

Poboación en xeral.

- Usuarios e usuarias de servizos sociais.
- Grupos, entidades e comunidades.

CARACTERÍSTICAS

- Persoas que precisan información sobre recursos sociais.
- Persoas e/ou unidades de convivencia en situación de exclusión social ou con factores de risco: minorías étnicas, dependentes, discapacitados/as, persoas sen fogar, persoas en situación de desatención...
- Persoas usuarias de diferentes tipos de intervencións dos servizos sociais.
- Menores e adolescentes que presentan trastornos psíquicos e o grupo familiar no que están insertos.
- Persoas demandantes de actividades socioculturais.
- Grupos, comunidades e entidades colaboradoras.

POBOACIÓN INDIRECTA

- Familias e contorno das persoas usuarias.
- Toda a cidadanía.

FUNCIÓNS

PRESTACIÓNS DE SERVIZOS E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS Á CIDADANÍA

I. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

1.1. Servizo de información, valoración e orientación (SIVO)

1. Atención inmediata ás demandas sociais das persoas usuarias. Información e orientación (SAI).

2. Estudo social das situacións persoais e familiares e mobilización, aplicación e xestión dos recursos e prestacións propios do sistema de servizos sociais.

1.2. Servizos domiciliarios e atención á dependencia

1.2.1. Programa de información, orientación e valoración en materia de atención domiciliaria, dependencia e promoción da autonomía.

3. Atención inmediata das demandas sociais en materia de dependencia, maiores e discapacidade. Información e orientación (SAI).

4. Valoración das situacións persoais e familiares e mobilización, aplicación e xestión dos recursos e prestacións en materia de atención domiciliaria, dependencia, maiores e discapacidade.

1.2.2. Servizo/Programa de Axuda no fogar (SAF).

5. Servizo de axuda no fogar - Prestación básica (SAF Básica).

6. Atención domiciliaria socio-sanitaria.

7. Servizo de axuda no fogar - Dependencia (SAF Dependencia).

1.2.3. Programa de atencións domiciliarias complementarias.

8. Teleasistencia Domiciliaria.

9. Comida a Domicilio.

1.3 Programa de traballo con familias.

10. Intervención familiar.

11. Prevención e intervención en absentismo escolar.

12. Axudas económicas a familias para comedores escolares (Bolsa-Comedor).

13. Axudas económicas a familias para escolas infantís.

14. Programa Caixa Proinfancia.

15. Actividade Cibercaixa: Quedamos ao saír de clase?

16. Servizo de Centro de Día para a Infancia no "Fogar Infantil Emilio Romay".

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

17. Alimentación para menores en períodos non lectivos.

1.4. Programa básico de inserción social.

1.4.1. Programa de emerxencia social municipal.

18. Prestación económica de Emerxencia Social Municipal.

1.4.2. Programa da renda social municipal.

19. Prestación económica: Renda Social Municipal.

1.5. Programa de promoción e cooperación social con entidades.

20. Subvencións destinadas a cooperación en actividades de promoción, reinserción social e prestación de servizos sociais no municipio da Coruña.

21. Subvencións destinadas á realización de actividades de cooperación internacional para a execución de proxectos de cooperación ou que persigan un interese social ou humanitario no exterior.

22. Convenios nominativos con entidades que realizan actividades de interese social.

23. Convenios nominativos para gasto corrente.

1.6. Programa de actividades socioculturais de prevención e cooperación social.

24. Actividades socioculturais de programación anual.

25. Actividades socioculturais en colaboración con outros servizos municipais, entidades externas e persoas voluntarias ou colaboradoras.

26. Actividades socioculturais diarias dos centros cívicos: prensa, TV, xogos de mesa, xogos recreativos, wifi e sala de estudo.

27. Préstamos de locais e espazos de centros cívicos a entidades para actividades ou actos.

28. Intervención con participantes en prazas de apoio e promoción.

29. Información e divulgación de actividades.

II. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS

2.1. Programa municipal de inclusión social (PMIS).

30. Atención, apoio e seguimento ás persoas en risco ou situación de exclusión social.

31. Mobilización, aplicación e xestión de recursos e prestacións para persoas en risco ou situación de exclusión social.

32. Servizo de atención inmediata ás persoas sen fogar na Unidade de Atención de Inclusión Social (UAIS) do Centro Cívico de Monte Alto.

33. Servizo en rúa de detección e apoio ás persoas sen fogar.

34. Albergue Municipal de transeúntes do Institución Benéfico Social Pai Rubinos (IBS).

35. Orientación sociolaboral e mellora da empregabilidade para as persoas en risco ou situación de exclusión social.

36. Coordinación e colaboración coas entidades prestadoras de servizos ás persoas en risco ou situación de exclusión social.

2.2.Servizo municipal de urxencias sociais (SEMUS).

37. Atención a urxencias sociais.

38. Atención a persoas sen fogar: Rutas de localización e Dispositivo +calor.

2.3. Programa municipal de accións para a inclusión social da poboación xitana

39. Accións de inserción no ámbito social e pre-laboral.

40. Inserción no ámbito da vivenda.

41. Inserción no ámbito da educación.

42. Inserción no ámbito da saúde.

2.4. Programa de promoción da autonomía persoal.

43. Programa Talón Restaurante.

44. Programa de Estimulación Cognitiva.

45. Programa de Turismo Social de Terceira Idade.

46. Programa de Termalismo Urbano.

2.5. Centro de Día Novoboandanza.

47. Actividades encamiñadas á intervención terapéutica nos ámbitos físico-funcionais, psicosociais e relacionais das persoas usuarias e as súas familias e terapéuticas de carácter extraordinario:

a) Estimulación e potenciación das capacidades cognitivas e intervención nos ámbitos conductuais e emocionais.

b) Atención asistencial.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

c) Control nutricional.

d) Adaptación da contorna e uso de axudas técnicas.

e) Intervención socializadora e socioeducativa.

f) Intervención familiar.

2.6. Programa de prevención de drogodependencias.

48. Prevención escolar.

49. Prevención familiar.

50. Prevención comunitaria.

51. Prevención xuvenil.

52. Cooperación con entidades do ámbito das drogodependencias.

2.7. Programa de comedores municipais.

53. Comedor do centro cívico de Monte Alto.

54. Comedor do centro cívico Novoboandanza.

2.8. Aula CeMIT (Centro para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica).

55. Aula aberta.

56. Cursos de formación.

57. Cesión de aula.

58. Accións de intervención con persoas participantes.

2.9. Programa de accións para a adquisición de competencias sociais básicas para a inclusión social.

59. Adquisición de competencias de compensación educativa de adultos en proceso de inclusión social.

60. Adquisición de competencias sociais básicas.

2.9. Programa de apoio á inclusión social no ámbito domiciliario.

61. Apoio a adquisición e reforzo no domicilio de competencias básicas na organización e economía familiar, educación para a saúde, habilidades parentais, normalización educativa, habilidades para a convivencia e participación social.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

2.10. Proxecto de educación de rúa.

62. Educación de rúa de menores e xoves de 12 a 30 anos en situación de risco.

2.11. Programa de atención de baixa esixencia para persoas en situación de rúa – Centro Abeiro.

63. Servizo de atención, información e orientación.

64. Servizo de promoción e inserción social.

65. Servizo de lecer.

66. Servizo de café.

67. Servizo de consigna.

68. Servizo de estancia.

2.12. Programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social.

69. Aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social.

III. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS DE XESTIÓN

Información e comunicación a la cidadanía sobre servizos sociais por medios telemáticos.

70. Información telemática sobre servizos sociais.

71. Atención a consultas puntuais sobre servizos sociais por medios dixitais.

IV. SERVIZOS MUNICIPAIS DE PROMOCIÓN DÁ SAÚDE

Unidade de Saúde Mental Infantil.

72. Intervención clínica.

73. Intervención social coa familia.

V. CENTROS CÍVICOS, VECIÑAIS E SOCIOCULTURAIS

Os centros cívicos constitúen os equipamentos esenciais da Concellería de Xustiza Social e Coidados. Neles desenvólvense diferentes servizos e programas comunitarios básicos e específicos.

1. PROGRAMA DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DE PREVENCIÓN E COOPERACIÓN SOCIAL

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Nº total de atencións noutros servizos e programas (Traballo con Familias. Programas de atención a colectivos específicos. Actividades socioculturais)	14.834	11.456	15.370
Nº total de atencións por 1.000 habitantes	61	47	63
TOTAL DE ATENCIÓNS INMEDIATAS	0	0	10.000
TOTAL DE ATENCIÓNS PROGRAMADAS	0	0	27.328
TOTAL TRAMITACIÓN DE RECURSOS RELACIONADOS COA EXCLUSIÓN E AS NECESIDADES	0	0	5.570
TOTAL DE PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS, PROGRAMAS E CENTROS	0	0	49.108
Nº TOTAL DE PARTICIPACIÓNS EN ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS	155.054	135.378	145.267
Nº de participacións por 1.000 habitantes	636	555	595
Nº de participacións do Programa de Actividades Socioculturais de Prevención e Cooperación Social (En centros cívicos municipais e outras instalacións)	140.655	123.616	132.437
Nº de participacións en actividades doutros programas (Traballo con Familias. Prevención de drogodependencias. Promoción da autonomía persoal. Programas de atención a colectivos específicos)	14.399	11.762	9.764
Participantes en actividades formativas de inclusión social. (Inclusión social da poboación xitana, Aula CMIT, Accións formativas para a inclusión social)	0	0	3.066
Nº TOTAL DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS	3.388	3.248	3.390
Nº de actividades por 1.000 habitantes	14	13	14
Nº de actividades do Programa de Actividades Socioculturais de Prevención e Cooperación Social	2.828	2.788	2.808
Actividades formativas de inclusión social	0	0	214
Nº de actividades noutros programas	560	460	368
Nº DE PERSOAS SINGULARES QUE REALIZAN VISITAS Á WEB DE SERVIZOS SOCIAIS	103.741	128.332	128.389
Nº TOTAL DE SUBVENCIÓNS	56	46	36
Nº de entidades subvencionadas	56	37	32
Nº subvencións de servizos sociais na	56	39	36

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
cidade			
Nº de entidades subvencionadas	56	30	32
Nº DE CONVENIOS CON ENTIDADES	71	33	44
Nº de entidades	66	29	29
Nº TOTAL DE EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS	33	33	37
Centros cívicos, veciñais e socioculturais	22	22	22
Centros cívicos, veciñais e socioculturais por 30.000 habitantes	2,7	2,7	2,7
Centros, unidades e oficinas de atención	10	10	15
CENTROS PARA A PROMOCIÓN DA SAÚDE (Centro de Saúde Mental Infantil)	1	1	1
Nº de atencións	2.349	2.281	2.299
Nº de pacientes atendidos	445	454	562
GASTO REALIZADO EN SERVIZOS SOCIAIS (Obrigas recoñecidas nos capítulos 2,4,6 e 7)	15.463.772,97	14.064.922,54	15.407.632,74
Porcentaxe de realización do orzamento	83,2	74,54	79,95

CONCLUSIÓNS

I. SERVIZOS/PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

1.1. Servizo de información, valoración e orientación – SIVO

En relación co Servizo de atención inmediata podemos sinalar as seguintes consideracións:

- No ano 2016 ampliouse o servizo de atención inmediata de unha a catro unidades de atención social na cidade. Isto permitiu que se realizaran 4.623 consultas máis que no ano 2015.
- Houbo un aumento de máis de 600 consultas no ano 2017 respecto ao anterior.
- Nun 63% destas actuacións resolveron a situación de necesidade das persoas usuarias directamente sen necesidade de pasar a outro nivel de atención. O 37% (1.656) restante foron situacións que requiriron dunha intervención con seguimento. Destas, o 62% (1.034) foron tratadas coas traballadoras ou traballadores sociais de zona, mentres que o 38% restante (622) pasaron a profesionais doutros programas e servizos municipais.
- Do total de 870 tramitacións, 692 foron axudas económicas ou recursos de carácter básico.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Hai unha grande incidencia das actuacións de información de recursos e prestacións do sistema de servizos sociais e doutros sistemas de protección social, computándose un total de 1.963.
- Estes datos permítennos concluír que este sistema organizativo ten un valor positivo neste primeiro nivel de atención polas seguintes razóns:
    - Posibilita ofrecer atención no mesmo día.
    - Desconxestiona o servizo e reduce as listas de espera en tanto que aproximadamente un 63% das demandas xa obteñen unha resposta axeitada neste primeiro nivel de atención.
    - As traballadoras e traballadores sociais de referencia dispoñen de máis tempo para a intervención de caso ao reducirse o número de entrevistas de entrada.
    -

Dos datos do segundo nivel de atención, previa cita, feita polas traballadoras e traballadores sociais de referencia de zona, sinalar:

- Que xa destacábamos no ano anterior a baixada na demora de atención con cita previa pasando dunha media de 71 días a 18 no ano 2016. A media da demora de atención neste ano 2017 é de 24 días.
- Débese ter en conta tamén que as entrevistas fallidas baixaron un 10,2% respecto ao ano anterior.
- Continua a baixa do número de expedientes sociais novos. A canalización de situacións persoais e familiares a outros servizos ou programas e que moitas situacións son tratadas dende o servizo de atención inmediata e, por tanto, no requiren apertura de expediente, son factores que inflúen neste dato.
- Mantense a tramitación de prestacións económicas periódicas coma a RISGA, diminuíndo a tramitación de prestacións de carácter básico e puntual.
- Sinalar que no 51% das intervencións abertas no ano 2017 dende este programa se traballou en colaboración con outros programas de servizos sociais municipais.

1.2. Servizos domiciliarios e atención á dependencia

1.2.1. Programa de información, orientación e valoración en materia de atención domiciliaria, dependencia e promoción da autonomía.

- Aínda que descende un pouco o número de entrevistas de atención inmediata, aumenta o número de entrevistas e visitas a domicilio programadas e se implantan, por primeira vez, as entrevistas telefónicas de seguimento de casos e os acompañamentos.
- Este descenso dun 11,02%, no número de entrevistas de atención inmediata pode estar motivada polo cambio de procedemento para solicitar o servizo de teleasistencia. En 2017 a información previa a facilitou o persoal auxiliar de atención cidadá, pasando ao traballador ou traballadora social de zona cando xa media a solicitude. Este descenso valorase como positivo pois parece que coa medida se racionaliza e desconxestiona o servizo de atención inmediata, sen afectar á demanda de teleasistencia que continúa a ser ascendente.
- Salientar unha subida do 5% nas entrevistas programadas sobre axenda. O maior aumento foron as feitas en despacho, debido a que como medida de optimización do traballo técnico, moitas valoracións do servizo de teleasistencia fixéronse nesta modalidade, salvo excepcións nas que era fundamental a valoración en domicilio.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Cúmprese o obxectivo de mellorar a atención ao público por parte do persoal administrativo de atención cidadá, coa finalidade de filtrar a demanda para o servizo de atención inmediata que realiza o persoal técnico. Isto contribúe a axilizar o servizo de atención inmediata.
- En relación coa actividade no exercicio cabe destacar o importante volume de xestión que supón o tratamento de toda a información procedente das empresas que prestan os servizos domiciliarios, tanto a nivel administrativo e de facturación, como técnico. No ano 2017 xestionáronse 9.132 protocolos de información, seguimento e intervención. A nivel administrativo os protocolos son fundamentais para a facturación e xestión do servizos. A nivel técnico teñen a dobre función de seguimento do servizo e coordinación coas empresas, derivando en entrevistas, visitas domiciliarias, modificacións de proxectos de intervención etc.
- Destacar o aumento do número de informes sociais realizados, isto foi posible pola optimización do persoal técnico.
  Sinalar o importante volume de traballo que supón a realización de informes sociais para a obtención da valoración de dependencia e os servizos e prestacións do sistema de dependencia, que supón un 32% do número total de informes.

1.2.2. Servizo/Programa de axuda no fogar – SAF

- A demanda do Servizo de axuda no fogar – Prestación básica continúa experimentando unha lixeira tendencia a baixa no último ano dun 5,8%.
- O número total de persoas usuarias en 2017 mantense, aínda que o orzamento aumentou. Isto é debido a que o aumento orzamentario foi destinado ao SAD Dependencia que emprega mais horas de servizo en cada persoa usuaria, o que fai que aumente o número de horas prestadas no servizo, pero sen que o número de persoas aumente significativamente.
- Facendo unha comparativa dos catro exercicios sinalados, salientar a tendencia alcista das prestacións de SAF concedidas. O número de persoas usuarias en 2017 en relación con 2016 aumentou nun 2,61%.
- Destacar o aumento do número de prestacións de SAF Dependencia, un 6% con respecto a 2016. Esta recuperación é debida ao aumento nas horas que a Xunta de Galicia asigna ao Concello da Coruña para SAF Dependencia, que deriva na posibilidade de máis prestacións, e do xa mencionado aumento de orzamento deste exercicio.
- Deseño de novas actuacións que melloren a calidade de vida das persoas coidadoras e/o familiares dos/as usuarios/as do servizo de axuda no fogar, levouse a cabo a actividade de termalismo urbano para este colectivo, tendo unha boa aceptación (os datos desta actividade están reflectidos na Memoria de promoción da autonomía persoal).

1.2.3. Programa de atencións domiciliarias complementarias

- Durante este exercicio o número de persoas usuarias dos Servizos Domiciliarios Complementarios aumenta en relación ao exercicio anterior nun 10,69%.
- O dito incremento é a resposta para atender o aumento das solicitudes en 2017 do 5,85 %.
- O servizo de Comida a Domicilio incrementa o nº de persoas usuarias nun 18,56%.

1.3. Programa de traballo con familias

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Cumpriuse o obxectivo do exercicio de crear o software necesario para a xestión de tódolos trámites das bolsas de comedor dentro do aplicativo OPENCERTIAC, axustado as novas normas da Lei de Procedemento Administrativo.
- Os protocolos de absentismo abertos durante o último ano aumentaron un 57%.
- Este incremento percíbese moi notablemente nas áreas de influencia dos centros cívicos de Rosales, Labañou e San Diego.
- A franxa de idade con mais menores absentistas vai dos 14 ós 16 anos.
- O número de menores beneficiarios e beneficiarias de Beca comedor aumentou de forma moi importante, como ven sendo tendencia nos últimos anos, hasta case duplicarse.
- No caso das persoas que se benefician de axudas económicas para escolas infantís, aumentan nun 46%.
- A dedicación das educadoras dos centros cívicos ao traballo de intervención coas familias, relacións cos centros educativos etc. pode ser un motivo que explique o incremento dalgunhas das cifras deste ano. Cando se profundiza no traballo coas persoas, póñense de manifesto situacións que antes estaban larvadas.

1.4. Programa básico de inserción social

1.4.1. Programa de emerxencia social municipal

- Incrementouse o número de axudas concedidas e pagadas nun 11% respecto do ano anterior. Así mesmo foi maior a cifra de tramitadas. Ambas crecen ano tras ano dada a situación económica e laboral que seguimos a padecer.
- Neste ano diminuíron o número de persoas perceptoras de mais de unha axuda.
- Por conceptos, as cifras mantéñense en valores moi similares ao ano anterior.
- As axudas para a cobertura das necesidades básicas representan un 55% do total de axudas.

1.4.2. Programa da renda social municipal

- Pese a que ordenanza que regula a renda social municipal foi publicada en 2016, a súa posta en marcha efectiva non se produce ata 2017 en tanto que o persoal que desenvolve o programa comeza a incorporarse a finais de outubro de 2016. A partir deste momento é necesario desenvolver o procedemento e a documentación técnica e administrativa asociada á tramitación das solicitudes e á xestión e xustificación do gasto.
- Este proceso non estivo exento de dificultades, poñéndose de manifesto que determinados artigos da renda social municipal precisaban unha maior concreción ou grao de desenvolvemento para conseguir un proceso máis eficiente e áxil e dar cobertura a algunhas situacións que se foron detectando progresivamente. Neste proceso de análise e mellora do procedemento foi de gran importancia a colaboración coa Intervención municipal.
- As dificultades da posta en marcha da renda se reflicten no feito de que iniciamos 2017 cunha única RSM concedida e un número importante de denegacións (51,61%) debido, fundamentalmente, a que as solicitudes se presentaban por rexistro sen unha previa valoración dos traballadores e traballadoras sociais da RSM, coa documentación incompleta e, en moitas ocasións, sen que as persoas solicitantes reunisen os requisitos establecidos na ordenanza.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- En 2017 o número de denegacións descende, sobre todo a partir de marzo, grazas a que as solicitudes se presentan tras unha valoración previa por parte do persoal técnico da RSM.
- Con todos os condicionantes indicados, en xaneiro, os expedientes comezan a enviarse con regularidade á Intervención municipal para a súa fiscalización de xeito que a partir do mes de marzo o número de rendas concedidas crece de maneira regular rematando en decembro de 2017 cunha nómina de 64.400,94 € e un total acumulado de 397.889,65 €.

1.5. Programa de promoción e cooperación social con entidades

- No exercicio 2016 a Concellería de Igualdade e Diversidade desvincúlase orzamentariamente da Concellería de Xustiza Social e Coidados polo que os orzamentos destinados a subvencións e convenios adaptáronse á nova estrutura.

- Prodúcese, en consecuencia, unha diminución no número de convenios con entidades debido a que a metade deles pasaron a seren xestionados desde a Concellería de Igualdade e Diversidade.

1.6. Programa de actividades socioculturais de prevención e cooperación social

- Dende o ano 2015 apréciase un aumento progresivo interanual nas persoas participantes nas actividades socioculturais de programación anual dos centros cívicos. O incremento de 2017 en relación con 2015 é dun 56,55%.
- En 2017 aumentan un 74% as actividades realizadas en colaboración con outros servizos municipais, entidades externas e persoas voluntarias ou colaboradoras.
- En 2017 houbo mais actividades interxeracionais por ser as mais demandadas e mantéñense as dirixidas a maiores.
- En 2017 baixou a demanda das actividades de menores, que foron programadas conforme a ela, pero aumentou a participación de xóvenes.
- As actividades de dinamización social dos centros cívicos (conmemoracións como "O día da muller", "Letras Galegas","Samaín", "Día do Libro"...) tiveron mais afluencia de xente que en anos anteriores, especialmente as de portas abertas e que involucran a todas as persoas usuarias que están no centro no momento da realización de ditas actividades.
  En conclusión, as festas organizadas polos centros cívicos vanse consolidando, contando cada ano con mais xente.
- Obsérvase un mantemento das actividades por préstamo de local en 2015 e un crecemento importante desde 2016.
- Analizando as participacións en actividades obsérvase que o grupo de poboación interxeracional (poboación a partir de 16 anos), o cal abarca unha ampla franxa de idade, é o máis numeroso, representando o 62% do total de participacións, seguido do de maiores cun 27%.
- As participacións en actividades para maiores experimentan un incremento importante dun 30,96%.
- A participación de mocidade, de 12 a 35 anos, constitúe unha oportunidade de mellora nos próximos anos, entre os obxectivos do próximo exercicio fomentaranse as actividades para este grupo.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

II. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS

2.1. Programa municipal de inclusión social (PMIS)

- É destacable o incremento das persoas detectadas na rua, o cal confirma unha realidade percibida dende as diferentes entidades e servizos de atención a persoas sen fogar na cidade.
- Resaltar o importante incremento do número de saídas realizadas para a identificación de persoas sen fogar. Feito que resulta da ampliación da Campaña de frío neste ano. Pasando de 107 a 176 saídas realizadas o longo de cinco meses (a principio e final de ano).

2.2. Servizo municipal de urxencias sociais (SEMUS)

- A pequena variación á baixa con respecto ao número total de situacións que deron lugar á activación do servizo non resulta significativa, polo que poderíamos considerar que se repetiu o mesmo volume de actividade no seu funcionamento en relación á cifra do pasado ano.
- A cifra resultante das persoas titulares directas e das beneficiarias das activacións incrementouse nun 15% con respecto ao pasado ano.
- O poñer en relación as activacións co motivo delas, e dicir, coa problemática que as motiva, pode observarse que seguen a incrementarse as atencións a persoas sen fogar. A continuación figuran as que afectan as persoas maiores e que dan lugar a respostas como a mobilización tras caídas en domicilio, servizos de apoio, entrega de información e contención emocional.

2.3. Programa municipal de accións para a inclusión social da poboación xitana

- En anos anteriores a financiación do orzamento total do programa procedía dunha achega municipal e de unha achega da Xunta de Galicia (Consellería de Política Social), por medio dunha subvención destinada a programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social dá poboación xitana, que conta coa cofinanciación do Fondo Social Europeo.
- No ano 2017 as bases da subvención mudaron, non contemplando como subvencionables o tipo de accións básicas de inclusión social dirixidas á poboación xitana que se levan a cabo desde este programa.
- En cambio, o Concello considera necesario continuar levando a cabo as accións para a adquisición e reforzo de habilidades e actitudes básicas da poboación xitana no ámbito prelaboral, da educación, da vivenda e da saúde, co fin de favorecer e contribuír a inclusión social da poboación xitana e favorecer o seu acceso as accións concretas que poidan facilitala.
  Polo motivo sinalado, a Concellería de Xustiza Social e Coidados mantén o orzamento para o desenvolvemento destas accións.
- Nos distintos ámbitos nos que se intervén destácase o mantemento do número de accións, increméntandose os grupos no ámbito da educación, da saúde e da vivenda.

2.4. Programa de promoción da autonomía persoal

Talón Restaurante:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- En 2017 incorpórase unha novidade relativa ao valor do talón para as persoas de rendas máis baixas, repercutindo tanto nas solicitudes novas como nos expedientes xa concedidos. Faise unha revisión e actualízanse todos os expedientes nos que a capacidade económica do titular é inferior ao IPREM.
- O número de persoas beneficiarias crece nun 2,40%, o cal se traduce nun maior consumo de talóns: 127.728 en 2016 e 167.940 en 2017.

Estimulación Cognitiva:
- No seu lugar, a nova actividade de Estimulación Cognitiva, que se desenvolve nos centros cívicos, ten un carácter presencial e profesores especializados. Esta característica fai que e a capacidade de alumnado sexa mais limitada.

Turismo Social:
- Trátase dun programa con boa acollida entre o colectivo de persoas maiores da cidade.
- Viaxaron o 71% das persoas solicitantes.

Termalismo Urbano:
- Neste ano fíxose como experiencia piloto esta nova actividade que pretende facilitar un espazo de respiro familiar.
- O programa está destinado a familiares que teñan ao seu coidado a persoas en situación de dependencia e sexan beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Coruña.
- O Termalismo Urbano incluíu servizos de talasoterapia e/ou masaxe para persoas coidadoras.

2.5. Centro de Día Novo Boandanza

- A demanda segue sendo superior ao número de prazas existentes. A 31 de decembro a lista de espera reflicte 56 solicitantes, polo tanto, é un recurso moi demandado e necesario.

2.6. Programa de prevención de drogodependencias

- A participación en actividades de prevención de drogodependencias, despois do repunte experimentado no ano 2014, ten este ano unha nova subida polo aumento da oferta e da participación nos talleres de prevención escolar, mentres nas outras accións mantense una participación semellante á de anos anteriores.
- Dentro dos talleres de prevención no ámbito escolar mantivéronse os talleres realizados no ano anterior e incrementouse a oferta en dous novos talleres:
    - Alcance
    - Adiccións dixitais
- O programa de prevención escolar está consolidado nos centros educativos da cidade, existindo unha gran demanda dos talleres preventivos ao comezo do curso para incluílos na súa programación xeral.
- O número de solicitudes dos centros escolares para realizar talleres preventivos aumentou respecto ao ano anterior, manténdose unha demanda importante para a impartición dos talleres.
- Considérase de alto interese para o desenvolvemento do programa continuar coa colaboración das asociacións ACLAD (Asociación Cidadá de Loita contra a Droga),

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ADAFAD (Asociación de Axuda a Familias de Drogodependentes) e AGALURE (Asociación galega de ludópatas rehabilitados) para o desenvolvemento dos talleres de prevención escolar e das accións dirixidas a pais.

- Na prevención dirixida ao sector da mocidade se inicia unha nova acción de prevención específica: Programa de substitución de sancións a menores por consumo de alcohol "Non pases un mal trago", con un alto índice de aceptación pola poboación a que vai dirixido e polas súas familias.

2.7. Programa de comedores municipais

2.7.1 Comedor do Centro Cívico de Monte Alto

- O descenso no número de menús con respecto ao pasado ano foi debido a baixas por falecemento e ingresos en residencias de persoas maiores que acudían habitualmente ao comedor.

2.7.2 Comedor Novo Boandanza

- Constátase un aumento no uso do servizo de comedor público.
- Destaca un incremento dun 8,23% no número de menús servidos.
- Estimamos que o aumento tamén está relacionado cun maior coñecemento do recurso pola poboación do entorno.

2.8. Aula CeMIT (Centro para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica)

- No 2017 programáronse un total de 18 cursos mais que en 2016 e mantívose o número de persoas participantes.
- A Aula CeMiT consolidou o seu papel como referente na oferta formativa no emprego das TIC, especialmente para colectivos que presentan dificultades no acceso a cursos doutras entidades, por non dispoñer de coñecementos previos ou por outros factores como a necesidade de acompañamento e seguimento no proceso de acceso a estas accións formativas.

2.9. Programa de apoio á inclusión social no ámbito domiciliario

- O programa de Apoio a inclusión social no ámbito domiciliario realizouse de forma experimental no mes de novembro de 2017.
- Atendéronse de forma prioritaria casos nos que era posible observar resultados da intervención no prazo de desenvolvemento do programa. Da avaliación se desprende que se producen cambios nas unidades de convivencia coas que se traballou e que o programa ten un gran potencial como ferramenta de intervención naqueles casos que presentan un maior déficit de competencias ou unha maior necesidade de acompañamento polo que se aconsella o seu mantemento no ano 2018.

2.10. Programa de accións para a adquisición de competencias sociais básicas para a inclusión social

- O programa de Accións de adquisición de competencias básicas para a inclusión social realizouse de forma experimental no mes de novembro de 2017.
- Con este programa cumpriuse o obxectivo de dar resposta a necesidade de realizar formación en accións de adquisición de competencias básicas a persoas usuarias de diferentes programas da Concellería de Xustiza Social, a fin de facilitarlles unha

aprendizaxe para a adquisición de coñecementos, hábitos e habilidades en distintas áreas e favorecer a súa inclusión social.

- A resposta por parte do persoal técnico implicado á hora de derivar é óptima e a das persoas usuarias na participación do programa é alta.
- O programa gozou de moi boa acollida polos persoal técnico implicado nas derivación de casos e polas persoas participantes.
- Ante a boa aceptación do programa por parte das persoas usuarias e do persoal técnico, no ano 2018 desenvolverase o programa xa con carácter anual.

2.11. Proxecto de educación de rúa

- Considérase un éxito o inicio do programa nas áreas cívicas de Cidade Vella, Labañou e Monelos polos resultados obtidos en canto a participación da poboación obxectivo.
- O persoal técnico puido efectuar un maior acercamento a problemáticas e necesidades das zoas de influenza do programa.
- Un efecto multiplicador do traballo realizado é un maior acercamento os centros cívicos de poboación xoven, con pouca participación nos ditos centros.
- Dos 109 participantes o 40% pertencen a zoa da Cidade Vella, o 38% a Labañou e o 22% a Monelos. Isto constitúe unha primeira construción do nivel de problematicidade nas diferentes zoas en relación co sector de poboación de menores e xoves.

2.12. Programa de atención de baixa esixencia para persoas en situación de rúa - Centro Abeiro

- Este centro púxose en marcha no mes de maio de 2017 e desde os seus inicios recóllese unha importante demanda en todos os seus servizos.
- Cunha capacidade para 15 prazas de estancia, os usos de cada un dos servizos chegou a cifras valoradas de máximos no seu funcionamento.
- Nos 8 meses pasaron 167 persoas diferentes que utilizaron en xeral cada unha delas a totalidade dos servizos. Recollendo como o de menor uso o de cea (2.790), fronte a unha maior demanda na atención de información e orientación (3.429).
- Nun 52% das persoas atendidas se chegou a establecer una adherencia a un itinerario de intervención a través dos que puideron acadarse obxectivos de mellora nas súas circunstancias de vida.
- En breve prazo de tempo este Centro de baixa esixencia constituíuse como un recurso de entrada de novas situacións de senfogarismo e un recurso alternativo a saídas de estancia no Albergue da cidade.

2.13 Programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social

- O Programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social está sendo un recurso básico para ofrecer unha alternativa habitacional a un número cada vez mais elevado de familias que non poden acceder a unha vivenda.

III. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS DE XESTIÓN

Programa de información e comunicación a cidadanía sobre servizos sociais por medios telemáticos

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- As persoas visitantes da web veñen experimentando incrementos notables desde 2015. En 2017 mantense practicamente o mesmo número de persoas que en 2016.

  En consonte con isto, o número de visitas a web sube un discreto 4%.

- O aumento de seguidores en redes sociais increméntase nun 32%.

Plan de formación do persoal municipal de servizos sociais

- Os cursos realizados foron os seguintes:
  1. Métodos e técnicas de intervención social: Acoso escolar. Bullying. Unha edición.
  2. Métodos e técnicas de intervención e comunicación social: a práctica da dinámica de grupos nos procesos de intervención social. Dúas edicións.
- O nivel de satisfacción das persoas participantes nos cursos foi alta, cunha puntuación media de 8.

Memoria de xestión de servizos sociais

- Axustar a estrutura de servizos/programas as carteiras de servizos da normativa autonómica en vigor.

IV. SERVIZOS MUNICIPAIS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE

Unidade de Saúde Mental Infantil

- Segue aumentando o número de novas demandas e persoas atendidas na Unidades de Saúde Mental Infanto–Xuvenil.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizos de Seguridade

Policía Local

Responsable: Brandariz Castelo, José Antonio
Dirección: C/Tui, 21
Teléfono: 981 184 229

MISIÓN

A memoria da Policía Local da Coruña recolle as actividades máis importantes realizadas durante o ano 2017, respondendo a un compromiso de transparencia na xestión policial de proximidade.

O Corpo de Policía Local da Coruña garante a presenza e despregamento policial na cidade co desenvolvemento das seguintes funcións:

- Vixilancia do cumprimento da normativa municipal, autonómica e estatal vinculada á actividade policial municipal.
- Vixilancia da convivencia e seguridade cidadá actuando con prontitude naquelas situacións de emerxencia, alarma e inseguridadee en coordinación cos demais corpos e forzas de seguridade e servizos de emerxencias.
- Colaboración con asociacións cívicas, veciñais, comerciais, empresariais.
- Coordinación con outros servizos e outros órganos municipais ao obxecto de lograr unha maior axilidade e eficiencia no servizo público prestado á cidadanía.
- Vixilancia, disciplina e regulación do tráfico nas vías do termo municipal.
- Auxilio e apoio á cidadanía en especial ás persoas máis vulnerables, tendo en conta a diversidade social.
- Colaboración e apoio ás autoridades fiscais, xudiciais e de institucións vinculadas ao labor policial.

A reorganización progresiva da Policía Local supuxo que preto da metade dos efectivos policiais formen parte da Unidade de Distritos diúrna (policía de barrio) con patrullas a pé nas zonas céntricas e peonís e en coches patrulla e motocicletas na periferia mellorando a súa mobilidade e acurtando os tempos de resposta coa finalidade de mellorar a satisfacción cidadá.

Mantívose o control sobre as actividades relacionadas co tráfico de vehículos e peóns que inflúen negativamente na circulación diaria e na seguridade viaria: controis de alcoholemia, de drogas, de velocidade, de sistemas de retención e seguridade, infraccións dinámicas e outras, a fin de minimizar as infraccións e por tanto mellorar a fluidez do tráfico e a seguridade viaria.

Respecto ao ano 2017:

As actuacións relacionadas coa seguridade cidadá seguiron ocupando gran parte da nosa actividade, tanto ordinarias como mediante dispositivos especiais en función de actividades ou épocas do ano e continuouse na optimización da colaboración e coordinación coa policía nacional para manter os elevados niveis de seguridade na

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

cidade. En especial seguimos priorizando o noso labor preventivo-disuasorio e de resposta inmediata ante actuacións en quente aproveitando o despregamento policial estratéxico de adaptación continua que fomos implantando tendo en conta as demandas veciñais e as análises policiais.

Creceu e mellorouse o dispositivo de vixilancia e control do lecer nocturno na zona centro da cidade, en especial nas noites dos xoves, sábados e vésperas de festivos nas zonas de maior concentración de mozos/as.

Mantivemos o dispositivo diario de resposta inmediata na avda. de Alfonso Molina en horas punta de entrada e saída co despregamento dunha patrulla da policía local apoiada por un guindastre municipal para auxiliar inmediatamente aos vehículos que sufran accidentes, despexando a vía canto antes, paliando ou minimizando os atascos de tráfico a fin de evitar os accidentes en cadea e mellorar a seguridade viaria.

Antes do comezo do curso escolar realízanse análises de perigo para definir que contornas escolares precisan reforzo mediante axentes na entrada e saída do horario escolar. Durante o curso escolar establécense os dispositivos de colaboración na regulación do tráfico e a seguridade das contornas dos colexios, que se realizan nas quendas de mañá e tarde, atendendo a un total de 22 centros escolares da cidade.

FUNCIÓNS

De acordo co disposto no artigo 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade, son funcións dos corpos da Policía local:

a. *Protexer ás autoridades das corporacións locais e vixiar ou custodiar os seus edificios e instalacións.*
b. *Ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no chan urbano legalmente delimitado, dacordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria.*
c. *Instruír atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do chan urbano legalmente delimitado.*
d. *Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia*
e. *Participar nas funcións da Policía xudicial, na forma establecida na normativa vixente.*
f. *A prestación de auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas Leis, en canto á execución dos plans de protección civil.*
g. *Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos doituosos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade.*
h. *Vixiar os espazos públicos e colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e o mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para iso.*
i. *Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.*

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

j. *Calquera outras funcións en materia de seguridade pública que, de acordo coa lexislación vixente, sexanlles encomendadas.*

2. As actuacións que practiquen os corpos de Policía local no exercicio das funcións contempladas nos apartados c e g deberán ser comunicadas ás forzas e corpos de seguridade do Estado e á Policía de Galicia segundo corresponda, de conformidade coa lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade.

3. En virtude de convenio entre a Xunta de Galicia e os concellos, no marco das competencias da Policía de Galicia, os corpos de Policía local tamén poderán exercer, dentro do seu termo municipal, as seguintes funcións:

a. *Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, o medio ambiente, a saúde e a muller, sobre todo no ámbito da violencia de xénero.*
b. *A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da comunidade autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos servizos.*
c. *A inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita.*
d. *O uso da coacción para a execución forzosa dos actos ou disposicións da propia comunidade autónoma.*

As funcións asignadas á Policía Local divídense en tres grandes áreas de actuación: control do cumprimento de **Ordenanzas municipais**, control do **Tráfico** e colaboración en materia de **Seguridade Cidadá**, e en cada unha delas a actividade desenvólvese a partir de catro eixos: actuacións puntuais, campañas planificadas, seguimento procedimental de actuacións diarias e desenvolvemento de dispositivos especiais debidos a acontecementos de masiva concorrencia.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

1. **ORDENANZAS MUNICIPAIS**

- Control de zonas peonís e comerciais para evitar as ocupacións da vía pública, sen a correspondente licenza municipal.
- Vixilancia e control de obras menores que se realizan na cidade.
- Vixilancia das deficiencias que poidan existir na vía pública, co fin de evitar molestias ou trastornos á cidadanía.
- Control policial nas zonas de lecer para o cumprimento das Ordenanzas Municipais, con especial dedicación ao cumprimento da normativa de ruídos.
- Vixilancia sobre o cumprimento da ordenanza de limpeza e tenencia de animais.

2. **TRÁFICO**

- Ordenación, sinalización e dirección do tráfico de acordo co establecido nas normas de circulación.
- Vixilancia e disciplina de tráfico.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguridade nas vías da cidade.
- Retirada dos vehículos da vía por infraccións de circulación ou outros motivos.
- Instrución de atestados por accidentes de circulación.
- Colaborar na diminución do número de accidentes de circulación e do número de vítimas que se producen neles.
- Colaborar no incremento da seguridade viaria incidindo no respecto das usuarias e os usuarios das normativas de tráfico.
- Aumentar o control e a disciplina viaria nas infraccións que máis inflúen nos accidentes de tráfico (controis de velocidade, alcoholemia, elementos de seguridade…).
- Incrementar as accións formativas de educación viaria.

3. **SEGURIDADE CIDADÁ**.

- Previr, disuadir, reaccionar e auxiliar ás vítimas e ás partes prexudicadas fronte aos problemas de seguridade cidadá de carácter penal ou administrativo no termo municipal, en colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado con competencias no termo municipal, seguindo os acordos tomados a través da Xunta Local de Seguridade.
- Control policial sobre as persoas que causan desfeitas nos bens públicos.

4. **PROGAMAS AXENTE TITOR E PROGRAMA DE IDENTIFICACIÓN EFICAZ (PIPE)**

• **Programa Axente Titor:** Proteción das e os menores na contorna escolar, controlar, velar, e auxiliar ás nais/titoras legais, aos pais/titores legais e ás/os menores en idade escolar nos aspectos relacionados cos problemas actualmente detéctanse de ciberacoso, bullyng, redes sociais, acoso escolar e drogas.

• **Programa PIPE:** Impulsar cambios nos servizos policiais, para garantir unha actuación non discriminatoria e mellorar a atención da Policía á Sociedade Diversa.

• **Protocolo de Delitos de Odio:** Protección e atención ás vítimas de delitos de odio e outros incidentes discriminatorios.

• **Equipo de Investigación en Doincuencia Viaria (E.I.D.E.V.):** Creado o ano 2017, realizando 6 compoñentes do Corpo de Policía Local (mandos policías) o curso de Habilitación para a realización de informes criminolóxicos de risco en materia de delitos contra a seguridade viaria, na AGASP.

Neste equipo van levar a cabo funcións de realización informes criminolóxicos destinados a determinar os riscos de reincidencia en delitos contra a Seguridade Viaria e en caso positivos propoñer á Fiscalía medidas e penas persoalizadas que eviten ou minimicen ese risco de reincidencia.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

XERAIS

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Incrementar a proximidade á cidadanía a través da Policía de Barrio e potenciar a vixilancia do cumprimento das Ordenanzas municipais que favorezan unha mellor convivencia veciñal.
- A raíz do traballo no Programa PIPE, e nos delitos de odio, hai que reforzar o traballo policial cos colectivos da sociedade diversa e sendo leste un obxectivo prioritario para o ano 2018 e seguintes.
- Incrementar a coordinación cos diferentes servizos municipais e traballar para dar unha rápida resposta ante calquera tipo de emerxencia.
- Aumentar o labor de prevención sobre condutas insolidarias e a vixilancia das normas de circulación para tratar de mellorar os índices de seguridade viaria e a convivencia entre os diferentes modos de transporte na cidade.
- Colaborar co Corpo Nacional de Policía na vixilancia de espazos públicos para lograr que a cidade manteña ou mesmo mellore os elevados niveis de seguridade cidadá.

ESPECÍFICOS

1. ORDENANZAS MUNICIPAIS

No 2017, os controis sobre o cumprimento das ordenanzas municipais, mediante actuacións preventivas e disuasorias, lograron unha redución na maioría das infraccións cometidas por parte das persoas usuarias das vías públicas.

Realizáronse diferentes actuacións, entre as que destacan:

Infraccións Ambientais:

- Locais de lecer: 186 denuncias por incumprimento da normativa.
- Ordenanza de Ruídos: 320 actas por incumprimento da normativa.
- Normativa Urbanística: 43 denuncias por obras que carecían de licenza ou non se axustaban á mesma.
- Ordenanza de tenencia de animais: 812 informes-denuncia por incumprimento da normativa.
- Ocupacións de vía pública sen licenza: 78 comisos por venda ilegal de mercadoría.

2. TRÁFICO

A vixilancia e control en materia de disciplina viaria canalizouse a través de controis preventivos sobre as infraccións que máis inflúen na accidentalidade e no número de vítimas, entre os que se atopan os controis de alcoholemia, de velocidade e de cumprimento na utilización dos elementos de seguridade.

- Controis de Alcoholemia: 536 alcoholemias positivas (400 detectáronse en controis preventivos e 136 en accidentes).
- Controis de Drogas: 80 condutores/ as deron positivo. (69 detectadas en controis preventivos e 11 en accidentes).
- Controis de velocidade mediante radar: realizáronse 278 controis de velocidade en 36 vías e en 64 puntos de control. Controláronse 71.259 vehículos e denunciouse o 2,17 % do total de vehículos controlados.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Doutra banda, atendéronse as demandas cidadás coa maior rapidez posible, en especial aquelas relacionadas coas emerxencias, accidentes de tráfico e persoas accidentadas. Ademais, incrementouse o labor de prevención e vixilancia das normas de circulación para incidir na seguridade viaria e mellorar a convivencia entre os diferentes modos de transporte:

- Prestouse asistencia, axuda e asesoramento administrativo en 860 accidentes, dos que 338 foron con feridos (39,30%) e en 522 non houbo vítimas (60,70%).
- Realizáronse un total de 72.202 denuncias por infraccións de tráfico no termo municipal, das que 60.845 realizáronse para axudar á mobilidade (84,27%), 7.482 para prevención de accidentes (10,36%) e 3.217 para velar polo funcionamento de servizos, conservación do Patrimonio e servizo á cidadanía. (4,46%) e 658 por carecer ou non presentar Seguro ou Permiso de Circulación (0,91%).
- Emitíronse 434 mensaxes nos paneis informativos de tráfico durante 2017, dos que 361 foron mensaxes informativas e 73 por incidencias con afección ao tráfico rodado.

3. SEGURIDADE

- Recibíronse e atenderon a través da Sala do 092, un total de 94.440 chamadas.
- Auxiliáronse a 495 persoas que pasaban por diversas dificultades e ao longo do pasado ano detivéronse a 180 pola comisión de diversos delitos.
- Realizáronse 53 intervencións relacionadas coa violencia de xénero co resultado de 44 persoas detidas.

4. TAREFAS ADMINISTRATIVAS

- Gravación informática das 100% denuncias xeradas polas/os axentes da Policía local: Graváronse en prazo 72.202 denuncias.
- Tramitación e resolución do 100 % dos expedientes na Unidade Administrativa: Contestáronse ou tramitaron 8.911 expedientes en prazo.
- Tramitación do Equipo de Documentación: Contestáronse 962 informes, a Xulgados e outros organismos, cun cumprimento do 100% do obxectivo.

5. FORMACIÓN POLICIAL

Realizáronse 15 accións formativas, con 282 horas totais de cursos e 44 días investidos, asistindo a elas 301 axentes entre mandos e policías.

6. FORMACIÓN EN EDUCACIÓN VIARIA

1. Implantación definitiva da nova aplicación de xestión tributaria e recadatoria. Unha vez realizada a migración de datos da aplicación de xestión tributaria e tendo en conta os retos de implantación da Lei 39/2015, no relativo á administración electrónica, os obxectivos que se estableceron para o 2017 centráronse fundamentalmente nos seguintes:

- Visualización dos expedientes tributarios. Con respecto a este obxectivo, desde o Servizo puxéronse as correspondentes incidencias ao Servizo de informática, sinalando os documentos esenciais que pode ver o contribuínte, sen que ata a data fosen resoltas.
- Definición das fichas de trámite para incorporar á Sede Electrónica. Igualmente, no 2017, desde o Servizo de Xestión Tributaria configuráronse tódalas fichas de trámite para a súa incorporación ao catálogo de procedementos, que foron remitidas ao Servizo de informática, sen que na data actual estean contempladas no catálogo de servizos da sede electrónica.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Dixitalización de tódolos procedementos tributarios, en tódalas unidades administrativas do Departamento de Facenda (Censos, Padróns, Devolucións, Recursos, Beneficios Fiscais e Liquidacións). Desde o Departamento de Facenda cumpriuse plenamente con este obxectivo coa excepción do procedemento de Censos. Na actualidade os expedientes están dixitalizados ao cen por cen, desde a entrada da solicitude no rexistro municipal, co escaneado da documentación, ata os procesos de firma electrónica de tódolos documentos esenciais do expediente. En canto aos procedementos da Unidade de Censos estase a traballar na súa dixitalización.
- Integración da Sede Electrónica municipal coa Oficina Virtual do Contribuínte de tal xeito que iso non influa na realización de trámites polos contribuíntes. Igualmente comunicouse a necesidade de integración da sede electrónica coa Oficina Virtual do Contribuínte, de tal xeito que non sexa necesario validarse dúas veces dependendo do trámite a realizar (tributario ou non). Esta situación, se non se resolve, dificultará no futuro a relación cos administrados, especialmente o cumprimento das obrigas de notificación.

2. Web de Facenda. Estableceuse como un dos obxectivos, para o 2017, a creación dunha web específica para a Xestión Tributaria, debido a que a información que aparecía na web institucional estaba totalmente desorganizada. Desde a Xefatura e co apoio de dúas persoas do Servizo e do Servizo de Innovación elaborouse a nova web de Facenda, que foi publicada no mes de novembro co que se mellorou o acceso da cidadanía, especialmente para a realización de trámites e xestións tributarias. Esta web realizouse en formato "responsive", tendo en conta os accesos desde diferentes terminais (pc, tablet e móbil). A dirección url é http://www.coruna.gal/facenda

3. Reforma do mostrador de Información e Rexistro. Durante o ano 2017 desenvolveronse diferentes reunións co Servizo de Edificación para establecer os aspectos esenciais da reforma, realizándose importantes avances neste sentido. Coa reforma, que ten previsto o seu inicio durante o ano 2018, acometerase a mellora da prestación do servizo cos seguintes aspectos fundamentais:

- Mellora das condicións de traballo con postos diferenciados de atención persoalizada mediante a eliminación do mostrador, e a ampliación do espazo de traballo.
- Mellora das instalacións para a atención ao público.
- Establecemento dun sistema de expedición de tickets nun mostrador de atención rápida que permitirá realizar un filtro previo e dirixir ao público á zona de rexistro e información ou ben á zona de recadación. O ticket será único para poder ser atendido en calquera das dúas zonas.
- Tódolos postos de atención estarán adaptados para a atención de persoas con discapacidade.

4. Coordinación coa Xerencia do Catastro no Plan de Regularización Catastral. Parte das notificacións realizadas desde a Xerencia Rexional do Catastro, en relación co Plan de regularización catastral que se levou a cabo durante o exercicio 2017 foron atendidas desde o Punto de Información Catastral (PIC). Ademais de atender parte das notificacións prestouse un servizo de asesoramento polos funcionarios responsables do PIC.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Informática

Responsable: Fuentes López, Pablo
Dirección: Praza María Pita
Teléfono: Ext. 10007

MISIÓN

O Servizo de Informática Corporativa ten unha triple misión no Concello:

1. Prover ao resto da Organización dos servizos e o soporte necesarios en relación ás Tecnoloxías da Información (TI).
2. Promover os despregamentos tecnolóxicos de novos servizos baixo criterios municipais, así como a correcta xestión da seguridade da información.
3. Liderar a definición e xestión dunha arquitectura corporativa de información, integrada e sustentable.

FUNCIÓNS

As funcións desenvolvidas polo Servizo de Informática pódense encadrar en catro ámbitos de actuación:

1. Planificación e organización das TI corporativas, de maneira que se aliñen cos obxectivos de negocio do Concello.

2. Adquisición, desenvolvemento e implantación de solucións de TI, integrándoas nos procesos de negocio do Concello.

3. Entrega e soporte dos servizos de TI, xestionando a súa continuidade e seguridade, así como a atención aos usuarios.

4. Monitoraxe e avaliación do rendemento dos recursos de TI, o control interno dos servizos e o cumprimento do marco regulatorio.

O Servizo de Informática defende que o exercicio das súas funcións ha de vir marcado polo cumprimento de marcos formais de xestión, a visión de TI como servizo e unha estratexia de crecemento baseada na sustentabilidade das solucións e a xestión do coñecemento.

O Servizo de Informática entende que o servizo e a información é o fin e a tecnoloxía o medio, focalizando a súa actividade en que os servizos e a información corporativa maximice a entrega de valor ao negocio, minimizando riscos e optimizando recursos.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

As funcións desenvolvidas polo Servizo de Informática Corporativa oriéntanse ás seguintes áreas do goberno das TI:

Aliñamento estratéxico.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Os obxectivos de TI estean vinculados cos obxectivos de negocio da Organización e viceversa.

Entrega de valor.

TI xere os beneficios esperados para satisfacer as necesidades da Organización.

Administración de recursos.

Optimización do investimento e administración adecuada dos recursos de TI (aplicacións, información, infraestrutura e persoas).

Administración de riscos.

Identificación das ameazas e vulnerabilidades relativas a ti e definición do risco residual.

Medición do desempeño.

Monitoraxe do uso dos recursos e a entrega dos servizos para avaliar a tradución da estratexia en accións adecuadas.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Adaptación a marcos de mellores prácticas.

ITIL®

Formaliza as actividades propias de TI en termos de procesos e relacións, incidindo na identificación de responsabilidades e a aplicación de métricas de control como base para a mellora continua. Ademais das melloras evidentes da adopción das boas prácticas que recolle ITIL®, este camiño aliña a actividade do Servizo cunha posible obtención de certificacións ISO, como, a medio prazo, a ISO 20000, de Xestión de Servizos de TI, e a longo prazo, a ISO 38500, de Goberno de TI.

ISO 27002.

A norma ISO 27002, de boas prácticas relativas á seguridade dos sistemas de información, serve de referencia á definición de requisitos de seguridade que, a xuízo do Servizo de Informática, debesen guiar o desenvolvemento e despregamento de servizos, sistemas e infraestrutura de comunicacións corporativas. En ocasións, os devanditos criterios puideron ser entendidos por parte dos responsables dos Servizos como restricións e obstáculos aos requisitos funcionais, pero desde Informática sempre se defendeu a necesidade de garantir, non só a capacidade funcional, senón a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos servizos.

A aprobación, en xaneiro de 2010, do Esquema Nacional de Seguridade, no ámbito de desenvolvemento da Lei 11/2007, que eleva a categoría regulamentaria gran parte das recomendacións incluídas na ISO 27002, xunto ás recomendacións de seguridade establecidas polo CCN (Centro Criptológico Nacional) a través da súa serie de Guías

STIC, veu a corroborar a importancia e vixencia dos criterios defendidos por Informática.

Adecuación a marcos legais.

Lei Orgánica de Protección de Datos. A adaptación dos tratamentos de datos persoais realizados polo Concello á LOPD e a súa normativa de desenvolvemento é asumida por Informática na súa vertente legal e técnica.

Lei Xeral de Telecomunicacións.

Na medida en que se foron ampliando os servizos suxeitos a regulación, como é o caso da ampla oferta de accesos públicos a Internet en bibliotecas e centros cívicos, Informática tivo que ampliar a cobertura legal e técnica das normativas aplicables, en concreto, á Lei 9/2014, Xeneral de Telecomunicacións ou a Lei 25/2007, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

Administración electrónica.

Informática lidera a esfera tecnolóxica e participa na esfera funcional na definición, despregamento e soporte dos proxectos de servizos de Administración electrónica.

Esquema Nacional de Seguridade.

En cumprimento do RD 3/2010 (Esquema Nacional de Seguridade), que regula a seguridade necesaria dos sistemas de información vinculados coa Administración electrónica.

Esquema Nacional de Interoperabilidade.

Aprobado mediante o RD 4/2010, este Esquema definirá a maneira en que as Administracións Públicas deberán intercambiar a información no ámbito da Administración electrónica.

Mellora continua de infraestruturas.

Infraestrutura de procesamento.

A aposta de Informática en canto a infraestrutura baséase nun modelo centralizado de aplicacións e datos, que presenta o CPD de María Pita como nodo central, complementado co Centro de Respaldo situado en Catro Camiños, e libera de aplicacións e datos aos equipos clientes dos usuarios.

Este enfoque presente notables vantaxes, pero esixe dispoñer dunha infraestrutura de servidores e contornas de aplicacións con capacidade de procesamento suficiente, capaz de atender con axilidade, non só os requisitos actuais, senón adecuarse á demanda crecente.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Informática foi cubrindo ao longo dos últimos anos todos estes factores, dispoñendo actualmente de completo conxunto de servidores, que combinan infraestrutura física e virtual, arquitecturas web e cliente-servidor (Citrix), así como contornas de produción, pre-produción/test e desenvolvemento.

Infraestrutura de comunicacións.

O modelo de aplicacións e datos centralizados faise posible grazas á existencia dunha extensa rede de fibra óptica, que actualmente chega a máis de setenta edificios municipais e que permite o traballo remoto por parte dos usuarios sen prexuízo algún na velocidade de execución de aplicacións e o acceso a datos.

A visión que Informática ten desta rede de fibra non se limita unicamente a alcanzar o máximo número de edificios conectados á fibra óptica, senón en dotar á rede de camiños redundantes que permitan minimizar a perda de conexión dos edificios co CPD de María Pita. O obxectivo final é que, grazas ás redundancias, poida lograrse a conexión de calquera edificio municipal ao CPD de María Pita e ao Centro de Respaldo de Catro Camiños, o que permitiría a evolución a un modelo con dous CPD principais.

Infraestrutura de almacenamento.

A infraestrutura de almacenamento constitúe a terceira peza que ha de encaixar Informática en canto ao deseño e implementación da infraestrutura tecnolóxica do Concello, sendo ademais a peza que maior demanda de crecemento expón. Informática entende que a información é o principal activo que ha de protexer, garantindo a súa integridade e dispoñibilidade co deseño dunha infraestrutura que permite a replicación instantánea da información almacenada no CPD de María Pita ao Centro de Respaldo de Catro Camiños. Complementando este deseño replicado, Informática define e xestiona un sistema de copias de seguridade.

Soporte de infraestruturas.

Unha infraestrutura tan complexa como a descrita no punto anterior require dunha xestión operativa eficaz e organizada, que permita resolver incidencias de forma áxil, maximizando a continuidade dos servizos aos que dá soporte. Co obxectivo de lograr esta xestión eficaz e operativa, un dos proxectos de maior calado que vén desenvolvendo Informática foi a integración nunha única solución dun repositorio centralizado dos activos tecnolóxicos e as súas relacións (CMDB), a monitoraxe de tales activos e a xestión de incidencias.

Ademais, Informática veu defendendo o cumprimento dunha serie de requisitos de inclusión e integración das novas solucións coa infraestrutura existente, en aras de garantir o mantemento das operacións.

Racionalización do software.

Unha das directrices que o Servizo de Informática vén marcando desde hai tempo é a homoxeneización das aplicacións.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490BD304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Neste sentido, desde o Servizo deféndese, como unha norma xeral, que o obxectivo debe ser a adaptación das solucións existentes aos novos requirimentos, fronte a modelos baseados na adquisición ou desenvolvemento de solucións particulares.

Entre os beneficios deste enfoque poderían destacarse:

- Supón un aforro económico e de esforzo; adaptar unha solución xa coñecida presenta menor custo que coñecer e poñer en funcionamento unha solución nova.

- Supón un aforro económico tamén en termos de contratos de mantemento.

- Facilita a adaptación de empregados municipais que cambien de Servizo.

- Facilita a integridade da información corporativa, posto que a proliferación de aplicacións leva a existencia de numerosas illas de información. Consecuencia do anterior, facilita o cumprimento da LOPD e do ENS.

- Facilita a xestión de coñecementos dos técnicos do Servizo de Informática, reducindo a dependencia individual e, en consecuencia, os tempos de resposta.

Integridade da información.

Coherentemente co sinalado na sección Funcións deste documento, na visión que o Servizo de Informática sostén, os servizos, en especial os relativos á Administración electrónica, han de construírse sobre unha arquitectura da información troncal, común a todos eles. Dita información troncal estaría constituída polos seguintes elementos:

- Terceiros, é dicir, persoas (físicas e xurídicas) que manteñan ou mantivesen algunha relación co Concello.
- Territorio.
- Organización.

Isto implica que as aplicacións que dan resposta aos requirimentos funcionais dos distintos servizos municipais debesen respectar a información de terceiros, territorio e organización que sexa referencia para o Concello, en lugar de facer uso de información non integrada e illada desta.

Xestión do coñecemento.

O Servizo de Informática entende que para dar unha resposta satisfactoria ás necesidades do Concello, entre outros obxectivos, debe minimizar as dependencias individuais dos seus técnicos. Na práctica, este obxectivo tradúcese nunha distribución máis homoxénea do coñecemento.

Por tanto, a excesiva especificidade nas aplicacións e os seus requirimentos, implica unha maior especificidade de coñecementos para a súa xestión técnica e, en consecuencia, penaliza enormemente a homoxeneización do coñecemento entre os técnicos.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490BD304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	895.005,29	902.976,30	882.286,14
Gastos Correntes	Imputación Directa	1.096.995,02	1.122.312,54	1.007.504,59
	Imputación Indirecta	152.938,68	133.385,15	121.436,68
	TOTAL GASTOS	2.144.938,99	2.158.673,99	2.011.227,41

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Xestión do persoal de TI	P	# cursos realizados	0
Adquirir, desenrolar e manter a infraestructura tecnolóxica	P	# PCs	1.426
		# servidores	501
		# centros conectados por fibra	73
		monitorizaxe (# ítems procesados por segundo)	322,1
		monitorizaxe (# elementos monitorados)	929
		monitorizaxe (# alertas configuradas)	45.792
Xestionar o service desk e as incidencias	P	# incidencias/peticións rexistradas	9.698
		# incidencias/peticións resoltas	9.046
		% incidencias/peticións >> Administración electrónica	20
		% incidencias/peticións >> Aplicacións	22
		% incidencias/peticións >> Cartafoles no servidor	1
		% incidencias/peticións >> Consumibles	5
		% incidencias/peticións >> Equipos de acceso público	1
		% incidencias/peticións >> Xestión de impresión	7
		% incidencias/peticións >> Xestión de sistemas	7
		% incidencias/peticións >> Xestión de usuarios	8
		% incidencias/peticións >> Información	0

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE			
Actividade	**Clas.**	**Cuantificador**	**Resultado %**
		% incidencias/peticións >> Mensaxería	3
		% incidencias/peticións >> Posto de traballo	18
		% incidencias/peticións >> Rede	1
		% incidencias/peticións >> Telefonía	4
		% incidencias/peticións >> Ofimática	3
		% Tipo Interrupción/Disminución de servizo	39
		% Tipo Petición	60

INDICADORES

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
# incidencias/peticións rexistradas	10.607	9.370	9.698
# incidencias/peticións resoltas	10.320	8.987	9.046
# incidencias/peticións rexistradas non resoltas	287	383	652
% incidencias/peticións resoltas en menos de 24 horas	44	47	44
% incidencias/peticións resoltas en menos de 48 horas	55	57	55
% incidencias/peticións resoltas en menos de 72 horas	60	64	61
% incidencias/peticións resoltas en menos de 96 horas	66	68	66
# técnicos do Servizo	16	16	16
# incidencias (interrupción/disminución servizo)	5.091	3.842	3.782
# peticións	5.057	5.341	5.850

CONCLUSIÓNS

Con carácter xeral, o exercicio 2017 supuxo un salto evidente nunha nova realidade caracterizada polo uso intensivo da tecnoloxía en ámbitos de funcionamento da cidade, tales como a mobilidade, a seguridade cidadá ou o medio ambiente, así como nos servizos non presenciais de atención cidadá no ámbito da Administración electrónica ou a Oficina Virtual Cidadá. Así, son cada vez máis os escenarios en que o desempeño das competencias municipais pasa pola correcta operación dos servizos tecnolóxicos subxacentes, co consecuente impacto directo, e en moitos casos masivo, sobre os cidadáns.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta novo paradigma eleva a esixencia á que está sometido o Servizo de Informática, como responsable dos servizos tecnolóxicos, tanto en termos cuantitativos (forza de traballo) como cualitativos (cobertura en horarios, coñecementos, responsabilidades), mentres mantén, á súa vez, o rol de servizo instrumental de carácter interno, facilitador do desempeño operativo dos servizos administrativos municipais.

Ante a evidente continuidade no futuro destas circunstancias, tanto en termos de carga como de dinámicas diferentes de traballo e horarios, entendemos que será necesario buscar un modelo organizativo máis adecuado, de maneira que poidan focalizarse, entre outras, as dedicacións dos técnico ao correcto desempeño das súas tarefas, tanto no ámbito de proxectos como no ámbito de operación de servizos en produción.

Baixo ese prisma, o Servizo de Informática mantivo contactos coa Dirección, ao obxecto de identificar as canles adecuadas para o recoñecemento e adecuación das características actuais e futuras da súa actividade, atopándose no momento de elaboración da presente memoria de xestión definindo o seu novo modelo organizativo, en termos funcionais, de responsabilidade e horarios.

Baixo este contexto xeral, expoñemos a continuación as principais análises e conclusións que arroxa o exercicio 2017 para o Servizo de Informática.

PROXECTOS

En memorias de xestión de exercicios anteriores facíase xa mención á necesidade de organizar os recursos ao redor de dúas funcións diferenciadas: proxectos e soporte. Esta tendencia remarcouse especialmente durante o ano 2017, o que obriga a buscar un equilibrio entre a asignación de recursos e tempo á dinámica natural de traballo en proxectos fronte á operativa diaria de soporte.

A modo meramente enunciativo destacamos os principais proxectos levados a cabo, baixo iniciativa do Servizo de Informática, nas súas distintas seccións.

Sistemas.-

- Posta en servizo e migración de datos cabina central de almacenamento (CPD María Pita).
- Posta en servizo de novos hosts físicos para o clúster ESX interno.
- Posta en servizo solución NAC comunicacións. - Renovación parcial electrónica de rede perimetral.
- Definición e implantación de nova estratexia de backup/réplica de datos e servizos.
- Aloxamento de diversos servizos de Mobilidade.
- Despregue servidores plataforma de xestión policial.
- Despregamento novo servidor Cartón Millenium.
- Implantación de solución MDM integrada con aplicación inventario informático.
- Estabilización redes de terceiros conectadas a rede municipal (rede semafórica, túnel Parrote-Mariña, Sala control de tráfico, Sala 092).
- Implantación sistema de xestión do servizo do guindastre.
- Alta dispoñibilidade de servizos de infraestrutura (Apache DMZ, proxy wifis públicas, Citrix).

- Actualización de sistema antivirus.
- Actualización do sistema de monitoraxe.
- Despregamento diversas plataformas de servidores (ckan, civio, cmis/ wsalfresco) para proxectos Innovación Tecnolóxica.

Aplicacións.-

- Migración e implantación da plataforma policial Eurocop: actualmente en fase de formación, probas e preprodución da ferramenta.
- OpenCertiac:
  - Adecuación da estrutura organizativa á RPT actual.
  - Impártense talleres de uso básico, avanzado, xestión do portasinaturas e notificacións electrónicas.
  - Apoio aos diferentes servizos nun uso máis eficiente da plataforma.
- Migración do sistema de xestión de plenos.
- Desenvolvemento dunha nova versión da aplicación de xestión do SEIS (bombeiros). Actualmente en fase de probas por parte do servizo.
- Implantación dun sistema de xestión de quendas nos mostradores de atención cidadá dos edificios de María Pita e Ágora.
- Adecuación da ferramenta do sistema de reserva de postos en bibliotecas e centros cívicos para o seu funcionamento en equipos Linux (orzamentos participativos).
- Eficiencia no uso das tecnoloxías de TI por parte dos traballadores do Concello da Coruña. Avánzanse en dous camiños:
  - Ampliación e actualización das pílulas clics de informática corporativa.
  - Impártese o primeiro curso de "informática básica corporativa".
- Desenvolvemento e implantación dunha nova ferramenta de xestión de consultas SQL.
- Implantación de novas funcionalidades na ferramenta de xestión de inscricións, SGF.
- Migración de aplicacións a contorna citrix XenDeskto 7.6: gesauro, casas do Carmen, infolex7, knosys blue Enterprise.
- Adecuación procesos operativos tributarios a ESTIMA.

Atención ao usuario.-

- Migración postos de usuario a Win7/ Win10.
- Piloto de postos ao público baseados en software libre.
- Supresión postos de usuario WinXP.
- Migración software estampadora cartón a Win7/ Win10.
- Renovación de postos de usuario obsolescentes ou de escaso rendemento.
- Piloto de software recoñecemento OCR para optimización escaneos.
- Xestión de axendas compartidas e posta en servizo de axenda pública do Alcalde.
- Xestión de tablets e portátiles da Corporación.
- Adecuación do posto de usuario para múltiples versións de Xava e Autofirma.
- Seguimento e control do servizo de impresión en modalidade de pago por copia.
- Instalación equipamento tras reforma do Rexistro de Fórum Metropolitano.
- Instalación de oficina Rehabilitación en antiga cafetería Estación Autobuses.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

SOPORTE

En relación ás métricas de actividades e indicadores do ano 2017, extraemos as seguintes conclusións: En termos cuantitativos globais, 2017 mostra un lixeiro incremento (4%) no número de incidencias/peticións rexistradas respecto das cifras de 2016, aínda que un 11% menos que no máximo histórico de 2015, en que se superou a barreira das 10.000 incidencias/peticións anuais. Estes datos confirman, desde o punto de vista cuantitativo, que a carga de traballo de soporte vía incidencia/petición (é dicir, desencadeada polo usuario) mantense estabilizada nun patrón de 9.000-9.500 incidencias/peticións anuais, con lixeiras fluctuaciones (inferiores ao 5%), salvo en exercicios con fin e inicio de lexislatura, onde se producen incrementos superiores (en torno ao 10%).

Pola súa banda, en termos cuantitativos específicos, observamos, por unha banda, que o número de incidencias (interrupción/diminución do servizo) confirma a tendencia á baixa observada nos últimos exercicios (2% menos que en 2016; 26% menos que en 2015), o que evidencia cada vez maior estabilidade nos servizos, mentres que o número de peticións mantén a tendencia crecente dos últimos exercicios (9% máis que en 2016; 16% máis que en 2015). Por tanto, en canto a tipoloxía de incidencias/peticións concluímos, polo menos cuantitativamente, que cada vez existe maior demanda no uso dos sistemas informáticos e maior estabilidade na súa operación.

Respecto deste segundo aspecto (maior estabilidade), entendemos que está directamente relacionado con determinadas liñas de actuación crave desenvolvidas polo Servizo de Informática. Por unha banda, o despregamento de arquitecturas tolerantes a fallos; por outra, a crecente monitoraxe dos sistemas, en particular, na súa vertente preventiva; e, por último, na rigorosa política de actualizacións. Estas tres liñas, que supoñen un notable esforzo, a pesar de non resultar visibles de maneira explícita na maioría dos casos, resultan, a xuízo do Servizo, enormemente beneficiosas para o Concello e a cidadanía, debido a que a maior dispoñibilidade de servizos, maior produtividade e resultados.

En canto á categorización e asignación de incidencias/peticións, observamos que o ámbito da sección de Aplicacións soporta o maior volume de carga (42% do número de incidencias/peticións rexistradas), seguido polo ámbito da sección de Atención ao usuario (ao redor dun 30%). A sección de Sistemas soporta unha carga inferior en canto a incidencias/peticións (7%), pero cabe destacar que nos últimos anos esta sección evolucionou o seu modelo de traballo cara a unha xestión de eventos monitorados e, por tanto, as alertas automáticas do sistema de monitoraxe (e non os usuarios) son o principal desencadenamento da súa actividade en canto a soporte. Neste sentido, valoramos positivamente que o número de eventos monitorados continúa crecendo (294 ítems/segundo en 2016 por 322 en 2017).

Cualitativamente, os resultados que arroxa o exercicio son máis preocupantes. Así, observamos porcentaxes en canto a tempo de resolución inferiores en 2-3 puntos porcentuais a 2016 e similares a 2015, pero con 900 incidencias/peticións menos, tal e como o acreditan todos os fitos temporais analizados (24, 48, 72 e 96 horas) na comparativa do trienio 2015-2017.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490BD304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Preocupante tamén é a evolución do indicador que mide o diferencial entre o número de incidencias/peticións rexistradas e resoltas dentro do exercicio. Así, pasouse de 287 en 2015, a 383 en 2016 e a 652 en 2017, é dicir, que, a pesar dos esforzos, vaise acumulando un excedente de traballo non resolto (de tipo incidencias/peticións) que o Servizo non é capaz de equilibrar posteriormente e que, á luz dos datos, non pode entenderse como unha situación conxuntural, senón estrutural.

Por iso, en termos de calidade de servizo, observamos a existencia dun factor positivo en canto a estabilidade dos sistemas e dun factor negativo en canto a tempo de resposta ante incidencias e, en especial, peticións dos usuarios.

En definitiva, da análise da actividade global do Servizo de Informática no exercicio, concluímos que, aínda que debemos continuar incidindo nas liñas de actuación que permitiron ofrecer niveis de dispoñibilidade cada vez maiores dos servizos en produción, existe unha preocupante desproporción entre a capacidade de Informática e a demanda de actuacións por parte dos servizos municipais. Dita desproporción vén determinada polo cada vez maior grao de dependencia existente entre a operación dos servizos municipais e a tecnoloxía, o que, a xuízo deste Servizo, fai necesario abordar reformas estruturais para adecuar a capacidade de Informática á demanda real dos seus servizos.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Interior

Responsable: González Moreno, Ana Laura
Dirección: Praza de María Pita 1
Teléfono: 981 184 200

MISIÓN

O Servizo de Interior ten como obxectivo principal a atención á cidadanía nas súas relacións coa administración municipal (información xeral, telefónica ou presencial, presentación de escritos e documentos, xestión do Padrón Municipal de Habitantes, oficina de rexistro para outras administracións, expedición de tarxetas cidadáns, expedición de cartas de pago por sancións de tráfico ou de taxas, etc).

Por este motivo no 2017 a atención telefónica á cidadanía que se presta a través do teléfono 010, incorporouse ó Servizo de Interior, co claro fin de unificar a atención, xa sexa presencial ou telefónica, e ser mais eficientes no servizo á cidadanía.

Ademais xestiona a responsabilidade patrimonial non urbanística, os seguros de carácter xeral, o inventario de bens mobles, e encárgase da organización interna servindo de apoio aos demais servizos a través da conserxería municipal ou de determinadas contratacións necesarias para toda a organización (como subministracións xerais -papel, material de oficina; limpezas e celadurías de determinados edificios; arrendamentos de inmobles; sistemas de seguridade, etc)

FUNCIÓNS

ATENCIÓN AO PÚBLICO, ESTATÍSTICA E PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES

As funcións xerais de atención ao público son levadas a cabo polo persoal da Unidade de Rexistro a través dos puntos de información e rexistro dependentes deste servizo, establecidos nas dependencias do Palacio municipal (Rexistro xeral) e Ágora e Forum Metropolitano (rexistros auxiliares), ademáis da atención telefónica que se presta no servizo de atención telefónica 010.

Nestas tres dependencias destinadas atención cidadá facilítase toda clase de información e orientación acerca dos requisitos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que os cidadáns se propoñan realizar, sobre a documentación que debe acompañarse, ou sobre os procedementos que se tramitan no Concello.

Ademais aséntanse no Rexistro todos os documentos dirixidos a este Concello ou a calquera outra administración, e destínanse sen dilación ás unidades administrativas municipais que corresponda ou con inmediata saída cara á administración correspondente. Téñase en conta que a documentación e escritos é dixitalizada polos funcionarios correspondentes, convertendo o papel en formato dixital, e permitindo que o novo documento dixital chegue inmediatamente ó seu destino.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A información que chega ao Servizo de Interior e que debe ser coñecida polos Rexistros coordínase desde o posto de coordinación de rexistros, e trasládase non só aos rexistros do Servizo xa mencionados, senón a todos os rexistros municipais

No mes de setembro adherímonos á plataforma SIR, **de intercambio telemático de asentos rexistrais con todas as administracións** (locais, autonómicas ou estatais) adheridas ao sistema, polo que desde esta data, os asentos que se presentan noutras administracións chegan en formato electrónico a este Concello, e os escritos e documentos que os cidadáns presentan neste Concello con destino a outras administracións, destínanse de maneira inmediata e en formato electrónico ás mesmas, en cumprimento das novidades sobre Administración Electrónica impostas polas Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro.

Xestiónase o rexistro de parellas de feito e tramítanse os expedientes de matrimonios que se ofician no noso concello; ademais, entre outras moitas funcións, a xestión do Taboleiro de Edictos para a publicación de edictos e información pública que poida ser de utilidade para os cidadáns e cidadás ou a gravación das suxestións ou queixas dos mesmos mediante o sistema SYR (suxestións e reclamacións).

Expídense certificados de empadroamento así como tarxetas Millennium además da súa renovación; expídense cartas de pago de multas e diferentes taxas recollidas polas ordenanzas fiscais municipais, facilitando o seu abono á cidadanía.

Aparte da xa mencionada expedición de certificados de empadroamento en todos os puntos de atención e información cidadá (María Pita, Ágora e Fórum) realízanse outros trámites como modificación de datos persoais, confirmación e renovación da cidadanía extranxeira e altas por nacemento e na oficina de Estatística.

As oficinas de rexistro deixaron de ser oficinas onde a función principal era o asento de escritos e documentos, para converterse en oficinas de tramitación de expedientes que se iniciaban e finalizaban no mesmo rexistro, polo que os tempos de atención eran moi amplos, xerando esperas a público que únicamente viña a facer unha xestión rápida, como pode ser a obtención de un certificado de padrón.

As propias características físicas destas oficinas auxiliares impedían ampliar o número de funcionarios para atender o público, además de que as xubilacións e outras razóns, como longas ausencias por motivos médicos, produciron situacións de falta de persoal, que non permitían un correcto funcionamento das oficinas, xa que en situacións de persoal deficitario, a simple cobertura dunha ausencia ou das vacacións resultaba moi difícil.

Ademais dende a dixitalización da documentación, os expedientes de inscripción de familias por cambio de residencia ou de domilicio, con carácter xeral, fánse no mesmo momento polos funcionarios sempre que os interesados traían a documentación necesaria completa. Non é necesario que marchen coa folla de empadroamento, como se facía antes, posto que agora, son os propios funcionarios os que no mesmo momento, cubren os datos necesarios para que o empadroamento se faga no mesmo momento. A modificación no PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES é inmediata.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Isto significa que as atencións para as inscripcións novas poden chegar a durar 30 minutos, mentras se revisa a documentación, se dixitaliza a mesma, e se cubre a folla de empadroamento cos datos persoais da toda a familia e se da de alta a modificación.

Por tanto, e dado o tempo necesario para que as inscripcións no padrón teñan lugar no mesmo momento en que o cidadán o solicita, polo que esta función faise únicamente na Oficina de Estatística, onde propiamente se tramitan estes expedientes e onde hai moito mais persoal e ademáis destinado únicamente a este tipo de atencións, tendo en conta que en oficinas con escaso persoal como é o Forum ou no Ágora, onde se fan outras moitas atencións, como rexistrar un documento ou entregar unha carta de pago dunha multa, que son atencións moi rápidas, co obxecto de que os puntos de atención e información de Ágora e Fórum sexan oficinas onde se poden arranxar distintas xestións e facer moitos trámites rápidos no momento, de maneira áxil e rápida, como a presentación de documentos, obtención dunha carta de pago ou dun certificado de padrón.

A oficina de Estatística e Padróns sita no Palacio municipal, ademais da atención á veciñanza, xestiona, actualiza e mantén o Padrón Municipal de Habitantes en colaboración co Instituto Nacional de Estatística, a través do intercambio mensual de ficheiros, tramitando os erros e os expedientes de baixa de oficio ou outros que procedan.

Tamén se actualiza o rueiro municipal, actividade que foi especialmente intensa neste ano derivado dos cambios introducidos pola Lei de Memoria Histórica ou da adaptación do rueiro á lingua propia de Galicia.

Por último, cabe destacar que no exercicio 2017 non se celebrou ningún proceso electoral, sendo a oficina de Estatística e Padrón tamén a que organiza e xestiona as actuacións preparatorias necesarias para o desenvolvemento de calquera proceso electoral. Entre estas actuacións atópanse a exposición do Censo Electoral, xestión de reclamacións ao Censo, preparación dos escritos e notificación a cada persoa membro das mesas electorais, solicitar do Servizo de Interior a adquisición de materiais necesarios e a preparación de toda a infraestrutura da organización do proceso electoral (taboleiros, cabaletes, urnas, cabinas, papeletas…), tendo en conta que dita preparación implica o traslado, montaxe e desmonte en aproximadamente 95 colexios e dunhas 293 mesas electorais.

XESTIÓN DO PATRIMONIO, DAS RECLAMACIÓNS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL E DOS SEGUROS

O Servizo de Interior xestiona o Inventario de bens mobles, conformando as facturas de todos os servizos municipais que inclúen adquisición de bens inventariables, e unha vez comprobada a adquisición e etiquetaxes os bens trasládanse ao Inventario Municipal.

Forma parte das funcións deste Servizo de Interior a xestión do inventario dos bens Histórico-Artísticos e expedientes propios desta materia.

Ademais xestiónanse as facturas relacionadas coas comunidades de propietarios das que o Concello forma parte, con xestión e pago das cotas mensuais e de as derramas correspondentes.

O servizo tamén instrúe e informa a resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial por danos derivados dun funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos municipais, salvo os derivados de actuacións urbanísticas. Tamén se informan os recursos contra as resolucións de responsabilidade patrimonial e as propostas de pago en execución de sentenzas.

Así mesmo xestiónanse os seguros de responsabilidade civil, riscos patrimoniais e frota de vehículos, desde a súa licitación, comprendendo a xestión de todo tipo de sinistros e cobro das aseguradoras das indemnizacións correspondentes.

Na xestión de seguros debe incluírse tamén un importante traballo de información a todos os servizos municipais para dar coñecemento das coberturas daqueles seguros xestionados por Interior, e para facilitar a contratación, se fose necesario, de pólizas de seguro puntuais para determinadas actividades que se promoven ou realizan polos distintos servizos municipais.

Por último é importante mencionar, a tramitación de sinistros co Consorcio de Compensación de Seguros ata o seu completo cobro e as solicitudes de informes periciais e certificacións de aseguramento.

XESTIÓN DOS SERVIZOS INTERNOS MUNICIPAIS

O traslado da documentación e material internos (paquetería, sobres, material de oficina, etc.) entre as distintas oficinas e edificios municipais é unha das funcións que se desenvolve pola Unidade de Servizos Internos.

Ademais, a realización efectiva das notificacións a particulares e organismos, o tratamento do correo diario, tanto de entrada como de saída, a distribución da prensa entre as concellarías e departamentos para as que é necesaria, a xestión do chaveiro municipal e dos almacéns de Feáns e As Lagoas.

O traslado de pequeno mobiliario entre dependencias municipais tamén se realiza desde a Conserxería municipal dependente de Interior, se ben, contamos cun contrato de mudanzas para os traslados de gran mobiliario ou entre diferentes edificios municipais.

Desde esta Unidade tamén se dá comunicación de avisos para pequenas reparacións nos edificios municipais adscritos ao Servizo de Interior, colabórase nas xestións previas para a execución de obras ou a prestación de servizos especialmente no Palacio municipal.

Xestiona o almacén de compras, tramitando os pedidos do material de oficina necesario nas dependencias municipais, control de almacén e consumo de material necesario para o bo funcionamento do almacén e do servizo de Reprografía.

Por último, cabe sinalar que dende esta unidade se xestiona o persoal necesario para os distintos actos protocolarios que se desenvolven no Concello.

LICITACIÓN E CONTROL DE EXECUCIÓN DE CONTRATOS

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

No Servizo de Interior xestiónaronse uns 25 contratos plurianuais, desde a súa licitación, coa preparación dos pregos, estudo das ofertas e informe de adxudicación, e posterior control da execución das mesmas e pago de facturas. Entre eles, xestiónanse limpezas, mantementos de ascensores, equipos contra incendios, mantemento de reloxos, arrendamentos de locais, vixiancias, servizos de celaduría, subministracións, seguros, etc.

Ademais contrátanse pequenas reparacións (que non requiren o seu paso previo polo servizo de Edificación), pequenas obras, e subministracións de material ou mobiliario necesario.

XESTIÓN ECONÓMICA DE INTERIOR

A oficina de Xestión Económica-Orzamentaria deste servizo tramita todos os expedientes de carácter económico, e aqueles que, aínda non sendo na súa totalidade de tal natureza, conteñan unha parte na que sexa necesaria a súa intervención, como calquera expediente de contratación, as súas prórrogas, revisións de prezo, ou a xestión do anticipo de caixa.

Establece a relación coa Oficina Orzamentaria a efectos da elaboración do orzamento anual e diferentes propostas de modificación orzamentaria como transferencias de crédito, minoración de partidas etc.

A xestión orzamentaria de todas as competencias propias do Servizo de Interior son funcións desta oficina, tales como compras, subministracións, prórrogas dos contratos, petición de presupostos etc.

Realízase por tanto calquera tipo de abono de facturas e rendición de contas relacionadas con este servizo, previamente xestionados e conformados pola xefatura do servizo, tales como os recibos achegados polas comunidades de propietarios das que forme parte o concello como propietario, os gastos de mantemento dos inmobles municipais, as facturas derivadas de todos os contratos de limpeza, vixilancia, subministracións, mantementos, celadurías, arrendamentos municipais, obras, mensaxaría, outros servizos etc.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

Por área de resultado clave enténdese unha serie de actividades e procedementos esenciais para o cumprimento dos obxectivos propostos, debendo investir máis para ser eficiente nos procesos e afianzar resultados, sobre a que non deben existir descoidos por parte da administración.

Por iso, debe entenderse como área de resultado crave a posta en funcionamento dos procesos necesarios para converter as oficinas de atención cidadá, primeira imaxe do Concello para os veciños, en auténticas oficinas de asistencia integral ao cidadán, coa mellora dos sistemas informáticos e de información que se utilizan, a posta en funcionamento das ferramentas informáticas que permitan a asistencia á cidadanía no uso de medios electrónicos, a formación de persoal e sobre todo, con persoal suficiente con vocación de atención cidadá, para proporcionar a todas as cidadás e cidadáns solucións inmediatas nas súas demandas (certificados de empadroamento, rexistro de

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490 8D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

documentos para o Concello ou para calquera administración, obtención dunha carta de pago, expedición dunha tarxeta Millennium ou información básica sobre os trámites que se propoñen realizar ou para os proxectos que tentan poñer en marcha).

Baixando ó detalle dos feitos, no exercicio 2017, para unha mellor xestión dos tempos de atención á cidadanía, implantouse un sistema de quendas electrónico nas oficinas de María Pita e de Ágora (estando pendente a súa instalación no Fórum) que permite **coñecer** a tempo real:

-o número de veciños que acuden a facer un trámite a estas oficinas.

-para qué trámite (dos moitos que se fan nesta oficina) ven cada veciño.

-a qué hora chegaron a oficina e cánto tempo levan en espera de ser atendidos e cánto tempo dura cada atención e permite redirixir **c**o mesmo número o cidadán que acude a facer distintos trámites, sen necesidade de coller un novo número e dunha nova espera.

-permite asignar cada mesa ó servizo que mais demanda ten en cada momento, facendo postos reversibles en función das demandas dos veciños que en cada momento acuden á oficina.

-permite coñecer cántos veciños foron atendidos por cada funcionario, cantos funcionarios hai en cada momento atendendo cada servizo, canto tempo os funcionarios non están no seu posto en cada momento.

En definitiva, é un sistema, que por fin, xunto con outros indicadores que deben complementar esta información, e aplicados correctamente, sirva para explotar datos que permitan obxectivamente unha mellora no servizo, adaptándoo en cada momento ás necesidades, e facer unha avaliación do desempeño nos postos de atención ó público, ou polo menos, facilitar datos que permitan a súa explotación adecuada na búsqueda de un mellor servizo a cidadanía.

Nas dependencias de María Pita, fixemos obras, eliminando a antiga Caixa municipal existente nesta oficina, desmontáronse os vidros laminados dobles existentes, liberando espazo para dous novos postos de traballo de atención ó público, pintando e adecentando o espazo liberado, incorporando novos equipamentos. Tamén se fixeron obras no Fórum metropolitano para mellorar a configuración do espazo, ampliando o espazo para os traballadores e para o público, e renovando un equipamento que xa non era funcional nin adecuado.

Co obxecto de conseguir tamen unha atención mais rápida, se melloraron os equipos dos postos de traballo de atención ó público. Solicitouse e executouse a sustitución das tarxetas actuáis dos equipos informáticos por tarxetas SSD –discos de estado sólido- que aceleran o arranque dos equipos e fan que vaian moito mais rápido, algo que en situación de moito público, sirve para dar maior fluidez e axilidade a cada atención

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Mellorar a atención ao público en todas as súas facetas: facilitar máis e mellor información, maior rapidez, reducir no posible a necesidade de atención presencial,

facilitando a atención a través de novas tecnoloxías. Iniciar a posta en marcha das oficinas de asistencia ao cidadán en materia de rexistro e no uso de medios electrónicos, que se regulan na nova Lei de Procedemento Administrativo.

Procura da eficiencia en todas as funcións descritas no apartado correspondente, reducindo os tempos de tramitación dos expedientes, controlando o uso dos recursos públicos destinados a cada fin, facilitando a intervención de quen poida achegar melloras etc.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	2.718.882,01	2.855.783,25	2.585.501,93
Gastos Correntes	Imputación Directa	106.008,29	94.825,27	729.354,44
	Imputación Indirecta	779.987,25	730.108,20	619.966,19
	TOTAL GASTOS	3.604.877,55	3.680.716,72	3.934.822,56

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Sección de Patrimonio e Reclamacións Patrimoniais	P	Reclamacións-Nº expedientes incoados	187
		Reclamacións-Expedientes resoltos (con independencia do ano de incoación)	177
		Nº de asentos rexistros saída Expedientes Reclamacións Patrimoniais	597
		Número de sinistros comunicados a aseguradoras	67
		Número de remesas de cobro xeradas	3
		Número de sentenzas executadas	11
		Comunidades de Propietarios xestionadas	10
Conserxería	P	Asistencia a Actos Protocolarios	651
		Actuacións varias (pequenas reparacións, traslados...)	210
Xestión económica e orzamentaria area interior	P	Nº aplicacións orzamentarias	36
		Orzamento total xestionado	2.864.842,5
		Obrigas recoñecidas	2.612.638,42
		Porcentaxe de execución do Orzamento en aplicacións xestionadas	93,11

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
		Facturas tramitadas	1.278
Unidade de Estatística	P	Certificados Padrón	45.485
		Xestións vía Internet Padrón	1.821
		Certificados vía Internet co certificado dixital	1.659
		Certificados Padrón Históricos	530
		Modificación seccionado, distritos e direccións	3
		Expedientes de altas e cambio denominación rúas (rueiro)	197
		Alegacións Cifras poboación	1.878
		Rexistro Saída Estatística	4.482
		Altas no Padrón Municipal de Habitantes	22.404
		Baixas no Padrón Municipal de Habitantes	13.669
		Modificacións datos persoais no Padrón Municipal de Habitantes	8.633
		Renovacións Extranxeiros U.E.	2.120
		Renovacións extranxeiros non comunitarios	903
		Cambios enderezo	13.107
		Erros INE tramitados	29.526
Oficina Atención Cidadá María Pita	P	Número de asentos de entrada	43.924
		Número de asentos de saída	449
		Número oficios a outras Administracións	410
		Número asentos Portelo Único Xunta de Galicia	681
		Parellas de Feito. Total (inscripcións, anulacións e certificados)	54
		Edictos	828
		Certificados Dixitais Total (altas e revocacións)	521
		Matrimonios. Total (celebrados e anulados)	225
		Oficios DXT	1.206

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Oficina Atención Cidadá Forum	P	Número de asentos de rexistro de entrada	11.974
		Número de asentos de rexistro de saída	88
		Oficios remisión escritos outras administracións	88
		Padrón de Habitantes. Certificados	14.543
		Padrón de Habitantes, altas	3.461
		Padrón de Habitantes, baixas.	159
		Renovacións extranxeiros U.E.	398
		Renovacións extranxeiros non comunitarios	117
		Padrón de Habitantes. Cambio de enderezo	3.772
		Padrón de Habitantes. Corrección/modificación datos personais	393
		Oficios DXT	478
Oficina Atención Cidadá Ágora	P	Número asentos de rexistro de Entrada	8.211
		Número asentos de rexistro de saída	127
		Número de oficios a outras Administracións	127
		Padrón de Habitantes. Número certificados	12.584
		Padrón de Habitantes, altas	3.099
		Padrón de Habitantes, baixas.	114
		Renovacións extranxeiros U.E.	359
		Renovacións extranxeiros non comunitarios	113
		Padrón de Habitantes. Cambio de enderezo	3.325
		Padrón de Habitantes. Corrección/modificac. datos persoais	550
		Oficios DXT	1.285
Sección de bens histórico-artísticos	P	Pezas catalogadas	1
		Número de pezas trasladadas	2

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
010.Atención telefónica ao cidadán	P	Núm. total de chamadas	540.976
		Núm. de chamadas atendidas	409.085
		Núm. de chamadas saturadas	12.964
		Núm. de chamadas fóra de horario	17.565
		Núm. de chamadas nas que colgan na mensaxe inicial	45.848
		Núm. de chamadas Operadora Virtual	55.605
		Núm. de peticións información web recibidas	937
		Demandas de servizo, suxestións, reclamacións e incidencias tramitadas	46.248
010. Xestión de demandas de servizo	P	Total demandas servizo (voluminosos, recollida selectiva, niños...)	27.529

INDICADORES

INDICADOR	2015	2016	2017
Certificados Padrón Históricos	525	570	530
Total baixas Padrón de Habitantes	16.332	16.871	13.942
Número documentos rexistrados en María Pita (entrada, saída, propios e doutras administracións)	30.431	47.267	44.783
Número total actuacións Tarxetas Millenium Mª Pita e Ágora	49.554	41.824	40.749
Notificacións membros de mesas	5.292	5.265	0
Conserxería Servizos protocolarios	234	191	651
Número de documentos rexistrados en Ágora	8.930	5.885	8.465
Constituc. e preparacion mesas electorais	588	585	0
Total altas Padrón de Habitantes	17.034	18.238	28.964
Certificados Padrón	42.754	48.897	72.612
Número de documentos rexistrados no Forum	8.784	10.045	12.150
Reclamacións Censo Electoral	0	20	0
Gastos postais	152.987,29	155.299,34	126.101,29
Número rexistros telemáticos	0	0	6.640
Número entradas SIR	0	0	2.865

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
Número de saídas SIR	0	0	36
010+Central. Núm. total de chamadas	548.949	549.653	540.976
010+Central. % chamadas atendidas	75,45	97,14	75,61
010+Central. % chamadas saturadas	1,8	2,86	2,4
010+Central. % chamadas fóra de servizo	3,25	3,25	3,25
010+Central. % chamadas que colgan na mensaxe inicial	7,38	8,25	8,48
Central. % Chamadas Operadora Virtual	12,12	18,4	10,28
010 Núm. total de reclamacións (sr+incid.)	13.661	14.717	17.784

CONCLUSIÓNS

Obtivéronse resultados similares a exercicios anteriores, con medios cada vez máis escasos, e coa incorporación de persoal cunha temporalidade excesiva.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Intervención Xeral

Responsable: Fernández-Corugedo Colao, Carlos
Dirección: C/Franja 20-22 2 planta
Teléfono: 981 184 207 Ext. 11024

MISIÓN

A Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), regula, no capítulo III do título X a organización da xestión económica financeira nos municipios de gran poboación, prevendo a creación dun ou varios órganos para o exercicio das funcións de orzamentación, contabilidade, tesourería e recadación, e atribuíndo en todo caso a función pública de control e a fiscalización interna da xestión económica e orzamentaria á Intervención Xeral municipal.

Así mesmo e de conformidade co exposto anteriormente, o Concello da Coruña aprobou por Decreto de 28 de Maio de 2004 a reorganización dos Servizos Económicos Municipais. Segundo o devandito Decreto asignouse a a Dirección de Planificación, Orzamentos e Control de Xestión, as funcións vinculadas ao Orzamento Xeral, para o que se creou a Oficina Orzamentaria; as funcións de contabilidade, ademais de tesourería e recadación, á Tesourería Xeral; as funcións de xestión económica - financeira, tributaria e facenda, ao Servizo de Xestión Tributaria, e as funcións de control financeiro, de eficacia e interventora, á Intervención Xeral.

A Intervención Xeral ten como misión a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico - financeiro e orzamentaria, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, que exercerá con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das devanditas funcións.

O control interno respecto da xestión económica na súa acepción de función interventora, que comprende basicamente a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico lévanas a cabo as Seccións de Ingresos e Gastos, respectivamente, mentres que corresponde á Sección de Control Financeiro as funcións de control interno na súa acepción de control financeiro.

FUNCIÓNS

En base ao establecido nos artigos 213 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o control e fiscalización teñen por obxecto o control interno respecto da xestión económica do Concello, dos organismos autónomos (IMCE) e das sociedades mercantís (EMALCSA e EMVSA) del dependentes, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

- A función interventora ten por obxecto fiscalizar todos os actos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que daqueles derívense e a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión axústese ás

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

disposicións aplicables en cada caso, e comprende: a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores, a intervención formal na ordenación do pago, a intervención material do pago e a intervención e comprobación material dos investimentos e da aplicación das subvencións.

- A función de control financeiro comproba o funcionamento no aspecto económico - financeiro dos servizos, informando acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos. Realízase por procedementos de auditoría de acordo coas normas de auditoría do sector público. Os resultados dos controis efectuados fanse constar por escrito.

- A función de control de eficacia ten por obxecto a comprobación periódica do grao de cumprimento dos obxectivos, así como a análise do custo de funcionamento e do rendemento dos respectivos servizos e investimentos.

INGRESOS

Funcións

A fiscalización en materia de ingresos efectuouse durante o exercicio 2017 tendo en conta o establecido no TRLRFL, artigos 213 e seguintes e a distribución de funcións que a LRBRL introduce nas entidades locais ás que resulta de aplicación o réxime de organización dos municipios de gran poboación.

As actuacións de control de tales dereitos e ingresos deben levar a cabo realizando as seguintes tarefas:

1. Verificación do cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que desen lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público. A este respecto, comprobouse:

a) Que o dereito económico é recoñecido e liquidado por órgano competente de acordo coas normas en cada caso aplicables, así como a súa aplicación ao concepto orzamentario adecuado.
b) As posibles causas da modificación dos dereitos, así como os aprazamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas.
c) As causas que dan lugar á extinción do dereito, xa sexan por cobro, prescrición, compensación, condonación, insolvencia, anulación ou outra causa.
d) Verificación documental dos requisitos esixidos para a obtención de bonificacións e exencións tributarias.

2. Verificación da legalidade respecto da devolución de ingresos indebidos. Nas devolucións de ingresos indebidos comprobouse que o acordo de devolución foi ditado polo órgano competente e que a imputación orzamentaria foi a adecuada. Ademais controlouse:

a) Que a execución da devolución axustouse ao recoñecemento do dereito á mesma.
b) Que o ingreso efectivamente realizouse e non fora obxecto de devolución anterior.
c) Que o pago se realizou a perceptor lexítimo e pola contía debida.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

d) Que, se corresponde o pago de xuros de mora, o cálculo destes xuros é correcto.

Por unha banda, e en todos aqueles expedientes que requirían a aprobación da Alcaldía mediante Decreto, ou por Resolución por delegación da Xunta de Goberno Local ou Decreto Directivo, o traballo documentouse e desenvolveu mediante informes tipo de fiscalización e, cando o asunto a tratar así o esixía, en informes complementarios nos que se reflectiron todos aqueles aspectos que, a xuízo da Intervención Xeral e dentro do labor da fiscalización limitada previa definida anteriormente, resultaron necesarios para, ou ben dar conformidade á proposta remitida ou, en caso contrario, proceder á emisión de informe de desconformidade ou formulación de reparo de legalidade.

Desde o 5 de xuño de 2012, acordouse limitar a fiscalización previa de ingresos aos seguintes supostos:

- Devolución de ingresos indebidos.
- Canons de concesións.
- Cotas de urbanización e demais ingresos de natureza ou procedencia urbanística.
- Aqueles asuntos, calquera que fose a súa natureza, que afectando o estado de ingresos do Orzamento, sexan competencia da Xunta de Goberno Local, non delegados por este órgano colexiado.

Iso foi debido, como se puxo de manifesto na memoria correspondente ao exercicio 2014 á non cobertura da Xefatura de Sección de Gastos que pasou a ser exercida pola Xefa de Sección de Ingresos, para o que foi necesario substituír a fiscalización previa de ingresos pola toma de razón contable naqueles ámbitos que se consideraron oportunos, para destinar preferentemente os recursos humanos de que dispón a Intervención Xeral ao control dos primeiros (neste sentido é necesario poñer de manifesto que no último trimestre de 2017 a Xefa da Sección de Ingresos foi adscrita como Xefa de Departamento en comisión de Servizos á Área de Interior e a auxiliar administrativa adscrita á devandita Sección xubilouse, co cal a Sección quedou sen persoal, e as súas funcións tiveron que ser exercidas polo persoal da Sección de Gastos no último trimestre de 2017).

O número de expedientes de devolución de ingresos indebidos fiscalizados no ano 2017 foi sensiblemente superior aos do ano 2016. A causa mais importante deste incremento foi a devolución de taxas aos usuarios da piscina municipal de Riazor, que permaneceu pechada durante os primeiros meses do ano.

A partir do mes de Abril de 2017 a Intervención comezou a fiscalización das devoluciones de ingresos no programa de xestión tributaria “Estima.Tao 2.0”; Porén, as remesas de cánones de concesions e as devolucións de ingresos xestionadas pola Tesouraria e polas Concellerías distintas ás de Facenda, continuaron a ser tramitadas en papel ou a través do xestor de expedientes electrónicos Trewa en conexión coa aplicación de contabilidade SICAL-WIN.

Indicar por último que todos aqueles asuntos de contido económico que requirían a aprobación da Xunta de Goberno Local ou Pleno foron fiscalizados antes da súa toma en consideración por estes órganos colexiados mediante informe particular do Interventor Xeral ou das Xefaturas de Sección, Departamento, ou Servizo co visto e prace daquel.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

GASTOS

Funcións

En virtude do establecido no TRLRFL, artigos 213 e seguintes e na distribución de funcións establecida pola LRBRL, a función interventora sobre os gastos e obrigacións comprende como principais tarefas as seguintes:

1. Intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir obrigacións de contido económico ou movementos de fondos ou de valores e a este respecto, implica a comprobación os seguintes extremos:

   a) Que o crédito sexa suficiente e adecuado á natureza do gasto proposto.

   b) Que o gasto sexa autorizado por órgano competente de acordo coa normativa aplicable e os acordos de delegación vixentes en relación con cada fase de gasto (autorización, compromiso, recoñecemento da obrigación ou expedición da orde de pago).

   c) Que o procedemento de contratación é adecuado ao importe e natureza do gasto, dando lugar a un compromiso de gasto adquirido de conformidade co ordenamento xurídico.

   d) Comprobación de xustificantes que acrediten a realización da prestación con carácter previo ao recoñecemento dunha obrigación a favor dun terceiro.

   e) E, en xeral, a adecuación de todos os actos, documentos e expedientes (de contratación, persoal, patrimoniais, urbanismo, convenios, etc.) á normativa que lles sexa aplicable en cada caso.

2. Intervención formal da ordenación do pago, comprobando a súa realización por órgano competente e de acordo con obrigacións previamente recoñecidas e fiscalizadas.

3. Intervención e comprobación material dos investimentos, mediante a asistencia aos actos de recepción de obras e subministracións e comprobación de expedientes ao obxecto de detectar posibles omisións de trámites e actuacións esenciais.

Para facilitar e sistematizar na medida do posible o exercicio destas funcións e en virtude da natureza dos expedientes remitidos, continuouse co proceso de elaboración de informes tipo, fundamentalmente de fiscalización limitada previa, e de directrices de orde interna a seguir nos que se plasmasen os extremos para fiscalizar esixidos legal ou regulamentariamente, documentos que se utilizaron ao longo de 2017, coas actualizacións pertinentes en virtude de novas disposicións legais ou regulamentarias aplicables ao exercicio das funcións atribuídas á Intervención Xeral.

Con todo e do mesmo xeito que se manifestou respecto da Sección de Ingresos, os expedientes que pola súa contía ou natureza requiriron a aprobación por parte dos órganos colexiados foron fiscalizados, antes do seu sometemento a consideración dos mesmos, con ou sen a utilización deste tipo de informes, mediante informe particular do Interventor Xeral ou pola Xefatura de Sección, de Departamento ou de Servizo co visto e prace daquel.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Doutra banda tamén é de destacar que se continuou en materia de gastos co sistema de tramitación electrónica de expedientes coa remisión a esta Intervención de propostas de gastos desde todas as Áreas Municipais e que foron intervidos e fiscalizados na súa totalidade.

Outras funcións realizadas:

- Tarefas de asesoramento, principalmente aos técnicos de xestión orzamentaria das distintas Áreas municipais, sobre imputacións orzamentarias, tramitación de expedientes electrónicos, procedementos, documentación de necesaria incorporación aos mesmos e outros aspectos, atendendo neste sentido as múltiples consultas formuladas durante o exercicio.

- Outras tarefas de asesoramento a distintos órganos, servizos e dependencias municipais.

  Estas dúas últimas funcións constitúen na práctica unha parte importante das funcións desenvolvidas pola Intervención, por canto implican non só a dedicación dunha boa parte da xornada laboral, senón porque contribúen de forma decisiva á adecuada xestión de moitos expedientes.

- Mantemento e actualización da base de datos dos contratos de tracto sucesivo municipais, na que constan as data de inicio e fin de contratos, así como os prezos actualizados de cada un deles e, no seu caso, as súas prórrogas.

- Dentro das tarefas de fiscalización limitada previa realizáronse por técnicas de mostraxe a intervención e fiscalización de asuntos tales como talón restaurante, horas extras, produtividade, axudas económicas e outras.

- Mantemento da base de datos para control dos informes de reparo de legalidade realizados.

- Subministración de información ao Ministerio de Facenda.

  A Orde HAP/2015/2012, de 1 de Outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (BOE nº 240 de 05/10/2012) establece a obrigación de remitir ao Ministerio de Facenda e Administración Pública información de carácter económico - financeiro e de gastos de persoal.
  A citada Orde expón as obrigacións de subministración de información das Corporacións Locais. Non obstante o contido específico das devanditas obrigacións concrétase nas guías que para ese efecto publica o Ministerio de Facenda e Administración Pública na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

  Segundo o artigo 4 da Orde, a remisión da información económico - financeira correspondente á totalidade das unidades dependentes de cada Corporación Local centralizarase a través da Intervención Municipal que require, á súa vez, aos

diferentes órganos e unidades responsables da información necesaria para dar cumprimento ao total das obrigacións requiridas.

Durante o exercicio 2017 cumprimentouse desde o servizo de Intervención a seguinte información periódica:

1. Obrigas anuais

    a. Artigo 15.3 da Orde: os orzamentos aprobados de 2017 e do Concello, do organismo municipal Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio para a Promoción da Música e do Consorcio de Turismo e Congresos, así como os estados financeiros iniciais das fundacións EMALCSA e Luis Seoane, da asociación Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e das empresas municipais EMALCSA, EMVSA e EDAR BENS, S.A., e o resto de información adicional recollida neste artigo. Ao comezo do ano, dentro do prazo inicial dado polo Ministerio, comunicáronse os orzamentos do 2016 prorrogados ao 2017.

    b. Artigo 15.4 da Orde. A liquidación dos orzamentos do exercicio 2016 do Concello, do organismo municipal Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio para a Promoción da Música e do Consorcio de Turismo e Congresos, así como os estados financeiros finais das fundacións e as empresas municipais mencionadas anteriormente.

    c. Artigo 6 da Orde. Os plans orzamentarios a medio prazo (exercicios 2017 – 2010) do Concello, do IMCE e dos Consorcios anteriormente mencionados.

    d. Artigo 15.1 da Orde: As liñas fundamentais do orzamento 2017 do Concello, do IMCE e dos Consorcios.

    e. Artigo 15.2 da Orde: a información relativa o custo efectivo do servizos do ano 2016.

2. Obrigacións trimestrais

    a. Artigo 10 da Orde e artigo 10 do Real Decreto lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores: O informe de seguimento da execución do Plan de Axuste derivado da primeira fase do Plan de pago a provedores creado polo Real Decreto Lei 4/2012. O plan inclúe datos de execución orzamentaria consolidados do Concello e IMCE. Este plan finalizou no terceiro trimestre de 2017.

    b. Artigo 16 da Orde: Resumo do estado de execución dos orzamentos do Concello, do IMCE, dos Consorcios, das Fundacións EMALCSA e Luís Seoane, e, a partir do último trimestre de 2017, da asociación Fondo

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Galego de Cooperación e Solidariedade, incluíndo o resto de obrigacións de información detalladas neste artigo.

3. Obrigacións mensuais

   a. Artigo 6.2 do Real Decreto 635/2014de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira: O período medio de pago global a provedores mensual segundo os datos facilitados pola Tesourería Xeral, da administración do IMCE, dos Secretarios-Interventores dos Consorcios, das xerencias das Fundacións e da secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

- En 2017 continuouse o envío telemático a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais, da información sobre:

  - Acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polo Interventor.
  - Acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa: Recoñecemento extraxudicial de créditos.

  A plataforma tamén está preparada para o envío de anomalías detectadas en materia de ingresos.

  A plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais está impulsada polo Tribunal de Contas e outros tribunais de contas autonómicos entre os que se atopa o Consello de Contas de Galicia.

- A Intervención Xeral emitiu os informes previstos legalmente sobre o proxecto de orzamento, aprobación provisional, estabilidade orzamentaria, reclamacións e alegacións ao mesmo, aprobación definitiva, modificacións de crédito e recoñecemento extraxudicial de obrigacións de competencia plenaria; outras ordenanzas, reclamacións e modificacións e operacións de crédito, relación de postos de traballo e outros máis así como os referidos ao IMCE, Consorcios e ás sociedades mercantís dependentes do Concello, informe de estabilidade á liquidación orzamentaria, informes á subscrición das operacións de crédito que financian investimentos, etc.

- En 2016 iniciouse a agrupación de información para a súa publicación na web municipal de transparencia, seguindo instrucións recibidas da Alcaldía. Continuou no 2017.

- Por último, ao longo do exercicio interveu as cesións de crédito, acudiu ás múltiples recepcións de obras e subministracións que lle foron comunicadas, ás frecuentes mesas de contratación elebradas e a gran cantidade de reunións ás que foi convocada.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

CONTROL FINANCEIRO E DE FISCALIZACIÓN

Funcións

De acordo co artigo 220 do TRLRFL o control financeiro ten por obxecto comprobar o funcionamento no aspecto económico - financeiro dos servizos das entidades locais, dos seus organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes. O devandito control informa acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.
A función de control financeiro está atribuída á Intervención Xeral Municipal polo artigo 136.1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local e polas Bases 31 e 32 de execución do Orzamento municipal.
No exercicio 2017, a función de control financeiro materializouse nas seguintes liñas de actuación:

- Comprobalo funcionamento dos Servizos con habilitación autorizada de “anticipos de caixa fixa” e de “pagos a xustificar”.
- Revisión da totalidade das contas xustificativas das subvencións concedidas polo Concello da Coruña no exercicio 2016 e, en réxime de revisión previa limitada.
- Finalización da auditoría dunha mostra das subvencións concedidas polo Concello no exercicio 2014, en réxime de fiscalización plena.
- Auditoría do rexistro de facturas e informe de morosidade do exercicio 2016.
- Fiscalización previa das concesións, revisións, prórrogas e extincións de expedientes da Renda Social Municipal e elaboración da base de datos de seguimento das concesión, revisións, prórrogas e extincións
- Remisión de información a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

1. Habilitacións de “pagos a xustificar” e “anticipos de caixa fixa”.

En 2008 implantouse o sistema de anticipos de caixa fixa, regulados na Base 12ª bis das de execución do Orzamento e no acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de Decembro de 2007, que aprobou, en desenvolvemento da citada Base, as normas reguladoras dos mesmos para a súa implantación para partir do día 1 de Xaneiro de 2008.

Así mesmo púxose en funcionamento un módulo específico (SicalAcf), integrado en Sicalwin para o tratamento contable destas habilitacións.

As funcións do Departamento de Control Financeiro e Fiscalización, respecto das contas xustificativas das habilitacións de “pagos a xustificar” e “anticipos de caixa”, efectúanse en dúas fases: a) fiscalización previa limitada das contas xustificativas presentadas polos distintos habilitados, como requisito previo á súa aprobación e á tramitación de novos “pagos a xustificar” e reposicións de fondos e, b) control e fiscalización posterior e plena das contas xustificativas de gasto utilizando técnicas de mostraxe.

En resumo, os aspectos que se comprobaron en ambas as fases, refúndense en:

a) Que se presenta resumo da conta xustificativa na que constan debidamente relacionadas e totalizadas por aplicacións orzamentarias as ordes internas de pago tal

como foron expedidas, que se xustifican coas facturas e demais documentos orixinais demostrativos da aplicación dos fondos (xustificantes de gasto e pago).

b) Que consta estado demostrativo dos movementos da conta restrinxida de pagos con saldo inicial, final e estado de conciliación.

c) Que a conta está rendida por órgano competente.

d) Que os documentos contables ADO para a reposición de fondos están formalmente completos e proposta a súa autorización por órgano competente.

e) Que existe crédito dabondo e suficiente.

As ditas tarefas realizáronse mediante procedementos sistematizados en modelos internos, dos que se obtiveron os datos para reflectir nos informes ás liquidacións presentadas, tanto en fase de fiscalización previa limitada, como posterior. Neste sentido, incidiuse na solicitude de aclaracións ou advertencias sobre aspectos das contas xustificativas que puidesen afectar as declaracións fiscais, correlación, a efectos de gravación, das operacións comerciais cos seus respectivos provedores, procedementos de contratación seguidos, aplicacións orzamentarias, prazos de presentación das xustificacións, axustes a efectos de que non se distorsione o importe dos anticipos e reflíctanse os saldos reais na contabilidade dos mesmos e outros máis.

2. En materia de subvencións:

Con carácter xeral, as funcións desempeñadas polo Departamento de Control Financeiro e Fiscalización consistiron na verificación do cumprimento da normativa aplicable, é dicir, as Ordenanzas municipais correspondentes, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei e as Bases de execución do orzamento municipal, así como das respectivas convocatorias específicas de subvencións tramitadas polos servizos xestores e dos termos contidos nos convenios nominativos.

En materia de subvencións o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización ten encomendadas funcións en dous momentos do exercicio do control interno: na fiscalización previa e no control financeiro a posteriori.

a) Fiscalización previa: examinouse o cumprimento dos extremos establecidos no Acordo do Consello de ministros do 30 de maio de 2008 sobre fiscalización limitada previa para as subvencións de concorrencia competitiva e para os convenios a través dos que se outorgan as subvencións nominativas incluídas no orzamento municipal, tanto no momento da concesión como con carácter previo ao abono, xa sexa postpagable ou prepagable.

b) Control a posteriori das contas xustificativas das subvencións concedidas. Neste sentido comprobouse a consistencia da información contida na conta xustificativa co certificado de peche esixido polo artigo 88.3 do Regulamento da LXS. Así mesmo complementouse esta revisión coa comprobación de determinados xustificantes por mostraxe.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

3. Plan anual de auditorías:

En cumprimento dos artigos 220 do TRLRFL e 136.1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local e as Bases 31 e 32 de execución do Orzamento corresponde á Intervención Xeral a elaboración e execución do Plan Anual de Auditoría. No exercicio 2017, como consecuencia da implantación da renda social municipal e do incremento de información a render a BDNS non se aprobou o Plan de control Financeiro xa que cos recursos humáns dispoñibles non era posible executalo e mais tendo en conta que non se rematou a execución e emisión dos informes de control financeiro do Plan de Control do exercicio 2016 que se desenvolveu sobre as subvencións nominativas prepagables abonadas no exercicio 2014 por área de Emprego e Empresa e a area de Cultura, as subvencións de concorrencia competitiva abonadas no exercicio 2014 polas area de Participación cidadá e aquelas subvencións, xa sexan de concorrencia competitiva ou articuladas a través de convenios nominativas, para as que na revisión da conta xustificativa se detectaron áreas de risco. Os traballos para executar o referido plan de control estiveron condicionados no seu deseño e execución, polo medios persoais e materiais de que dispón o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización.

As funcións a realizar son de tres tipos: deseño e planificación do Plan de Control, execución dos traballos de campo e emisión dos informes de auditoría. Os traballos desenvólvense nas instalacións da Intervención Xeral, previa petición da documentación necesaria aos servizos xestores.

Así mesmo, en cumprimento da Disposición Final Segunda da Lei 27/2013, do 27 de Decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, pola que se modifica o réxime xurídico dos Consorcios fixado na Lei 30/1992, do 26 de Novembro (mandato legal actualmente recollido no artigo 122.3 da Lei 45/2015), é función do Departamento de Control Financeiro e Fiscalización o plan de auditoría das contas anuais dos exercicios dos Consorcios de promoción da Música e de Turismo e Congresos.

Tamén se incluíu no Plan de auditoría do exercicio 2016, que se desenvolveu no exercicio 2017, a revisión das contas anuais dos exercicios 2014 e 2015 a correspondentes a Fundación Luis Seoane.

Con todo, como se sinalou antes, debido a carga de traballo do Departamento de Control Financeiro e Fiscalización non foi posible a execución do Plan de Auditorías das contas anuais previsto. No exercicio 2018 programase retomar as auditorías das contas anuais das devanditas entidades dos exercicio 2014, 2015 e 2016 que se contratarán con medios externos ante a imposibilidade de executalos con medios propios.

4. Auditoría do rexistro de facturas e emisión do informe de morosidade.

A Lei 25/2013, de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público sinala no seu artigo 12 (redacción modificado polo apartado catro da disposición final sexta da L.O. 6/2015, do 12 de xuño), que “anualmente, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade. No caso das Entidades Locais,

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

este informe será elevado a Pleno" e que "as Intervencións Xerais ou órganos equivalentes de cada Administración realizarán unha auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas nesta lei e a súa normativa de desenvolvemento e, en particular, que non quedan retidas facturas presentadas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas que fosen dirixidas a órganos ou entidades da respectiva Administración en ningunha das fases do proceso. Neste informe incluirase unha análise dos tempos medios de inscrición de facturas no rexistro contable de facturas e do número e causas de facturas rexeitadas na fase de anotación no rexistro contable". No exercicio 2017, deuse cumprimento a obriga legal e efectuouse a primeira auditoría de sistemas do rexistro de facturas e o informe de avaliación cumprimento normativa en materia de morosidade exercicio 2017.

5. Revisión de expedientes de concesión da Renda Social Municipal.

O 26/08/2016 publicouse no BOP a Ordenanza reguladora da Renda Social Municipal. Trala la publicación da mesma, púxose en marcha o procedemento de solicitude, valoración, concesión e pago da Renda Social Municipal. As funcións de control sobre este tipo de expedientes foron encomendadas polo Interventor Xeral ao Departamento de Control Financeiro e Fiscalización. Esencialmente distínguense dúas fases de control: a fiscalización previa da concesión da renda social e o control a posteriori dos pagos efectuados a través da rendición da conta xustificativa de habilitación.
No exercicio 2017, xeneralizouse o procedemento de concesións de rendas sociais ata acadar un volume considerable do traballo que se desenvolve no Departamento.

A maiores dende o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización desenvolveuse ao longo do exercicio 2017 un amplo labor de asesoramento en relación coa interpretación da Ordenanza da renda social e tramitación dos expedientes, que consideramos necesario por ser un tipo de expedientes novidoso e que ata o de agora non se viñan tramitando. Cara o exercicio 2018, consideramos que despois da rodaxe que supuxo o exercicio 2017 a labor de asesoramento reducirase significativamente xa que consumiu no exercicio 2017 moitos recursos no Departamento.

6. Rendición de información a BDNS.

Trala aprobación da lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, introdúcense modificacións á Lei38/2003 xeral de subvencións (LXS), entre os que se atopan as obrigas de rendición de información a base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Deste xeito, trala publicación da Lei 15/2014, e con efectos 1 de xaneiro de 2016, as obrigas de rendición de información a BDNS regúlanse no artigo 20 da LXS. No apartado 4,c) do devandito artigo establecese a obriga de rendición de información a BDNS do seguinte xeito:

> *4. ... Serán responsables de fornecer a información de forma exacta, completa, en prazo e respectando o modo de envío establecido:*
> *...*
> *c) Nas Entidades Locais, a Intervención ou órgano que designe a propia Entidade Local....*

Como queira que o Concello non ten designado ningún órgano para render esta información, corresponde a Intervención Xeral efectuala devandita rendición de información, recaendo esta función no Departamento de Control financeiro, quen dende o 1 de xaneiro de 2016, está a subministrar a BDNS toda a información requirida na forma e prazos sinalados no artigo 20 da LXS. Para elo foi preciso articular previamente un portal de axudas e subvencións onde figuran colgadas todas a bases reguladoras e as convocatorias e convenios nominativos aprobados dende o 1 de xaneiro de 2016. O mantemento da información deste portal e a remisión da información a BDNS realizase dende o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización.

7. Funcións asumidas eventualmente.

O Departamento de Control Financeiro e Fiscalización colaborou puntualmente na fiscalización previa doutro tipo de gastos, cuxo número aparece reflectido no apartado "Actividades e indicadores".

8. Funcións de asesoramento.

Solicitado tanto en materia de habilitacións (problemas ou dúbidas na xestión e aclaración de aspectos postos de manifesto en requirimentos e informes, sempre tendo en conta que as decisións para adoptar corresponden aos servizos xestores; de información a incorporar nas contas xustificativas, sobre o tratamento contable, etc.), e especialmente en materia de subvencións (atendéronse consultas sobre xustificación de determinados aspectos da subvención concedida e sobre as instrucións ditadas e os modelos de peche de xustificacións a cumprimentar polos servizos xestores, e sobre os anexos ás devanditas xustificacións presentados polas entidades beneficiarias das mesmas, etc.). Compre subliñar que no exercicio 2017 as funcións de asesoramento en materia de subvencións creceron de xeito considerable, especialmente en materia de convocatorias de concorrencia competitiva e propostas de convenios nominativos, sen que poidan cuantificarse xa que as consultas se teñen efectuado ben telefonicamente, ben de xeito presencial.
Como se comentou anteriormente, foi especialmente intensa no exercicio 2017 o labor de asesoramento en relación coa tramitación dos expedientes da renda social.

Logo de ter en conta a cantidade de recursos que consumiu no exercicio 2017 esta función que chegou a afectar as tarefas de fiscalización previa e de xeito significativo as labores de control financeiro (non foi posible aprobar o plan de control financeiro do exercicio 2017), a previsión é que dende o exercicio 2018 as tarefas de asesoramento limitaranse. Con este fin o Interventor Xeral ditou unha instrución o 05/03/2018 que informa que "a cuestións xurídico-económicas só se admitirán excepcionalmente, nos casos nos que se xustifique previamente a necesidade ou conveniencia do pronunciamento previo da Intervención Xeral, mediante solicitude por correo electrónico achegado polo Director de Área ou Xefe de Servizo ou polo Xefe superior en caso de vacante, ausencia ou enfermidade dos anteriores, e esixiráse a concreción da consulta formulada".

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

Das funcións descritas nos apartados anteriores, a área de resultado clave será o control e fiscalización de gastos e ingresos para que cada expediente se adapte ás disposicións legais e regulamentarias e aos acordos, resolucións e decretos adoptados, en cada caso e o control interno ou financeiro.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

Exame e definición permanentes do contido e alcance da función interventora e desenvolvemento dunha metodoloxía de traballo que permita o desempeño cada vez máis eficiente do control e fiscalización de actos, documentos e expedientes de contido económico, así como a adaptación das competencias da Intervención Xeral aos límites fixados legalmente e os establecidos nas Bases de execución do Orzamento, nas que entre outras cousas disponse que a función pública de control e fiscalización interna da xestión económica financeira e orzamentaria, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, corresponderá á Intervención Xeral Municipal.

Dita función será exercida polo Interventor Xeral ou os seus Delegados, que serán designados por el mismo entre funcionarios adscritos á devandita Dependencia, fixando o alcance material da fiscalización que lles delegue.

Neste sentido, mantense a referencia á fiscalización previa limitada, a tenor do establecido no artigo 219 do TRLRFL, sen prexuízo da súa extensión, con carácter supletorio e en canto sexa de aplicación, ao establecido na Resolución de 2 de Xuño de 2008 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 30 de Maio de 2008, pola que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, co obxecto de desenvolver os contidos mínimos legais en que esta ía consistir, mediante a elaboración dunha serie de informes tipo en función da natureza dos gastos sometidos a control e fiscalización da Intervención Xeral. A Resolución de 2 de Xuño de 2008 foi modificada pola de 4 de xullo de 2011 pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo do mesmo ano.

Así mesmo, dáse cumprimento ao artigo 220 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que prevé a realización do control financeiro co obxecto comprobar o funcionamento no aspecto económico - financeiro dos servizos das entidades locais, dos seus organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes. O devandito control terá por obxecto informar acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos. O control financeiro realizarase por procedementos de auditoría de acordo coas normas de auditoría do sector público.

INGRESOS

OBXECTIVOS

Durante o exercicio 2017 continuouse co labor de sistematización de tarefas, é dicir, actualizando informes, protocolizando, na medida do posible o labor de fiscalización, o que permitiu desempeñar eficazmente a función interventora, comprobando na súa totalidade os documentos susceptibles de ser fiscalizados previamente, de acordo coa lexislación vixente, e deixando aberta a posibilidade de profundar o desenvolvemento de métodos de traballo tendentes a completar a función de control interno cos outros aspectos legalmente previstos.

Ao considerarse adecuado o sistema establecido e atendendo ás funcións reservadas polo ordenamento xurídico á Intervención Xeral, seguirase desenvolvendo durante o próximo exercicio a metodoloxía de traballo emprendida, o que posibilitará tanto a observancia dos elementos esenciais a controlar en cada actuación, como a posibilidade de ampliar o exercicio deste control a calquera funcionario adscrito á Intervención, sempre no ámbito da súa categoría profesional.

De cara o vindeiro ano está pendente de desenvolvemento o módulo de fiscalización dentro do programa de xestión tributaria "Estima.TAO 22.0" para a tramitación do resto de expedientes de ingresos que aínda non foron incorporados a esta aplicación. A ampliación destas funcionalidades permitiría unha maior axilidade, reducir o tempo de tramitación e acadar unha maior seguridade xurídica.

GASTOS

OBXECTIVOS

No marco establecido na Lei 11/2007, de 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e na Orde EHA/962/2007 (pola que se ditan, entre outras, disposicións sobre facturación telemática e conservación electrónica de facturas) os expedientes de gastos, con determinadas excepcións, xestionáronse electronicamente mediante ferramentas informáticas que soportaron a firma electrónica de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de Decembro, garantindo a inalterabilidade da documentación constitutiva do expediente, todo iso de acordo coas instrucións ditadas para a devandita tramitación. En relación con este asunto, como antes indicouse, participouse en reunións e intercambiouse información coas persoas responsables dos programas, de cara a súa correcta implantación e para a resolución de cuestións ou problemas que foron xurdindo a medida que se avanzaba nos procedemento ou xurdían novas necesidades ou outras cuestións relacionadas cos devanditos expedientes.

En obxectivo principal do exercicio, como en anos anteriores e en virtude das atribucións conferidas ao órgano de fiscalización e control, foi profundar nalgúns aspectos das tarefas encomendada legalmente, así como desenvolver métodos de traballo tendentes a completar a función de control de legalidade cos outros aspectos xuridicamente previstos.

Neste sentido promoveuse, a través dos correspondentes informes, a regularización de determinados gastos, é dicir, a contratación conforme aos procedementos e formas previstos no TRLCSP e demais normativa de aplicación, de todas aquelas subministracións ou servizos e prestacións de tracto sucesivo.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Incidiuse doutra banda na fiscalización de determinadas materias para adecualas á lexislación aplicable en cada caso e para a formación dos expedientes de gasto conforme aos procedementos establecidos e cos antecedentes e documentación esixibles, fundamentalmente en materia de persoal, urbanismo, contratación (clarificouse o alcance da fiscalización dos contratos menores) e outros.

A introdución nas Bases de Execución do Orzamento de normas sobre xestión orzamentaria e dos investimentos permitiu concretar certos aspectos das modificacións orzamentarias, sobre todo daquelas que afectan os proxectos de investimento recollidos no Anexo de Investimentos, ou modificacións deste último que non levan ningún tipo de modificación orzamentaria.

En calquera caso, deberá continuarse o proceso xa iniciado de racionalización dos procedementos de fiscalización limitada previa, a través de documentos sistematizados ou informes tipo deseñados polo persoal técnico co fin de que poidan ser utilizadas polo resto do persoal no ámbito das súas propias competencias, o que contribuiría a optimizar a utilización dos recursos persoais dispoñibles.

CONTROL FINANCEIRO E DE FISCALIZACIÓN

OBXECTIVOS

Anticipos de caixa fixa e pagos a xustificar

As tarefas de fiscalización en materia de anticipos de caixa fixa e de pagos a xustificar realizáronse con normalidade.

As tarefas foron efectuadas mediante procedementos sistematizados en modelos internos, e como resultado do traballo emitíronse os correspondentes requirimentos e informes de fiscalización, acurtándose na medida do posible os prazos da súa emisión e devolución aos servizos xestores, a fin de que puidesen ser aprobadas as contas xustificativas e puidésese realizar pola Tesourería Municipal a imputación económico-contable dos pagos realizados e a reposición dos fondos dos anticipos de caixa fixa no prazo máis breve posible. A este respecto continuouse coa redución ao máximo das tarefas de fiscalización limitada previa, deixando sempre a salvo aqueles extremos de obrigado cumprimento e comprobación, segundo a normativa aplicable.

No exercicio 2017, a meirande parte das contas xustificativas rendéronse e fiscalizáronse de xeito electrónico, tramitando como expedientes mixtos unicamente as mais voluminosas. No exercicio 2018 estimase que o 100% das contas se tramitará electronicamente o que sen dúbida redundará nunha maior rapidez na súa tramitación.

Respecto do ACF de servizos sociais (onde se renden as axudas de emerxencia social), e ante o volume de operacións que acadou no exercicio 2017 (12 contas xustificativas), vímonos na obriga de revisar a conta mediante técnicas de mostraxe con fin de non demorar a reposición dos fondos e permitir a axilidade que precisan as actuacións de emerxencia.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Fiscalización previa e revisión contas xustificativas de subvencións

Efectuouse a fiscalización previa dos expedientes de subvencións concedidas e abonadas polo Concello, tanto dos articulados a través dunha convocatoria de concorrencia competitiva como a través de convenios nominativos. O obxectivo nesta parcela foi verificar o cumprimento dos extremos que o Acordo de Consello de Ministros do 30 de maio de 2008 establece para a fiscalización limitada previa de subvencións, tanto na fase de concesión como de abono das mesmas. Nas tarefas de fiscalización mantívose un contacto permanente cos órganos xestores co fin de axilizar, na medida do posible, a tramitación dos expedientes. Este obxectivo conseguiuse ao fiscalizarse, salvo excepcións, no mesmo día ou no día seguinte á súa entrada na Intervención os expedientes de subvencións. A implantación da Administración electrónica, a través da cal se fiscalizou a totalidade dos expedientes, contribuíu decisivamente na consecución deste obxectivo.

Realizáronse tarefas de control permanente da xestión e xustificación das subvencións concedidas polo Concello, centralizando o seguimento das fases de xestión dos expedientes a través da información extraída do soporte contable e da documentación recibida dos servizos xestores, incluídos nesta última, os informes e certificados de peche dos expedientes de xustificación de subvencións que aos devanditos servizos corresponde expedir.

Traballouse na revisión dos expedientes de peche das subvencións mediante a análise e comprobación dos informes de xustificación e a documentación anexa que se especifica nos mesmos elaborada polos beneficiarios, con especial atención á concorrencia de subvencións outorgadas por distintos servizos a unha mesma entidade e certificados de peche dos expedientes cumprimentados polos servizos xestores, segundo os modelos tipo elaborados adaptados ás esixencias da Base 11ª das de execución do Orzamento e á normativa vixente en materia de subvencións.

Neste sentido convén resaltar que para a maioría das subvencións foron presentadas as contas xustificativas e nunha pequena porcentaxe de casos as entidades renunciaron ou desistiron da subvención concedida. Emitíronse informes de reintegro naqueles casos en que a entidade non xustificou correctamente a subvención e non puido achegar documentación xustificativa substitutiva da enviada inicialmente. Tamén se observou a existencia de contas xustificativas incompletas ou inexactas pero que non dá, en ningún caso, lugar a reintegro. Revisáronse as xustificacións das subvencións concedidas no exercicio 2016 e que son remitidas no exercicio 2017. Así mesmo, e debido á mellora na xestión dos servizos xestores, examináronse unha cantidade cada vez máis crecente de subvencións concedidas no propio exercicio 2017.

Plan de auditorías

No exercicio 2017 non se aprobou o Plan de Control Financeiro. Como se apuntou anteriormente obedeceu esencialmente a escaseza de recursos humáns do Departamento de Control Financeiro e Fiscalización o que unido as novas tarefas xurdidas da implantación da renda social municipal o e incremento de información a render a BDNS fixo inviable aprobar un plan novo sen ter rematado o anterior. Polo que no exercicio 2017 continuouse coa execución do Plan anual de auditoría do exercicio 2016 que se estruturou en tres áreas diferenciadas:

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A. Control financeiro de subvencións concedidas

- Por unha banda pretendeuse continuar co control financeiro dos convenios a través dos que se articulan subvencións nominativas prepagables. Neste sentido incluíronse no Plan de control os convenios concedidos pola área de Emprego e Empresa e Cultura no exercicio 2014, independentemente do exercicio en que se executaron e abonaron as obrigacións que deriven dos compromisos adquiridos. Incidiuse no control dos convenios nominativos prepagables, debido a que neste tipo de subvencións líbranse os fondos ás entidades beneficiarias con carácter previo á xustificación e con esta fórmula incórrese nun maior risco de incumprimento por parte do beneficiario.

- Por outra banda, analizáronse as subvencións de concorrencia competitiva concedidas pola Area de Participación Cidadá no exercicio 2014, independentemente do exercicio en que se executaron e abonaron as obrigacións que deriven dos compromisos adquiridos.

- Así mesmo, incluíuse unha revisión daquelas entidades que a data de elaboración do Plan de control, non remitiran a esta Intervención para a revisión da conta xustificativa a xustificación correspondente ás subvencións concedidas no exercicio 2014 e aqueles outros expedientes nos que na revisión da conta xustificativa correspondente ao exercicio 2014, observouse que existían areas de risco ou ben a xustificación achegada aconsellaba unha revisión plena a través dun control financeiro.

B. Auditoría de contas anuais

En cumprimento do disposto en Disposición Final Segunda da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (previsión actualmente recollida no artigo 122.3 da Lei 40/2015), proxectouse a realización da auditoría das conta anuais do Consorcio de Promoción da Música e do Consorcio de Turismo e Congresos, correspondentes aos exercicio 2014 e 2015. Tamén se incluíu, sen que exista un mandato legal para elo, a revisión das contas anuais dos exercicios 2014 e 2015 da Fundación Luis Seoane.

Os obxectivos específicos do Plan de control, no relativo ao control de axudas públicas, materialízanse os aspectos que recolle o artigo 44.2 da Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións:

- A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.

- O cumprimento por parte do beneficiario das obrigacións que asume por obter tal condición.

- A adecuada e correcta xustificación da subvención.

- A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada, foron financiadas coa subvención.

- O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490BD304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Pola súa banda, o obxectivo da auditoría das contas anuais é emitir unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica das entidades auditadas. Por tanto, o control ten unha natureza fundamentalmente financeira, orzamentaria e patrimonial co obxectivo de comprobar se as contas no seu conxunto representan a imaxe fiel do patrimonio da entidade, da súa situación financeira, dos resultados da entidade e da execución do orzamento.

Respecto aos Consorcios auditados ao ser entidades sometidas ao Plan Xeral de Contabilidade Pública e ter un orzamento de gastos limitativo, a auditoría das contas anuais do exercicio 2014 e 2015 do Consorcio de Promoción da Música e do Consorcio de Turismo e Congresos, centrouse en determinar se a información financeira contida nas contas anuais mostra razoablemente:

- A execución do orzamento expresada no estado de liquidación do orzamento e que a mesma se soporta en documentos físicos ou electrónicos que xustifiquen os ingresos e gastos.

- A imaxe fiel e representatividade do Remanente Líquido de Tesourería.

- A imaxe fiel e representatividade do Resultado Orzamentario da entidade.

- Os compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros.

C. Auditoría do rexistro de facturas e informe de morosidade

O obxectivo que se pretende coa auditoría do rexistro de facturas é verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento e, en particular, que non quedan retidas facturas presentadas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas que fosen dirixidas a órganos ou entidades da respectiva Administración en ningunha das fases do proceso.

Respecto a emisión do informe de morosidade o obxectivo e determinar se ten cumprido a normativa e en particular dar conta dos Períodos Medios de Pago (PMP) correspondentes a cada unha das mensualidades do exercicio 2016 e o consecuente cumprimento da normativa en materia de morosidade relacionada co mesmo.

<u>Renda social</u>

No exercicio 2017 xeneralizouse a tramitación de expedientes da renda social fronte o exercicio 2016 onde unicamente se tramitou un expediente de renda social.

Ademais efectuouse unha exhaustiva labor de asesoramento en relación coa renda social en coa tramitación dos expedientes ao ser unha tarefa novidosa no Concello.

Polo que respecta a función de control dos expedientes o obxectivo centrouse no momento da concesión da renda social, xa que ao tratarse dunha prestación o pagamento non necesita ser xustificado achegandose unha conta xustificativa cos pagamentos onde unicamente se revisaba que se lle pagase a cantidade concedida e que se reintegrasen as

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C268490BD304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

cantidades que debían ser reintegradas no caso de extincións da renda social por incumprimentos.

En relación coas concesións, non só se revisaron as concesións iniciais, senón que tamén se fiscalizaron as revisións da contía da renda social por variacións económicas ou da unidade de convivencia, as prórrogas das rendas e as extincións das rendas.

Como queira que este foi o primeiro ano da renda social a fiscalización fíxose en dous momentos, na proposta provisional e na resolución de concesión para evitar que o servizo propuxese unha renda a un beneficiario en trámite de audiencia e logo na Intervención se considerase que a contía debía ser menor. Despois de un ano de rodaxe, cara o exercicio 2018 só se fiscalizará a resolución de concesión.

Rendición de información a BDNS

Con fin de dar cumprimento ao mandato legal de remisión de información a BDNS e trala regulación exhaustiva das obrigacións de rendición de información a fornecer á BDNS coa regulación de imposición de sancións en caso de incumprimento que se produciu coa modificación da Lei Xeral de Subvencións operada pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, no exericicio 2017 continuouse coa subministración de forma manual da información requirida con medios propios do Departamento. A subministración de información efectuase de xeito exhaustivo, incluíndo na información remitida todos as axudas e subvencións concedidas polo Concello da Coruña e cos requisitos de forma e prazo que esixe o artigo 20 da LXS.

No exercicio 2017 incrementouse significativamente a cantidade de información remitida, esencialmente polo incremento das axudas de emerxencia social e pola incorporación a BDNS da información relativa aos bono taxis, as becas comedor, as achegas aos partidos políticos ... que no exercicio 2016 non se remitiran e que segundo indicacións do órgano xestor da BDNS deben remitirse.

Como queira que esta labor consume un elevado volume de tempo e recursos materiais e co fin de que as outras funcións que asume o Departamento poidan ser desenvoltas con garantías sería convinte contar con un módulo de xestión de subvencións integrado en SicalWin que permita refundir toda a información electronicamente, tanto a efectos de control como de concreción dos contidos e alcance da información para fornecer á BDNS, xa que ata data a carga dos datos estase a facer manualmente no portal da BDNS por funcionarios do Departamento de Control Financeiro e Fiscalización.

Para efectuar a subministración dos arquivos que esixe a Lei a BDNS foi preciso elaborar un portal de axudas e subvención aloxado na web municipal, onde figuran colgadas todas as bases reguladoras e as convocatorias e convenios nominativos aprobados dende o 1 de xaneiro de 2016. O mantemento da información deste portal realizase dende o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización.

Remisión de información a outras administracións

Finalmente, cabe destacar que no exercicio 2017 o Departamento de Control Financeiro e Fiscalización subministrou a información solicitada por outras administracións en

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

relación coa subvencións concedidas polo Concello. No exercicio 2017 subministrouse información a instancia da Deputación da Coruña. Para iso acudiuse tanto aos arquivos existentes na Intervención como á información obtida do sistema contable.

Mantemento de bases de datos propias

O Departamento de Control Financeiro e Fiscalización, continua coa elaboración e mantemento das bases de datos propias en relación coas subvencións concedidas e abonadas polo Concello (base de xustificacións, base de devolucións de garantía, base de duplicidades de gasto ...) e da renda social (base de datos de seguimento das concesións da renda social). Estas bases son imprescindibles para garantir un adecuado control tanto das xustificacións das subvencións concedidas coma dos expedientes da renda social

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	650.616,36	810.746,49	761.996,67
Gastos Correntes	Imputación Directa	166.868,93	225.593,19	0,00
	Imputación Indirecta	107.057,07	112.324,34	102.262,46
	TOTAL GASTOS	924.542,36	1.148.664,02	864.259,13

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Canon de concesions administrativas	P	Núm. de expedientes tramitados	62
Devolucións	P	Núm. de expedientes tramitados	1.873
Outros informes de fiscalización	P	Núm. de expedientes tramitados	69
TOTAL CONTROL E FISCALIZACION DE INGRESOS EN XERAL	P	Núm. de expedientes tramitados	2.004
Retencións de crédito (RC)	P	Núm. de expedientes tramitados	256
Autorizacións de gastos	P	Núm. de expedientes tramitados	492
Compromisos de gastos (D, AD)	P	Núm. de expedientes tramitados	1.543
Recoñecemento de obrigacións (O, ADO)	P	Núm. de expedientes tramitados	12.284
Ordenacións de pagos de Orzamento corrente	P	Núm. de expedientes tramitados	13.699
Ordenacións de pagos de Orzamentos pechados	P	Núm. de expedientes tramitados	173
Relacións de transferencias	P	Núm. de expedientes tramitados	12.474
Operacións negativas (RC/, A/, D/, AD/, O/, ADO/)	P	Núm. de expedientes tramitados	344

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Operacións non orzamentarias (PMP)	P	Núm. de expedientes tramitados	840
Modificación de crédito (MC)	P	Núm. de expedientes tramitados	228
Outros informes de fiscalización	P	Núm. de expedientes tramitados	3.105
TOTAL CONTROL E FISCALIZACIÓN DE GASTOS EN XERAL	P	Núm. de expedientes tramitados	45.438
Peticións	P	Núm. de expedientes tramitados	1
Escritos e informes	P	Núm. de expedientes tramitados	1
Contas xustificativas rendidas	P	Núm. de expedientes tramitados	44
Informes emitidos, requerimientos, comunicacións, etc.	P	Núm. de expedientes tramitados	44
Control gasto acumulado	P	Núm. de expedientes tramitados	7
Núm. de expedientes	P	Núm. de expedientes tramitados	597
Núm de informes emitidos	P	Núm. de expedientes tramitados	597
Renuncias tramitadas	P	Núm. de expedientes tramitados	25
Requirimentos, petición de documentación complementaria	P	Núm. de expedientes tramitados	117
Núm. de expedientes de subvencións de concorrencia competitiva e convenios nominativos	P	Núm. de expedientes tramitados	1.336
Informes subvencións concorrencia competitiva e convenios nominativos	P	Núm. de expedientes tramitados	1.320
Devolucións de garantías	P	Núm. de expedientes tramitados	153
De outros gastos	P	Núm. de expedientes tramitados	17
Informes de outros gastos	P	Núm. de expedientes tramitados	11
Expedientes revisados e devoltos	P	Núm. de expedientes tramitados	8
Informes de devolucións	P	Núm. de expedientes tramitados	9
Expedientes concesión provisional de renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	192
Informes de concesión provisional de renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	266
Expedientes de concesión definitiva de renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	185
Informes de concesión definitiva de renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	23

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

Actividade	Clas.	Cuantificador	Resultado %
Expedientes revisados de renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	30
Informes de revisións	P	Núm. de expedientes tramitados	7
Expedientes extinguidos provisional e definitiva	P	Núm. de expedientes tramitados	45
Informes de extincións	P	Núm. de expedientes tramitados	23
Prorrogas da renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	41
Informes de prorrogas da renda social	P	Núm. de expedientes tramitados	44
Terceiros gravados	P	Núm. de expedientes tramitados	1.869
Convocatorias gravadas	P	Núm. de expedientes tramitados	203
Extractos elaborados para publicación no BOP	P	Núm. de expedientes tramitados	21
Concesións gravadas	P	Núm. de expedientes tramitados	3.811
Pagos gravados	P	Núm. de expedientes tramitados	5.234
Devolucións gravadas	P	Núm. de expedientes tramitados	20
Comunicacións e requerimentos	P	Núm. de expedientes tramitados	8
Circulares (cartas a proveedores e admóns. públicas) e respostas recibidas	P	Núm. de expedientes tramitados	2
Programas de traballo	P	Núm. de expedientes tramitados	3
Expedientes revisados	P	Núm. de expedientes tramitados	41
Informes emitidos	P	Núm. de expedientes tramitados	2
Escritos de comunicación	P	Núm. de expedientes tramitados	4
TOTAL CONTROL FINANCEIRO	P	Núm. de expedientes tramitados	16.361
Control e fiscalización de ingresos	P	Núm. de expedientes tramitados	458
Control e fiscalización de gastos	P	Núm. de expedientes tramitados	5.284
Control e fiscalización de operacións non orzamentarias, ingresos	P	Núm. de expedientes tramitados	1.064
Control e fiscalización de operacións non orzamentarias, gastos	P	Núm. de expedientes tramitados	587
Outros informes de control e fiscalización	P	Núm. de expedientes tramitados	218
TOTAL IMCE	P	Núm. de expedientes tramitados	7.611

INDICADORES			
INDICADOR	**2015**	**2016**	**2017**
Control e fiscalización de ingresos en xeral	2.489	982	2.004
Control e fiscalización de gastos en xeral	37.930	32.950	45.438
Control financeiro	5.787	13.591	16.361

CONCLUSIÓNS

A actividade da Intervención Xeral durante 2017, dentro da normal continuidade no exercicio das funcións legalmente atribuídas, supuxo algunhas novidades á hora de fixar obxectivos, prioridades e interpretación de determinados aspectos relacionados coas tarefas encomendadas de control e fiscalización, sempre dentro do marco normativo que lle é aplicable e, por suposto, co obxectivo principal de que toda a actividade corporativa municipal de carácter económico sométase ás normas polas que debe rexerse en cada caso.

No exercicio 2017 continuouse coa tramitación electrónica de expedientes de gastos, mellorando aspectos que no exercicio 2014 (primeiro ano de implantación en todos os servizos xestores) non quedaron resoltos completamente. Con independencia dos lóxicos problemas que puideron xurdir nesta forma de xestión de expedientes, é de destacar a axilidade que introduciu na xestión administrativa e en definitiva, nas tarefas de fiscalización que ten encomendadas esta Dependencia. A súa implantación supuxo así mesmo a resolución de moitas das cuestións xurdidas con motivo do manexo do programa "Firmadoc", introducindo no mesmo as melloras ou solucións que o seu manexo foi poñendo de relevo, recibindo formación e apoio en problemas específicos e determinados e expoñendo cuestións que non foran tomadas en consideración na súa definición e no exercicio anterior.

Débese destacar que no ano 2017 comezouse a tramitación de expedientes a través da nova plataforma de xestión Opencertiac con implicacións no traballo desenvolvido por esta Intervención, para o que se recibiron as sesións de formación oportunas

Hay que salientar a posta en marcha no mes de Xullo de 2016 dun novo programa de xestión tributaria denominado "Estima.Tao 2.0". Este novo programa de xestión tributaria non dispuxo dun módulo de fiscalización, polo que a Intervención Xeral Municipal non estaba integrada no circuito de tramitación electrónica. Esta integración produciuse no ano 2017 e é fundamental para un correcto desenvolvimiento dos procedementos electrónicos implantados.

Con todo é necesario facer constar que a instancia do Departamento de Contabilidade tramitáronse algúns expedientes de devolución de ingresos indebidos polo programa de contabilidade (Sicalwin). Esta Intervención está integrada no circuito de xestión dos devanditos expedientes, polo que a tramitación electrónica destes fíxose a través do mesmo.

A descentralización contable, como en anos anteriores, deu lugar a numerosas consultas formuladas polos responsables xestores, colaborando mutuamente na resolución de cuestións ou problemas expostos.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A Intervención Xeral respondeu á obrigación legal de despachar en prazo a práctica totalidade dos expedientes remitidos, expedientes que non sempre o foron coa antelación suficiente, antes da adopción das resolucións, decretos e acordos respectivos, o cal en definitiva puido repercutir no adecuado exercicio das funcións de control e fiscalización que ten encomendadas.

Realizando un importante esforzo, tamén se informou a gran cantidade de expedientes remitidos polas diferentes Áreas durante o mes de Decembro, dando resposta a todos eles, aínda tendo en conta os traslados de persoal que se produciron nos meses finais do ano e cuxas vacantes non foron cubertas a pesar das reiteradas solicitudes que para ese efecto se fixeron desde este Departamento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Oficina Orzamentaria

Responsable: Blanco de Azpiazu, Belén
Dirección: C/Franja 20 Ático
Teléfono: 981 184200 Ext. 11064

MISIÓN

O Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos ten como misión principal a formación do orzamento Xeral da Corporación nos prazos establecidos legal e regulamentariamente, así como a tramitación de todas as súas modificacións; proporcionar o apoio técnico necesario para a confección polas diversas Áreas e Servizos Municipais dos anteproxectos de orzamento e as súas correspondentes modificacións; o apoio na planificación dos investimentos; a análise da xestión orzamentaria, e todos aqueles labores de asistencia que se precisen.

FUNCIÓNS

O artigo 138 do Regulamento Orgánico Municipal establece que á Oficina Orzamentaria correspóndenlle as funcións atribuídas á Administración municipal en materia de orzamentación e, en particular, as seguintes:

1. Elaboración dos anteproxectos e proxecto do Orzamento Xeral do Concello.
2. Tramitación do Orzamento Xeral, no que se integran o do propio Concello, IMCE e a previsión de ingresos e gastos de EMALCSA e EMVSA, previa consolidación do mesmo.
3. Elaboración das instrucións para seguir polas diversas Áreas e Servizos no proceso de confección do anteproxecto de Orzamento e das súas modificacións.
4. A tramitación, a proposta das Áreas das modificacións orzamentarias, así como o informe e propostas que procedan respecto das mesmas.
5. Os informes sobre a natureza, obxecto e finalidade dos créditos e proxectos de gasto incluídos no proxecto orzamentario e o seguimento da xestión económico-orzamentaria.
6. A coordinación das Unidades de Xestión Económico-Orzamentaria das diversas Áreas e Servizos Municipais.
7. Calquera outras que se lle encomenden polo órgano competente.

De acordo coas Bases de Execución do Orzamento de 2017 -concretamente, a Base quinta- cúmprese co requisito de que, con carácter previo ao comezo do correspondente expediente administrativo, calquera actuación municipal que comporte a asunción de compromisos económicos plurianuais requirirá a autorización previa da Dirección de Economía e Facenda, tanto en materia de contratación administrativa e convenios como no ámbito das subvencións e axudas que estimen oportuno solicitar as distintas áreas de xestión. O estudo das solicitudes e a redacción da proposta de autorización recae na Oficina Orzamentaria.

A citada Base quinta tamén esixe a emisión de informe pola Oficina Orzamentaria que acredite que concorre algunha das circunstancias necesarias para a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Durante 2017, a Oficina Orzamentaria colaborou coa Intervención Xeral na remisión da información económica ao Ministerio de Facenda e na confección dos cálculos da regra de gasto e demais contemplados na lexislación vixente. Seguimento do Plan de axuste, aprobado polo Pleno municipal o 30 de marzo de 2012, confeccionado de acordo co establecido no art. 7 do Real Decreto-Lei 4/2012. O devandito Plan permitiu acudir ao mecanismo extraordinario de financiamento para pago a provedores contemplado no citado Real Decreto-Lei.

Durante o exercicio 2017, fíxose un especial seguimento á execución orzamentaria. O orzamento de 2017 entrou en vigor o 18 de maio de 2017 o que influíu na súa execución xa que ata ese momento estaba en vigor o orzamento prorrogado. En 2017 a porcentaxe de execución do orzamento foi do 78,84% e do capítulo 6 do 24,54%.

Con data 16 de decembro de 2014 a Tenente de Alcalde Responsable de Facenda e Administración Pública ditou a Instrución na que se establecen as instrucións para a xestión do canon e outras cuestións relativas ás concesións demaniales. Na devandita Instrución encoméndase ao Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos a proposta de liquidación do canon das concesións de aparcadoiros, gasolineiras e o Matadoiro Municipal, así como as actuacións relativas á xestión económica administrativa, como cumprimento, rescate ou caducidade da concesión, variacións do obxecto concesional, obrigas do concesionario, autorizacións de hipotecas da concesión, prórrogas, subrogacións ou traspasos da concesión. Así mesmo, o Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos será o encargado de manter actualizada toda a información relativa ás concesións de dominio público outorgadas polo Concello.

Por Decreto de Alcaldía de data 28 de agosto de 2015, dítase Instrución de servizo mantendo na Oficina orzamentaria as funcións encomendadas relativas ás concesións de dominio público da Instrución ditada o 16 de decembro de 2014. Dende o 17/04/17 o servizo de Orzamentos xa non é o competente na materia de concesións, se seguiu liquidando o canon e resolvendo as cuestións expostas relativas ás concesións anteriormente sinaladas ata esa data.

ÁREAS RESULTADO CLAVE

ORZAMENTO: Estudo, confección, tramitación e entrada en vigor nos prazos establecidos.
MODIFICACIÓNS: Estudo, confección, tramitación e entrada en vigor no menor prazo posible.
AVALIACIÓN E CONTROL: Seguimento periódico da execución orzamentaria encamiñado a mellorar o grao de execución.
CONCESIÓNS: Liquidación do canon correspondente ás concesións, actuacións relativas á xestión económico administrativa das mesmas e mantemento da información relativa ás concesións de dominio público outorgadas polo Concello.

OBXECTIVOS DO EXERCICIO

O obxectivo primordial da Oficina Orzamentaria (agora Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos) é que o Orzamento Xeral da Corporación estea en vigor o 1 de xaneiro.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1033946 THP7E-4VYV2-968ZM B0F5B7A11C676F6F33A986AED5E1C2684908D304) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Por elo fixáronse uns prazos para seguir polos Xestores Económico-Orzamentarios das diversas Áreas e Servizos Municipais e aprobáronse varias instrucións que inclúen modelos para normalizar os procedementos.

Outro obxectivo da Oficina Orzamentaria é lograr unha maior colaboración coas áreas xestoras para unha mellora da execución.

Respecto á execución dos investimentos, finalizou 2017 cunha execución do capítulo 6 do 24,54%, debe terse en conta que o orzamento 2017 non entrou en vigor o 1 de xaneiro polo que se atrasou a execución. En 2016 fora o 29,85%, sempre sobre créditos totais consignados. O capítulo 7 a execución en 2017 foi de 42,51%.

Desde finais do 2014 o Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos ten encomendada a liquidación do canon das concesións de aparcadoiros, gasolineiras e o Matadoiro Municipal. No exercicio 2017 liquidouse solo o canon correspondente a 33 concesións das 40 suxeitas a liquidación de canon (das 56 encomendadas na Instrución). Dos 17 aparcadoiros de residentes, liquidouse o canon de 15, dos 20 aparcadoiros mixtos, liquidáronse 16, e das 3 gasolineiras liquidáronse 2. Dende o 17/04/17 o servizo de Orzamentos xa non é o competente na materia de concesións.

CUSTOS

		2015	2016	2017
Gastos de Persoal	Imputación Directa	241.289,90	246.704,98	187.838,47
Gastos Correntes	Imputación Directa	0,00	0,00	0,00
	Imputación Indirecta	30.587,74	28.081,08	19.174,21
	TOTAL GASTOS	271.877,64	274.786,06	207.012,68

RESULTADOS DA ACTIVIDADE

